

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e sete de outubro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventor don José Mosquera Casero. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado do Grupo Popular, don José Antonio Feijóo Alonso, entrou no salón de sesións cando se trataba o punto segundo da orde do día e estivo ausente na votación do punto sétimo.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sétimo da orde do día e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2017.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de setembro de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Non se formulan observacións e a acta do 29 de setembro de 2017 é aprobada por unanimidade.

2º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAIS DURANTE O EXERCICIO 2018.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Bo día a todas e a todos. Ao respecto desta cuestión dicir que, á marxe de que nos parece que a contía é escasa e que se foi reducindo ano tras ano pasando dos 12.000€ iniciais ata os actuais 4.500, non compartimos o contido da base 5ª que di *que no suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a presidencia concederá subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.* É dicir, prima a data de presentación fronte a outros criterios como a situación potencial de perigo da vía por efecto da maleza e mesmo as consecuencias que esta poida ter na propagación de lumes forestais. Nós, neste punto, imos optar pola abstención. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días a todos. Nós tamén ímonos abster. O único aproveitar para facer unha reflexión ao mellor relacionada co que se falará máis adiante sobre a nova planta dos concellos, da fusión, do tema que se vai falar; ao mellor isto da limpeza das marxes das redes viarias no futuro tería que ser unha competencia exclusiva da Deputación, en vez de traballarse deste xeito, colaborando cos concellos. Sinxelamente, ao mellor, a Deputación tería que redeseñar e asumir, como Entidade, como Administración, esta limpeza das marxes e facelo pola súa conta de maneira sistemática comprando a maquinaria que fixera falta e non ter que andar facendo programas, facendo convenios, facendo subvencións, colaborando cos concellos...sinxelamente que a Deputación o fixera como algo rutineiro e para toda a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

provincia sen maior problema. Xa digo, é unha reflexión para o futuro. Neste punto en concreto ímonos abster. Grazas.

D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista: bos días a todos e a todas. Dende o Grupo Socialista imos a votar a favor, recordando outra vez que pasamos de 12.000 a 7.500 e a 4.500. Todo o que se invista en prevención deixaremos de gastalo en extinción; entón quero dicir que todo o que fagamos no inverno, non teremos que apagar no verán. A partida é de 350.000€ polo que estiven vendo, espero que chegue para todos os concellos, polo menos 4.500. Eu pediríalle ao Grupo de Goberno que xa que a Xunta de Galicia, Medio Rural se volveu tolo estes días e vai gastar cuartos *sen ton nin son*, porque van sacar un Decreto e *jala, veña gastar cuartos!*, díganlle que reserven outros 300.000 para esta provincia e en vez de ter 4.500. podemos ter 9.000€ para o ano que vén. Nada máis, moitas grazas

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Moi bos días señoras deputadas, señores deputados e a todos aqueles que nos seguen vía web e aos que nos acompañan no salón de Plenos. Primeiro dicir que achegamos hoxe un programa de cooperación, dos moitos que temos nesta Deputación. Voulles a responder, vamos a ver, señor Armando, con todo o respecto, non ten nin idea do que está a dicir. A Deputación xa ten máquinas *desbrozadoras* que xa están limpando ás marxes das estradas da propia Deputación. Claro, si, si, el di que hai que facer unha reflexión de futuro para facelo. Iso xa é unha reflexión feita no pasado. Xa o facemos. Isto o que fai é facilitarlle aos concellos ter unha cantidade de diñeiro que ademais poidan *desbrozar* as súas propias vías con esa cantidade de diñeiro e, aínda por riba, a nós facilítannos que poden *desbrozar* uns cantos quilómetros que posiblemente sexan continuos nalgúns casos – hai concellos nos que non porque non pode ser- a súa vía. Así de simple, xa se está facendo o que vostede di. Ás veces era mellor preguntar o que se fai antes de dicir estas cousas. Señor Bautista, efectivamente, a cantidade é a que é, é igual para todos. Si que podo dicir e engadir que temos adquirido xa máis *desbrozadoras*; polo tanto xa podemos asumir máis quilómetros das vías provinciais e tamén dicir que adquirimos este ano, no 17, unha *desbrozadora* que o que fai é demoler, tronzar as árbores que están pegadas ás vías provinciais e que tamén se pode facer, pedir aos concellos. Tamén quería dicir nisto, aproveitando que falamos de maquinaria, que esta Deputación tamén cede aos concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

maquinaria, incluso *desbrozadoras*, motoniveladora, mixtas, cargadoras para numerosos traballos demandados dende os mesmos, tendo estes que achegar soamente o gasoil. Cómpre dicilo de vez en cando porque ás veces parece que solo se valora aquilo que vai en euros e a cesión de maquinaria é moi útil e necesaria para os concellos e moitos dos compañeiros que están aí sentados na bancada de enfronte e aquí, na miña bancada, saben do útil e necesario e do ben que nos fai esa cesión. Sen máis, pois moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: igual non me expresei ben. Eu o que formulaba era unha redefinición de competencias. Xa sei que a Deputación ten máquinas. Eu referíame a que a Deputación comprase máis máquinas, referíame a que algo como é o *desbroce* dos camiños, que é común a todos os concellos, é unha necesidade básica, universal e común a todos os concellos; non ten moito senso que cada concello xestione esa competencia por separado. Posiblemente tería máis senso -e xa dixen antes que falaba do futuro, falaba dun obxectivo de futuro- que esa competencia sexa asumida pola Deputación, por si mesma, sen que teña que andar cada ano asinando convenios, nin establecendo cooperación cos concellos; sinxelamente que ao mellor, no futuro, unha das competencias que tería que asumir a Deputación en exclusiva, redeseñando as súas competencias, sería esta: ter os camiños da provincia limpos, comprar a maquinaria suficiente en cada momento para facelo e descargar aos concellos desa competencia; sinxelamente porque xa o faría ela. Ese era o sentido por onde ía a miña reflexión. Grazas.

D. Miguel Bautista Carballo, portavoz do Grupo Socialista: aínda que non é o tema, pero como o sacou o portavoz do Partido Popular, aquí dixo algún compañeiro que leva pedido unha máquina ano e medio e aínda non lle chegou. Non sei se foi unha máquina moi especial a que pediu, pero dime que fai ano e medio que a pediu e que non chegou. Non sei se é verdade ou é mentira. Tamén sei que na Rúa tamén a pediran e creo que tampouco chegou, pero *bueno*, esperemos que chegue.

D. Pablo Pérez Pérez, do portavoz do Grupo Popular: tamén lle podo dicir que a pediu o alcalde de Vilamartín de Valdeorras, don Enrique, e mandounos un escrito felicitándonos pola actuación que fixemos. Vai por rigoroso orde de entrada e dispoñibilidade da máquina, recordemos, dispoñibilidade da máquina. É dicir, si so temos dúas motoniveladoras e a piden sesenta concellos, pois que lle imos facer. Incluso nos estabamos *planteando*, seriamente, o de acotar as horas que se piden, porque realmente hai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

concellos que se exceden e hainos que non; pero non creo que a esta Deputación, nin aos técnicos desta casa, se lles poida achacar favoritismo no movemento das máquinas ou non. Evidentemente, eu creo que vostedes tamén o teñen que saber, que si algún concello - sexa da cor que sexa- ven e formula que hai algo de urxencia e o formula ben formulado eu entendo que vostedes tamén teñen que entender que igual se lle pode facilitar. Pero repito, vai sempre por dispoñibilidade da máquina e incluso, por eficiencia do servizo, temos que entender que se hai unha motoniveladora en Beariz e a quen lle toca no seguinte momento é á Gudiña e despois vai dous, tres que lle toca é o de Avión, pois terá que ir a Avión antes para non andar coa motoniveladora para adiante e para atrás. Eu entendo o que di vostede, pero entendo que tamén hainos que levan ese tempo esperando pero hainos que nos felicitan polo traballo feito. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2018, conforme ás bases seguintes:

Primeira.- Obxecto:

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2018.

2. Este programa desenvolverase mediante a concesión de subvencións ás ditas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos de limpeza das marxes da rede viaria local. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria municipal (prestación que se considera incluída no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

3. Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación os concellos de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:

a) Prestar o servizo de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial cunha máquina rozadora con brazo articulado, durante, polo menos, un período mínimo de tres meses no exercicio 2018. Este período mínimo deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na base sétima, apartado b). Nos supostos de períodos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

b) Adherirse ao presente Programa de cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na base quinta.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018, tramitándose con carácter anticipado o Programa ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2018, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 350.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2018, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

Cuarta.- Contía das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2018 de 4.500,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a dita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.

Coa solicitude deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ata o día 29 de decembro de 2017, inclusive. Non se admitirán a trámite en ningún caso nin se concederán subvencións para solicitudes presentadas con posterioridade á dita data.

A adhesión dos concellos ou mancomunidades autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. A resolución de autorización de adhesión deberá ditarse antes do 1 de marzo de 2018. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 31 de marzo de 2018 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Sexta.- Publicidade das adhesións:

Unha vez concluído o proceso de adhesións, procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia do listado de subvencións outorgadas ao abeiro do presente programa, con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

bases do Programa. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base segunda, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.

b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.

- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, mediante comunicación que se presentará no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A.- Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Que o servizo de limpeza viaria se prestou efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2018 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.

b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado ou empregados públicos designados para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.

c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.

d) Relación dos custos directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.

e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

B.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

2. A documentación xustificativa deberá presentarse ante esta Deputación ata o 31 de outubro de 2018, unha vez rematadas as actuacións obxecto de subvención. Non obstante, previa a solicitude da entidade local interesada por causa xustificada, o dito prazo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

poderá prorrogarse ata o 30 de novembro de 2018. En ningún caso procederá a ampliación do prazo xa vencido, polo que as solicitudes de ampliación, para poder ser estimadas, deberán presentarse ante do día 1 de novembro de 2018.

No suposto en que non se presente a documentación xustificativa en prazo, non se formulará ningún tipo de requirimento ao respecto, e procederase directamente á declaración da perda do dereito ou reintegro da subvención, trala audiencia previa da entidade interesada.

3. Presentada a documentación xustificativa, emitírase informe polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, en relación coa corrección da documentación presentada, e polo Servizo de Vías e Obras, no que se determinará se a realización da limpeza das vías provinciais se desenvolveu nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.

En caso de que o informe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio sexa desfavorable, requiriráselle á entidade solicitante a emenda da documentación presentada, por prazo de dez días hábiles. Neste mesmo prazo, a entidade local poderá formular as alegacións que estime oportunas ao respecto, se considerase que a documentación achegada é correcta.

No caso de que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, daráselle traslado deste informe á entidade beneficiaria, que disporá igualmente dun prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións.

Os trámites anteditos refundiranse nun único trámite de audiencia e requirimento de emenda de deficiencias, no caso de que os dous informes sexan desfavorables.

4. Concluída a instrución da peza de xustificación, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio (previo o informe do Servizo de Vías e Obras respecto das alegacións respecto da limpeza efectuada nas vías provinciais) formularalle proposta de resolución á Presidencia.

A día proposta será sometida a fiscalización previa pola Intervención, conforme co previsto nos artigos 214 a 218 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Presidencia resolverá, segundo proceda, nalgún dos sentidos seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

a) Declarar totalmente xustificada a subvención, ordenando o seu pagamento ao beneficiario, cando a xustificación se presente correctamente e o informe de Vías e Obras sexa favorable.

b) Declarar parcialmente xustificada a subvención, ordenando o pagamento do importe correspondente, e a simultánea declaración de perda parcial do dereito á subvención (ou do reintegro dos pagos anticipados, de ser o caso) nos supostos en que o gasto xustificable sexa inferior á subvención concedida ou cando conste a existencia doutras axudas ou subvencións, públicas ou privadas que, sumadas á subvención provincial, excedan en conxunto do gasto xustificable.

c) Declarar a perda total da subvención (e a obriga de reintegro dos pagos anticipados, de ser o caso) nos casos en que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, así como nos casos de ausencia de xustificación ou cando da xustificación presentada se desprenda o incumprimento das condicións establecidas no presente Programa. Excepcionalmente, nos supostos en que do informe desfavorable do Servizo de Vías e Obras se desprenda que o incumprimento da obriga de limpeza das marxes da rede viaria provincial ten un carácter leve, a Presidencia poderá declarar unicamente a perda ou reintegro parcial da subvención, reducindo esta na porcentaxe que se considere axeitada en aplicación do principio de proporcionalidade.

5. Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, trala solicitude previa da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

6. Nos supostos en que da acta á que se refire o derradeiro parágrafo da base 7ª se desprenda un incumprimento de carácter substancial e non emendable por parte do beneficiario, a Deputación, sen necesidade de agardar á presentación da xustificación, iniciará o expediente de declaración de perda total ou reintegro da subvención, no que se lle dará audiencia ao interesado.

En caso de que o incumprimento advertido teña carácter leve ou sexa emendable, a entidade local beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais para emendar as deficiencias advertidas. Transcorrido o dito prazo, o Servizo de Vías e Obras xirará nova

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

visita de inspección, da que se redactará acta con mesmo contido que na primeira visita. De persistir as deficiencias, a Deputación procederá á apertura do expediente de declaración de perda ou reintegro da subvención, que poderá ter carácter parcial en caso de incumprimentos leves. A declaración de perda parcial non eximirá á entidade local beneficiaria da obriga de presentar a xustificación prevista no apartado 1 desta base con respecto á parte de subvención subsistente.

7. A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións. Cando do informe de control financeiro se deduza a existencia de irregularidade na xustificación, a Deputación incoará o expediente de reintegro que proceda, que se tramitará conforme co previsto n Lei xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto corrente directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Declárase expresamente que esta liña de axudas será a única vía pola que esta Deputación Provincial exercerá a súa competencia no eido da cooperación cos concellos na limpeza das marxes da rede viaria local.

Décima.- Normativa aplicable:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei xeral de subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, agás naqueles casos en que as presentes bases remitan ás ditas normas, en que serán de aplicación directa.

En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2018, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2018, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros (*no caso de solicitar un importe inferior, indíquese expresamente neste apartado a cifra solicitada*).

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º) Declarar que o Concello/ a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II

DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____,
 alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con
 CIF _____, **DECLARA**

- Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.
- Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º) Someter o programa inicialmente aprobado a información pública por prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, o Programa considerarase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2018.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi breve, todas as achegas son benvidas por cativas que sexan, pero nós, como xa teño dito en reiteradas ocasións, non estamos a favor do carácter lineal deste tipo de programas e en coherencia co que defendemos, con este argumento que xa reiteramos habitualmente e sobre todo pensando que apostamos por un modelo de reparto absolutamente diferente, pois neste punto, o mesmo que no punto anterior, tamén vamos a optar pola abstención. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Nada, resaltar que neste caso o Programa de Cooperación de Mocidade ten como novidade a de engadir como beneficiario á entidade local menor de Berán que os outros anos non estaba incluída, xa que nesta institución cooperamos con todas as entidades da provincia sen importarnos a cor da que procedan. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2018, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2018.

A finalidade deste Programa é contribuír ao financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán a prol da mocidade ao longo do exercicio 2018.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2018.
2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2018.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello será de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas. A subvención concedida á entidade local menor de Berán será de 3.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Non obstante, poderán concederse contías inferiores a pedimento expreso das entidades locais beneficiarias.

En todo caso, será de aplicación o previsto na base 7ª en canto aos supostos de redución da contía das subvencións.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018, por importe global máximo de 549.000,00 €, na aplicación 46211/24111

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

5ª) Solicitudes de adhesión ao Programa: prazos, lugar de presentación e documentación para presentar:

As solicitudes, subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.

As resolucións de autorización de adhesión realizaranse no prazo máximo de cinco días hábiles dende a recepción da documentación completa para cada solicitante, a medida que estas se vaian recibindo. Poderán realizarse nunha resolución individualizada para cada entidade ou para varias delas, en función dos prazos nos que se teñan presentado e completado as correspondentes solicitudes.

As resolucións de autorización de adhesión serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7ª) Contía das subvencións:

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 3.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.

A redución da contía das subvencións declárase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polas entidades beneficiarias.

8ª) Xustificación da subvención:

1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de novembro de 2018. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes do 30 de novembro, e poderá concederse, como máximo, ata o 15 de decembro de 2018.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:

- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.

- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2018.

- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 6.000,00 € e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior 3.000,00 €. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

9ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas nestas bases e na Lei xeral de subvencións no que se refire á xustificación. En particular, quedan suxeitas ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo - no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

10ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

Será de aplicación, en todo caso, o disposto na lexislación de procedemento administrativo común.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os que as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, o Programa entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación.

4º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á FUSIÓN DE CONCELLOS NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoñan o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días de novo. Vamos falar dun tema que poderíamos dicir *peñagudo*, un tema complicado, un tema no que hai moitas opinións, moitos interese enfrontados; pero como di o refrán, nalgún momento haberá que tomar ao touro polos cornos. Parece ser que, ao mellor non en demasiados anos, este tema haberá que tratalo en serio e se a Deputación, como propoñemos na nosa moción, vai adiantando camiño, vai adiantando estudos, moito mellor. A moción titúlase fusión de concellos por simplicidade; pero en realidade non se refire a fusión, refírese ao estudo dunha nova planta que se pode facer dos concellos, no caso en concreto da provincia de Ourense, aínda que sabemos que o problema é moito máis xeral e abrangue a todo o país.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Xa sabemos de que vai o asunto, na moción faise un breve repaso histórico da división territorial de España que se fixo a mediados do século XIX por Javier de Burgos en provincias, en concellos e a creación das Deputacións, historia que coñecen de sobra todos vostedes. Xa vai para 200 anos, desa división territorial, e entón parece lóxico que ao mellor haxa que revisalo; sobre todo tendo en conta que naquel momento esa división territorial fíxose con *arreglo* a uns criterios lóxicos segundo a época e dende entón pasaron moitas cousas. Houbo movementos migratorios, houbo cambios demográficos importantes, houbo cambios na maneira en que a xeración de riquezas se asocia ao territorio, etc, etc, etc... e vai sendo, ao mellor, o momento de reestruturalo. Sabemos cal é razón pola que hai poucos anos, desde tempos relativamente recentes, se empezou a tratar o tema. Mentres había cartos pata todos non había problema, cando veu a crise económica do 2008 e empezaron a escasear os cartos, entón é cando se empezaron a ver os problemas e cando, por exemplo, dende o Estado español a famosa Lei de racionalización, ou sustentabilidade, ou como se chame, empezou a apertarlle as *tuercas* aos concellos. Moita xente di que ao mellor que as medidas que se tivesen que tomar tiñan que ser outras; ao mellor tiñan que apertarlle as *tuercas* a outras administracións, pero a cuestión é que –segundo a opinión compartida- o pato pagárono os concellos. O señor Montoro, para quedar ben ante Europa, empezou a facer a súa famosa Lei e os concellos víronse na situación que todos coñecemos. Iso trouxo como consecuencia unha merma dos servizos públicos que perciben os concellos, sobre todo os concellos do rural como todos vostedes coñecen. Entón, aí fórmulanse varias cuestións, xa saben todos vostedes cales son. Primeiro o problema das competencias dos concellos, eu facía referencia hai un rato a iso que ao mellor a Deputación tería que asumir unhas competencias, no caso concreto da limpeza dos camiños; pero ao mellor son máis. Xa sabedes que o concello é o que por defecto asume todas as competencias. Cando ninguén se fai cargo, o concello ten que ser o que se fai cargo das cousas; correspóndalle ou non lle corresponda segundo o papel. Nunha moción, na que vai falar despois o PSOE, fala que ao final o alcalde ou os concellos ás veces téñense que facer cargo de cousas, sabemos que moitas veces incluso a nivel persoal. Sabemos incluso que ás veces os alcaldes dada esa proximidade que teñen cos cidadáns, ás veces ata teñen que botar man dalgunha cuestión persoal para axudar e ás veces téñense que arriscar como se arriscou, pois vénseme á cabeza por exemplo, o alcalde de Vilariño de Conso que fixo algo ilegal pero segundo el era por botar unha man e tal e tal. A cuestión é esa, que os concellos ao final teñen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

eses problemas. Primeiro, porque non están ben definidas as súas competencias en relación coas outras administracións. Segundo, porque o financiamento é o que é e as restricións que ten esa Lei Montoro, son as que son e o tema, que ocupa a moción, concretamente é o da planta. Como hai moitas opinións enfrontadas no tema, quizais o noso partido é o que máis obxectivo pode ser. O noso partido non ten representación máis que no Concello de Ourense e nun par de concellos limítrofes e non ten representación en ningún dos concellos da provincia; entón ao mellor iso danos unha obxectividade porque non temos intereses creados no asunto. Nós non temos alcaldes, nós non temos conselleiros que segundo é sabido, en base aos múltiples intereses creados, as maiores obxeccións que se poñen ao *redimensionamiento* da planta local, veñen de aí. Os alcaldes queren seguir sendo alcaldes, os partidos políticos, sobre todos os partidos políticos grandes, queren seguir tendo suficientes postos de potenciais concelleiros para colocar aos seu acólitos. Xa sabemos que se se fusionan concellos habería menos alcaldes e menos concelleiros, menos postos a repartir, etc.. Por iso digo que nós, ao mellor, temos unha visión máis obxectiva porque non temos intereses creados. Quero adiantar xa que non é que esteamos a favor da fusión dos concellos por defecto. Nós non sabemos se a mellor solución é fusionar concellos, ou segregalos ou redefinir por completo os límites dos termos municipais. Saben vostedes que hai estudos de profesionais do asunto que din que se debería cambiar por completo a planta, establecendo as cabeceiras de municipalidade nas actuais cabeceiras de comarca que xa funcionan como centros atractivos a outros efectos, aos efectos dos PAC, aos efectos colexios e dos institutos, etc.. Pois xa digo, hai estudos que din que debería ser es a cuestión, cambiar os concellos ás cabeceiras de comarca e logo definir os límites en función dunhas isócronas de 15 minutos ou 20 minutos. Nós non é que esteamos a favor diso, esa é unha cousa a ter en conta. Tamén hai estudos que din que é mellor a cooperación entre concellos, ou a cooperación con outras Administracións, como é o caso dos puntos anteriores en que a Deputación establece programas de cooperación ou coa Xunta. Iso é unha cousa a ter en conta, a cooperación entre concellos que xa se está facendo entre eles mesmos, coa Deputación, coas autonomías, cos consorcios, etc.. Iso pode dar unhas claves e aproveitar esa experiencia que vai tendo a Deputación, xa dende fai anos, xa dende que se fixeron as mancomunidades, con maior ou menor éxito algunhas delas. Entón, lóxicamente, a fusión de concellos, ou a segregación, ou os cambios de límites non se podería facer ao momento. Non se pode facer, como diría o señor Rosendo que sabe latín, *natura non facit*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

saltum (a natureza non dá saltos). Un paso intermedio, cara esa posible redefinición da planta municipal, poderían ser precisamente estes programas de cooperación. Hai algún estudo por aí que lin que di que eses programas de cooperación, de convenios, de consorcios, etc... poden ser moi útiles porque, como son reversibles, pódese utilizar esa información para ver ata que punto podería ter un éxito ou deixar de ter un éxito unha fusión de concellos. Se non ten éxito, o convenio ou a colaboración, ao cabo dun tempo estipulado, vólvese para atrás e próbase doutra maneira. Porque, loxicamente, se se fai unha redefinición da planta municipal terá que ser, como mínimo, para outros 200 anos, non se pode andar bailando. Entón nós estamos moi a favor dos convenios, das colaboracións, das cooperación entre concellos (entre eles, entre as outras administracións), pero sobre todo pensando nun futuro a máis longo prazo que esa información hai que ila asumindo pensando en que medida iso se pode utilizar para, no futuro, redefinir a planta. Por iso dicimos que a Deputación debería tomar unha iniciativa de facer os estudos aos que nos referimos que, xa digo, non nos posicionamos por defecto nin a favor nin en contra, nin da fusión, nin da segregación, nin da adhesión, nin das outras fórmulas. O que dicimos na nosa proposta é que a Deputación impulse estudos para determinar que variacións na organización territorial municipal da nosa provincia -entre elas alteracións dos límites municipais, fusión ou segregación de municipios, etc.- poderían supoñer melloras á hora de optimizar recursos públicos, enriquecer o ben común, sempre nos termos establecidos pola Lei. Estudos que detallarían, na maneira máis concreta posible, ditas melloras nos servizos prestados polos propios concellos (e dende logo, os posibles inconvenientes que tamén os hai). No fondo da cuestión está que as Administracións están para servir aos cidadáns e no fondo da cuestión está que hai un mandato constitucional que di que todos os cidadáns teñen dereitos aos mesmos servizos e teñen as mesmas necesidades con independencia de onde vivan no rural ou nos *entornos* urbanos. Fai anos un científico dicía unha frase que me gustou moito: *o destino da xente hoxe en día está máis determinado polo código postal que polo código xenético*. Así como noutros tempos o código xenético, ou sexa, a raza a que un pertencía determinaba en grande medida o seu destino (xa sabemos que algo diso hai); pero este señor dicía que o entorno concreto en que se vivía, o código postal, non o código xenético, determinaba un pouco o seu destino. Iso é o que está pasando cos concellos do rural, a xente que vive nos concellos do rural, non ten os servizos que debería ter porque nos concellos pasa o que todos sabemos o que está pasando. O Partido Popular posiciónase, polo que dixo o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

portavoz na Comisión, en contra *per se*, posiciónase en contra da fusión de municipios por que si; como unha especie de dogma, unha especie de axioma. Ou sexa que si mañá, polas causas que sexa, algún concello queda baleiro de xente, pois ese concello ten que seguir existindo igual segundo eles. Nós xa dicimos, o que tratamos de impulsar coa moción é un estudo. Un estudo utilizando toda a información que ten a Deputación acumulada durante anos, e tamén co tema dos convenios, para tratar de aportar o que nun futuro vai ser necesario. Porque, ademais, a xente do rural cada vez máis é máis esixente cos seus dereitos. Non é o mesmo a xente do rural que vivía hai vinte ou trinta anos, pertencentes a unha xeración como a dos nosos pais e a dos nosos avós, que tiñan esa submisión de *bueno, a ver se nos dan algo, se nolo dan ben e senón no lo dan...*, non, a nova xeración vai a esixir doutra maneira. Entón non lle vai quedar máis remedio á Administración que tomar medidas e se nós, a Deputación, ten xa estudos feitos, pois tanto mellor. De momento nada máis. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Aínda que na moción se fala de estudos ao respecto da cuestión, nós vamos a entrar no fondo e vamos a facer un pequeno repaso do que ten acontecido recentemente, tanto a nivel nacional como a nivel estatal ao respecto deste tema de fusión de concellos, etc.. Tamén nos servirá despois para definir o noso voto. Seguindo as directrices do goberno do Estado, como digo, o Partido Popular, con Feijóo á cabeza, comezou un unha campaña de presión sobre os alcaldes do seu partido para iniciar procesos de fusión de concellos. Este mecanismo na actualidade non resolve nada e vai provocar problemas no futuro. É o que nos pasa sempre cando no noso país importamos solucións alleas, que os demais non aplican para si. No estado español hai 8.122 municipios e na Galiza, despois das dúas únicas fusiões de concellos efectuadas no Estado, hai 313; de media os concellos galegos teñen vez e media máis extensión e máis poboación que os do estado no seu conxunto. En Galiza hai un 8% de concellos (25) que teñen menos de 1.000 habitantes, porcentaxe que sube ao 60% (é dicir 4.862) no conxunto de Estado, na Galiza non hai ningún concello de menos de 100 habitantes, no estado hai 1.220, e 9 teñen 10 veciños ou menos. Pois ben, mentres a situación de exceso de concellos e da existencia de concellos moi pouco poboados é moitísimo máis aguda fóra do noso país, invertendo a realidade, como digo, o presidente da Xunta erixiuse en campión das fusiões. Moi ao contrario, no período no que na Galiza se fusionaban Oza e Cesuras e Cerdedo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

e Cotobade, no resto do estado constituíronse 7 novos concellos, o maior de 2.519 habitantes e o menor de 500. Todo isto malia a entrada en vigor da Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local, que incentiva as fusións e prohibe a segregación de pobos de menos de 5.000 habitantes. As fusións de concellos feitas na Galiza amosan a falta de funcionalidade e rigor co que se está a desenvolver este proceso por parte do PP. A de Oza e Cesuras deixou claro que non se produciu ningunha mellora na prestación dos servizos á poboación, nin supuxo o tan cacarexado aforro de fondos públicos, e ademais continúan a perder poboación. No caso de Cotobade e Cerdedo é totalmente desafortunado, e só responde a intereses do propio Partido Popular. Estes dous concellos non compartían ningún servizo antes da fusión, pertencían a partidos xudiciais distintos, mesmo a comarcas distintas, segundo o mapa comarcal aprobado pola Xunta no ano 1997, o mapa do plan de transporte metropolitano de Pontevedra da Xunta, anunciado en xullo de 2016, inclúe a Cotobade e non a Cerdedo (como xa recolleron no seu momento as Directrices de ordenación do territorio, aprobadas definitivamente en febreiro de 2011, no sistema de transporte metropolitano de Galiza). Isto pon en evidencia que a fusión destes dous concellos foi arbitraria, tomada por decisións alleas ao interese da poboación destes, e non para mellorar e incrementar a calidade dos servizos. Os ingresos a maiores que vai recibir durante uns anos o novo concello non garanten a prestación de servizos, e son unha demostración da falta de financiamento adecuado, ademais de saír do fondo de financiamento municipal do Estado e da Xunta. É necesario, e urxente, facer unha delimitación clara e ben definida das competencias que ten a administración local, os concellos e as deputacións, superando a situación actual de absoluto confucionismo e competencias supostamente compartidas. É moi difícil enumerar todas as situacións realmente existentes, xa que afecta a practicamente todos os eidos de actuación: ensino, servizos sociais, sanidade, urbanismo, dotación de servizos, etc... Hai situacións tremendas, e imposibles de xestionar, como as EDAR, competencia da Xunta, pero na que se esixe aos concellos como mínimo os terreos. O Concello modifica o planeamento que ten que aprobar a Xunta, expropia que ten que autorizar a Xunta, etc, e despois a Xunta fai o proxecto e executa. No caso do ensino, a situación é igual de inoperativa. O ensino é competencia exclusiva da Xunta, mais seguen a ser os concellos os que se teñen que encargar do mantemento e da limpeza dos colexios, ademais de ter que poñer os terreos se se quere que se faga un centro novo. No caso das escolas infantís aínda é máis grave xa que os concellos teñen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

que asumir unha parte moi importante dos custes totais, un terzo do total. Na prestación de servizos de benestar e dependencia a situación é similar, os concellos asumen custes de prestacións que ten que facer a Xunta, para as que non reciben financiamento, provocando un importante deterioro, a imposibilidade, ou arbitrariedade no acceso aos mesmos polo conxunto da poboación. Un exemplo desta situación é a Lei de acompañamento dos orzamentos que lle impón aos concellos o sostemento dun terzo dos costes dos centros de día (pensemos na capacidade da meirande parte dos concellos do país, coa poboación altamente avellentada, para facer fronte a estes gastos). A situación non depende do tamaño dos concellos, senón do financiamento e das competencias que teñen que exercer. Debendo ser a simplificación administrativa un criterio claro, en canto as competencias a exercer por cada quen, para garantir de xeito universal dereitos individuais e prestacións básicas estas deben ser homoxéneas en toda Galiza e, polo tanto, ser competencia da Xunta, xestionadas directamente pola Xunta. Neste apartado están, obviamente, servizos sanitarios, educativos e socio-asistenciais. De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas presidente. Bos días a todos e a todas. En primeiro lugar dicir que, sobre esta moción, opinamos que os concellos representan o nivel xurisdiccional da administración e goberno máis próximo ao cidadán. As súas competencias responden ao modelo teórico do federalismo fiscal e desempeñan un papel fundamental do bo funcionamento dalgúns servizos básicos, como poden ser a seguridade dos cidadáns, o transporte, a recollida e tratamento de residuos ou a actividade deportiva. Ademais, se os municipios aumentan o seu tamaño de poboación, aumentan tamén exponencialmente a lista de servizos que van a prestar. Ourense é unha provincia de pequenos concellos, organizada en 916 parroquias. Un segundo dato para a reflexión é o que nos di que dende 1900 que había en Galicia 323 concellos; no 2016, malia aos movementos demográficos que se levan producido dende a periferia cara ao centro e especialmente cara as grandes cidades, co consecuente despoboamento do rural, a cifra permanece en 313 concellos. Nos 116 anos só puidemos reducir en dez a cantidade de municipios. Pero, non nos enganemos cos datos e con formulacións empíricas tampouco, a raíz do problema está no despoboamento e no avellentamento do rural. Si os que quedan son poucos, aportan pouco e solo reciben pensións e prestacións, está claro que os gastos dos concellos superan con creces aos ingresos de moitos deles. Hai que tratar polo tanto o modelo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

de financiamento local do que se queixan numerosos alcaldes; os mesmos que non son quen de asumir servizos que prestan: os que lles obriga a Lei e outros que lle son impropios pero que asumen tamén. ¿Verdade alcaldes?. Non pode ser que se siga mantendo a dependencia dos concellos dun sistema podre de subvencións que os tratan como se foran verdadeiras agrupacións veciñais. Para mostra, un botón, esta casa negándose a facer un reparto con criterios obxectivos e xustos dos fondos dedicados aos concellos (recordo aquí o plenario do mes pasado). Señor Baltar, vostede quere ser a *avanzadilla* da modernidade, mais os retratos de cada día afástano ata séculos pasados, cando posa co alcalde de *turno* que vén a esta casa a pedir esmola para facer obras urxentes e prioritarias para os seus veciños. Segue vostede sendo unha pantasma do antigo réxime, predicando ourensanía pero sen ápice de demostrar ningún afecto por ela. O gran traballo que temos por diante é falar das necesidades da planta municipal de Galicia porque non nos podemos quedar co feito sinxelo dunha fusión puntual, ou de dúas; os problemas da maioría dos concellos non se resolverían con ese proceso que só é válido para casos concretos e puntuais. A realidade territorial galega está composta por núcleos moi pequenos que quedarían desatendidos se os afastamos, aínda máis, dos centros de decisión. É necesario ir máis aló no debate da organización territorial de Galicia porque, ata o de agora, só houbo unha casuística puntual e descoñécese se estender ese modelo tería unha repercusión positiva real, tanto económica como socialmente. Polo tanto, máis que falar de fusionés é necesario falar de prestación de servizos de xeito conxunto entre concellos que formen parte de comarcas naturais, en Ourense temos moitas comarcas. O presidente da FEGAMP expresou que a problemática que lle trasladan as institucións de moitos municipios están relacionadas coas súas competencias; algunhas delas impropias, carecendo do financiamento axeitado e necesario para facerlle fronte. Dicía, hai concellos que, pola súa extensión no territorio e o elevado número de núcleos de poboación cos que contan, non serán susceptibles de fusionarse nunca e, non por iso, deben perder a oportunidade de prestar e recibir servizos dun xeito eficaz para os seus veciños e veciñas. A golpe de realidade sobre o terreo, a visión é aínda máis dura. Centos de núcleos do noso rural, cun número de veciños que se contan cos dedos de ambas mans; aldeas nas que hai tres décadas había dous centos de veciños e nos que a media de idade *ronda* os oitenta anos, para unha ducia dos que aínda resisten alí. Pobos nos que, nalgún fogar, hai acceso a internet, pero que a estrada que chega ata a súa casa case é un camiño de cabras; onde xa non xoga ningún pequeno; onde a visita

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

diaria é a do panadeiro porque agora, grazas a Deus, xa non se come pan duro. A solución non é doada, apostar polo rural dende os despachos non é a solución senón existe un financiamento axeitado para facelo. A vida dos máis novos no rural tampouco é fácil, se como comprobamos, as administracións superiores ao municipalismo non dedican recursos económicos para incentivar a permanencia desa xente moza nos nosos pobos. Polo tanto o proceso irreversible de avellentamento corre en contra. Haberá que sentar ás distintas administracións con competencia local, provincial, autonómica e estatal e exporlle alí a crúa realidade para tentar solucionar o problema. Nós, dende o Grupo Socialista, non cremos que cun estudo desta casa se poida abordar unha problemática tan fonda como a das fusións porque afecta directamente aos veciños; pero tamén a outras Administracións. Tampouco cremos que a fusión de concellos sexa a solución a un problema moito máis grave e transcendental. Poderíamos estar falando aquí días e días sobre a política forestal, sobre a política dos servizos sociais, sobre a política da conciliación das mulleres, sobre a política do sector primario e, sobre todo, dos prezos xustos e homologados para os produtos que saen do noso rural. Polo tanto, de momento nada máis e moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Moi bo día distinguidas señoras e señores deputados, medios de comunicación e información e todos aqueles que nos están escoitando directa ou indirectamente. A verdade señor Ojea que se queda vostede solo, polo que puideren oír dos outros dous grupos da oposición nesta Corporación provincial. E tamén se vai quedar solo porque nós tamén estamos moi en contra. Eu creo que vostede oíu pasar o Miño, que efectivamente pasa por Ourense, pero non se *entera* moito. Mire, que a Deputación tome o touro polos cornos, xa o tomou fai moitos anos, parece que vostede non se enterou señor Ojea, digo vostede porque é o autor da moción. Deixa en entre dito que a fusión dos concellos faría un aforro económico porque se empezou a falar disto durante a crise. Xa lle direi máis tarde cano empezou a falarse disto pola Deputación provincial, foi antes da crise. Dixo iso de que a fusión dos concellos faría un aforro económico, vai mal encamiñado por aí. Temos estudos, vostede pide estudos, nós xa os temos hai tempo. Di vostede tamén que Democracia Ourensana non ten representación nos concellos, así pode ser obxectivo. Mire, eu obxectivo non sei se o poderá ser, non o sei, pero que vostede non ten coñecemento absoluto da realidade e da idiosincrasia dos concellos de Ourense, ¡seguro que non!. Por iso eu dígolle *verba*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

movent, exempla trahunt (las palabras mueven, los ejemplos arrastran). Este grupo de goberno na Deputación provincial traballa con feitos, con exemplos. Señora Lama, aquí os alcaldes veñen a expor proxectos e buscar financiamento para eses proxectos. Iso de esmola, non creo que veñan, ou ¿acaso os veciños de Xinzo cando van ao concello ou os doutros concellos van a buscar esmola ante os seus alcaldes? Eu nunca diría iso señora. Aquí veñen libremente a buscar financiamento para os seus proxectos, para darlle benestar aos seus veciños, única e exclusivamente. Feitas estas consideracións previas, señor Ojea, que a Deputación impulse estudos para determinar as variacións da organización. Mire, o grupo de Goberno provincial xa lle dixen que predica con feitos xa aplicados á realidade cotiá desta provincia. Este Grupo de Goberno xa vai moito máis avanzado que facer estudos e propostas e dareille os datos despois. Di vostede na exposición de motivos, e dixo tamén na súa disertación, e eu quero destacar o que vostede destaca, di: *queremos destacar –din vostedes- el estudio que el profesor del Campus orensano, Alberto Vaquero, y el secretario del Ayuntamiento de Avión, Alejandro De Diego, presentaron el año pasado bajo el título “Redimensionamiento de la planta local. Retos frente al minifundismo de Galicia”, en la que plantean reducir a más de la mitad los 92 concellos actuales de la provincia mediante la fusión de pequeños Ayuntamientos. ¡Vostede pon exemplo de estudo isto! Mal encamiñado vai señor Ojea. Mire, eu téñolle o estudo aquí, non sei si o lería, aquí está; pero mire, ¿sabe onde foi presentado este estudo para Ourense? En Santiago, en Santiago. Ben é verdade que está colgado e é accesible a todos os veciños de Ourense, os veciños e veciñas de Ourense; pero foi presentado en Santiago. E ¡van a dicir a Santiago que hai que reducir, mediante fusión, á terceira parte os concellos de Ourense! e vostede pono aquí como algo a resaltar. Mal encamiñado vai señor Ojea. Por iso que dous días despois, e vou apoiar a disertación niso, fago un artigo que foi de *La Región*, concretamente o día sete de novembro do dezaseis (tres días despois de aparecer isto presentado en Santiago) onde digo o seguinte: *la pregunta no se hace esperar, redimensionando mediante fusión determinados Ayuntamientos para reducirlos a más de la mitad, ¿se detienen la despoblación y se reduce la dispersión poblacional? Frente a estas dos opciones está la del presidente de la Diputación de Orense que ya en el 2012 anunciara ser partidario de las fusiones de facto -xa no 2012, señor Ojea, estudos para dicir o que dixo o señor presidente debe haber, non debeu estar improvisando- ya que además –continúa- mantienen la identidad de los Ayuntamientos. Esta afirmación –puxen eu no artigo- que la**

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

comparto, considero que quien pierde su origen pierde su identidad y los pequeños ayuntamientos permiten un vínculo de proximidad que hace más fácil la relación del ciudadano con la Administración, con menos rigidez y menos burocracia. Pero claro, a lo que se ve, esto no se considera en los estudios -neste estudo non se considera- y lo que sí se tiene en cuenta es el dinero que cuestan los servicios y su financiamiento y que uno pone en cierto entredicho. Aunque las posibles fusiones no van a garantizar nunca mejores servicios a menor coste, no, porque las posibles economías de escala que genere la incorporación serán capitalizadas –aí vou un pouco na liña da señora Lama- casi exclusivamente por el ayuntamiento resultante. Dos, además, las fusiones de llevarse a cabo, en muchos casos no ofrecen grandes ventajas ni siquiera en teoría; ya que si –e téñao en conta señor Ojea, si fusionamos cinco concellos de dous habitantes ao final o resultado será 10.000 habitantes sobre unha dispersión moito maior, ¿solucionamos a dispersión? ¿hai aforro económico? Todo o contrario, señor Ojea; e sigo: existen alternativas, claro que existen alternativas, distinguir entre gobierno local y administración local. Mire se temos estudado ou non o tema, ou cre que inventeu eu isto do goberno local e administración local. Non dou para tanto señor Ojea; o que pase é que o temos estudado e xa o puxen eu neste artigo. Se puede razonar –continúo- que lo costoso no es tener muchos gobiernos locales de pequeños ayuntamientos; sino que lo inviable económicamente es tener muchas administraciones locales. Por lo tanto, a lo que vamos y lo que ofrecemos a los ayuntamientos desde la Diputación son servicios de asistencia y de cooperación en condiciones de calidad, respetando el derecho de los ayuntamientos en la toma de decisiones; es lo que se llama, y propone el presidente de la Diputación, –continúo- fusiones de facto que ya están llevando a cabo con gran satisfacción, como la recaudación de impuestos, recogida de basura, ciclo completo hidráulico que permiten mantener la identidad política de los Consistorios y abarata los costes. Aquí está o meollo señor Ojea e non agora, cando estamos falando isto dende o 2012, dicir que se fagan estudos. É máis, mire se facemos estudos ou non, hai unha ponencia en poder das institucións públicas que queiran porque foi unha ponencia no congreso do Partido Popular en xaneiro do 2010, esta ponencia, que eu tiveren a sorte de ser o relator, pero non son solo, onde estaban e colaboraron de relatores Felipe Ferreiro, Manuel Doval e Plácido Álvarez, que xa falamos do tema. Casualidade que tres estamos aquí. É así. Indícolle, por iso o traio apuntado, porque non lle vou relatar agora toda esta ponencia; pero mire do que falabamos xa no 2010, no 2010 señor Ojea, vostede disto non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

sabía, claro, se mo preguntara viría aquí con outro relatorio. *Señoras e señores* –dicía eu poñéndolle voz- *España está formada por 8.011 municipios* –é verdade que agora hai 11 máis señor Ramiro; pero daquela, no 2010, 8.011 municipios- *sendo xunto con Francia un Estado con maior número de entidades locais de Europa Occidental. Os municipios afrontan un inicio de século cun panorama aberto, pero o municipio do século XXI* –expuñamos- *pouco ten que ver co do século XIX* – e seguíamos- *Existen fórmulas de cooperación municipal como solución funcionalista* –xa o dicíamos no 2010, e aclarabamos- *esas alternativas, a redución do número de municipios mediante fusións e agregación a outros de maior tamaño é unha operación complexa de implementación, tanto dende o punto de vista legal como administrativo (artigo 5 da Carta Europea de Autonomía Local) e tamén complexo dende o punto de vista político.* E continuabamos nesta ponencia: *as posibles economías de escala que xera a incorporación, serán capitalizadas, case exclusivamente, polo municipio maior ao que se segregue e a súa posición pasaría a ser a dunha simple parroquia do concello resultante. A fusión non lles garante mellores servizos a menor custe, garante unicamente que eses servizos se presten, se planifiquen e se xestionen nun centro de decisión. Ademais* –continuaba- *as fusións, de levarse a cabo, en moitos casos non ofrecerían grandes vantaxes, nin sequera en teoría, catro pequenos municipios* –antes puxen o exemplo de cinco, aquí puxen o de catro- *de entre mil ou dous mil habitantes darían como resultado un de menos de 8.000 sobre un territorio enorme e con grande dispersión poboacional. A fusión, máis que resolver un problema de dispersión, enmascáralo* – enmascaralo é o peor que pode aínda haber- *Por iso, o Partido Popular, sensible á participación e aberto ao debate, desexa colaborar mesmo xa desde a apertura deste debate municipal. Ano 2010. Non nos veña vostede agora a retrotraer a facer estudos, cando os temos, señor Ojea. E sigo: como conseguir que os pequenos municipios, etc, etc.. Polo tanto, quérolle dicir que cando vostede ven con estudos, este grupo de Goberno e o Partido Popular de Ourense, xa ten os estudos e xa ten as aplicacións. Mire, onte, como sabía que ía a defender esta iniciativa, encarguei aos distintos departamentos que me pasaran datos a día de hoxe:*

- Recollida de lixo na Deputación aos concellos, xestión delegada 50 (isto é fusión de facto, isto é fusión de servizos), do lixo: 50, con recollida selectiva: 21, de cartón: 7, de vidro: 12, en total, 70 puntos limpos tamén.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

- En auga. Asistencias técnicas, consumo máis ciclo hidráulico completo: 79 concellos e nos 90 municipios se fixo algunha actuación.

- Asistencia xurídica. 20 pleitos levados directamente dende a Deputación. Asesoramento xurídico a concellos, máis de 250 de xeito presencial e máis de 30 asistencias a concellos mediante comisións circunstanciais.

Isto é cooperación, isto é fusión de servizos, señor Ojea, ¿vostede non sabe que isto se se está levando a cabo? E vén vostede agora para facer estudos. Nós non poderíamos estar facendo isto se non fixeramos estudos previos.

- Cobro de tributos, xestión tributaria e recadación e inspección en 45 concellos de Ourense.

- As canceiras, Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados (temos catro centros como vostede sabe), son neste momento 70 os concellos adheridos.

Isto é fusión de servizos e non de territorio. Nós avogamos pola fusión de servizos, non do territorio. Mire, un dos problemas que esgrimen, non llo oín a vostede, teño que dicilo, pero un dos problemas que esgrimen e sobre todo neste estudo, é o número de concellos que ten a provincia de Ourense, ten 92. Pero eu teño aquí a relación; Burgos: 371, Salamanca: 362, Barcelona: 312, Zaragoza: 293, Guadalajara: 288, Ávila: 248, Zamora: 248..; *Hombre!* nós teremos problemas por o número de concellos que temos, pero Cuenca, Teruel, Valladolid, Cáceres, Segovia, Toledo...teñen moitos máis concellos. Non vou a dicir que estamos ben, porque mal de moitos, non pode ser *consuelo*; pero outros tamén teñen o seus problemas do número. Mire, venres 16 de marzo do 2012, *elmundo.es* (non é un periódico local, non é un periódico de Ourense) o señor presidente pon: *Baltar prefiere las fusiones de facto para mantener la identidad de los ayuntamientos. La Diputación de Orense es la mayor fusionadora de ayuntamientos por fusión de facto.* E vostede vén agora que estudemos o tema, ¡pero si o estamos aplicando señor Ojea! *El presidente Baltar señaló que, en vista de las funciones que realiza la Diputación, estamos ante la mayor fusionadora de ayuntamientos de facto que existe en Galicia.* É verdade que está en consonancia, pensei que non ía estar tanto, co señor Rodríguez Lores, o alcalde de Pontevedra, di: *las fusiones no resuelven la crisis.* Está quedándose solo señor Ojea. A verdade que non sei por onde atacarlle máis, atacarlle no bo sentido da palabra. En calquera caso remato porque creo que está claro. ¿Fusión territorial ou fusión de facto? Fusión de facto. Fusión dos servizos intermunicipais xestionados pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Deputación, tal e como estamos facendo. Os concellos de Ourense o que solicitan nesta Deputación, son as fusións de servizos. A día de hoxe, ninguén, ningún concello de Ourense solicitou a fusión territorial. ¡Ningún! Fusión de servizos si e estamos concedendo como vostedes saben a través das comisións e dos plenos. Polo tanto, non sei que máis lle podo dicir. Dígame vostede se, despois do que acabo de expor, fai falta facer máis estudos, cando ningún concello de Ourense puxo enriba da mesa, fusión territorial. Pode ser por iso que como vostede, como moi ben dixo, non teñen representación nos demais concellos, agás de algún ao redor da capitalidade, non saben de que vai isto e ao non saber de que vai isto, poderán ser máis obxectivos, poderán selo, non o sei, pero dende logo saber o que hai, si que non saben. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: *bueno*, vamos a ver, aquí hai moito de que falar. Xa o aventuraba eu ao principio. Case vou a empezar polo final. Di o señor Rosendo que xa levan moito tempo falando do tema; pois cando seguimos falando do tema e que moito non arranxaron. Xa levan falando do tema non sei cantos anos, xa levan feito non sei cantos artigos; pero se estamos falando do tema agora é porque o problema está sen resolver, entón quere dicir que todo iso do que faláron non valeu para nada, todo iso que escribiron non valeu para nada. Iso que di que levan moito tempo falando do tema que vostede o toma como un mérito, para min é indicativo de que non solucionaron nada; porque se estivera solucionado xa non estaríamos falando do tema. Xa se adiantou vostede dicindo, xa o dixo vostede, mal de moitos *consuelo* diso... Falou vostede de Burgos, eses datos xa os coñecemos, están todos en internet facilmente, tamén están no estudo ese que di vostede e en moitos outros. Nós dixemos que ese estudo era digno de ter en conta, pero non estanos dicindo que nos adhiramos ás súas solucións, nin moito menos, simplemente telo en conta; como tamén hai outros moitos estudos e moitos escritos –entre eles tamén os seus artigos- que hai que ter en conta. Ter en conta un estudo non significa adherirse incondicionalmente ás súas conclusións. Eu creo que non entendeu ben a nosa moción, porque vostede falou todo o tempo como si nós estivemos a favor da fusión de concellos. A nosa moción non di que esteamos a favor, a nosa moción di que nin estamos a favor nin en contra, que non nos posicionamos, que fai falta comprobar e estudar. Despois fala vostede da dispersión, di que serían impracticables ou ingobernables os concellos por encima de non sei cantos quilómetros cadrados. En Galicia hai xa concellos enormes, por exemplo o da Estrada

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

que ten máis de 400 núcleos poboacionais e moitos outros e iso non quere dicir que sexan ingobernables. Fíxese que a cuestión hoxe en día non é o espazo, senón o tempo. Cando se fixo a división territorial de España, no século XIX, naquela época tamén a xente tiña outra resolución temporal distinta á de hoxe (hoxe vivimos unha vida máis acelerada e hoxe resolvemos o tempo, non tanto como os xaponeses que resolven ao minuto), naquela época o tempo mental da xente era outro porque se vivía máis a modo, pensaba máis a modo e fixeron as divisións, segundo dín os que saben diso, as divisións dos concellos tendo en conta que unha persoa puidera ir e volver ao concello a cabalo, naquel momento en que non había autopistas, non había autovías e todo iso. Vostede fala de distancias e de quilómetros cadrados como se hoxe en día o problema fora o espazo. Hoxe o problema non é o espazo, hoxe o problema é o tempo. E niso si que lle hai que dar a razón concreta a eses estudos que falan de definición dos límites municipais polas isócronas. Mire, señor Rosendo, vostede fixo referencia ao Partido Popular provincial; non sei se foi un acto *fallido* porque, claro, o Partido Popular de Santiago posicionase a favor da fusión dos concellos. De feito a Xunta subvenciona e hai un fondo para subvencionar a fusión dos concellos; co cal o señor presidente Feijóo e o goberno de Feijóo parece ser, polo que se di, que anima a que se fusionen concellos. Volvo a repetir, nós nin estamos a favor nin en contra. Pasa unha cousa, fusionar concellos presupón seguir pensando nos límites actuais dos concellos e nós imos máis alá, ao mellor hai que redefinir por completo a planta, ao mellor hai que redefinir por completo os límites e non só fusionalos. Tamén sabemos que os concellos se fusionan porque son demasiados pequenos, ao mellor fusionar dous ou tres seguen sendo pequenos e seguímonos encontrando cos mesmos problemas. Quería resaltar isto, acláreme despois na segunda intervención, o Partido Popular, ¿entón como é? O de Santiago está a favor das fusións e o de Ourense non, ou viceversa, ou como é iso. Fala das cooperación e fala das asistencias como se fosen unha fusión funcional. Mire, aquí hai moitos deputados, mesmo do seu partido, que se manifestan continuamente como municipalistas. Primeiro, fusionar concellos ou facelos máis grandes ou alterar os seu límites, non vai para nada en contra do municipalismo; simplemente, os concellos serían outros pero seguirían sendo concellos. Iso non é problema. Pero o que quería dicir é que esa visión que parecen ter vostedes desde a Deputación é como se os concellos foran menores de idade, como senón foran unha administración como as outras. *Hai que esperar que nos den la subvención....* unha das cousas que máis me saca das miñas *casillas*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

é que os Concellos teñan que pedir subvencións para cumprir necesidades básicas dos administrados, que teñan que pedir subvencións e ademais en réxime de concorrencia competitiva. Que os concellos teñan que pedir, quitándolle a outros porque iso é a concorrencia competitiva, si mos dan a min é porque llo quitan a outro. Que teñan que pedir subvencións para satisfacer necesidades básicas e, ademais, en concorrencia competitiva. Aquí estamos de acordo todos co que dixo a señora Lama, loxicamente o problema, aínda que a moción fala da redefinición da planta, o problema está no financiamento dos concellos tamén e na perfecta definición das súas competencias. Xa o dixen ao principio da moción, creo recordar que dixen que os tres problemas fundamentais dos concellos eran: a definición das súas competencias, o problema do financiamento e o da planta; aínda que a moción concreta se refira ao da planta. Loxicamente os problemas tamén son os outros, como tamén dixo a señora Lama e como tamén di o presidente da FEGAMP. Que por certo, non é que tampouco estea en contra dos concellos, porque o señor presidente da FEGAMP di que, posiblemente, nalgúns casos concretos convirá fusionar uns e outros non; pero iso é o que estamos dicindo nós. Nós non nos posicionamos nin a favor nin en contra. Haberá que ver en que casos concretos se poderá facer e en que casos concretos non. Tamén outra cousa, a nosa moción refírese en exclusiva á provincia de Ourense. Xa sabemos que é un problema de índole nacional, xa sabemos que é un problema de índole autonómico e, loxicamente, a Deputación non ten información, nin ten competencias; faríasele demasiado grande solucionar o problema estrutural para o país enteiro. Pero para a provincia de Ourense si, porque a Deputación ten información e moita desa información vén desa fusión funcional de servizos á que fai referencia o señor Rosendo. Eses servizos que está dando a Deputación e que están dando outras Administracións son, como dicía antes, como se os concellos foran menores de idade, como se foran favores. Os concellos son administracións tuteladas, como se foran tuteladas, asistidas. ¡Que non home, non! Que os concellos teñen que ser unhas administracións tan lexítimas como as outras e tiñan que ter un financiamento sistemático dende o Estado, sen ter que andar pedindo subvencións, sen ter que andar firmando convenios como dixemos antes. Dicía do despoboamento, mire, o despoboamento seguramente ten moitas causas, pero ao mellor unha delas é precisamente que os cidadáns dos núcleos rurais e dos concellos rurais non teñen eses servizos que deberían de ter dos concellos; entón márchanse. Márchanse aos concellos limítrofes onde os teñen, ou márchanse á capital que é onde os teñen, ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

empadróanse onde os poden ter, aínda que despois vivan noutro sitio, etc etc... Entón, o despoboamento non se sabe se é causa ou é consecuencia desa falta de servizos; ao mellor son as dúas cousas. Porque todos sabemos que se a xente non ten servizos, aos que considera ter dereito e cada vez considera máis ter dereito, como dicía antes que a xente, a nova xeración non se conforma con migallas, pois vai a pedir. Vostede falaba da identidade, si, outra das cuestións que se esgrime: *non, é que claro, a xente síntese moito do seu concello...* Iso non sei si é verdade, aí estamos no discurso micronacionalista que poderíamos dicir. A verdade é que hoxe en día os nenos teñen que facer ao mellor dúas horas de viaxe para ir ao colexio, a diario; a un centro de estudos que está na cabeceira da comarca, a diario, dúas veces ao día, perdendo horas da súa vida e logo ¿vamos ter problemas porque unha persoa, unha vez ao ano, ou dúas veces ao ano, ou tres veces ao ano teña que ir ao seu concello e gastar vinte minutos en coller o coche e ir? Ou unha persoa ten que ir ás cinco da mañá porque ten cerrado o seu centro de saúde (porque está cerrado polas noites e ten que ir ao PAC) e ten que ir sangrando á cabeceira de comarca para curarse unha persoa maior. Aí non hai identidade, aí non se reclama: non, que eu quería ter o meu PAC no meu concello; eu quería ter o meu instituto para estudar a ESO no meu concello. ¡Non home non! Iso da identidade, a xente identifícase con iso que lles da servizos; a parte de que é moi sabido, e seguramente o Bloque corrobora isto, a identidade dos concellos sempre foi coa parroquia, coa freguesía, non co concello. A parte, tamén sabemos, que tradicionalmente a xente identifícase máis ben coas cabeceiras das comarcas que os propios concellos, que son divisións administrativas sen substrato cultural máis alá dos 200 anos. Aquí teño apuntadas unhas cantas cousas máis, sobre a asistencia paternalista que parece ser que para vostede é o modelo ideal. Esa asistencia paternalista das deputacións aos concellos. ¡non home non! Logo fala da sustentabilidade; loxicamente os concellos teñen que ter un número mínimo de veciños para ser sostíbeis, para que podan ter un plan urbanístico, para que podan facer uns orzamentos, para que podan ter uns servizos sociais.... Aquí pasa algo parecido como as axencias de seguros. Unha axencia de seguros ten que ter un mínimo de asegurados para poder, nun momento dado, asistir a alguén que teña un accidente. Ademais están os datos do Consello de Europa que seguramente os coñecen vostedes, o número óptimo de habitantes que debe ter un concello para que poda facer un orzamentos racionais, para que poda ter asistencia social sostíbeis e para que poida organizar o seu chan e ter un Plan Urbanístico, anda en torno aos 10.000 habitantes; para unhas cousas ao mellor máis ou para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

outras menos, pero anda en torno dos 10.000 habitantes. Loxicamente haberá que ir a iso, haberá que ir a concellos de, polo menos, 5.000 para arriba. Despois está todo o tema legal, nunha moción que vai vir despois fálase de que os concellos de menos de x habitantes non teñen dereito a... *joye!*, iso todo hai que cambialo. Entón nós, eu volvo repetir, nós nin nos posicionamos nin a favor nin en contra, nós pensamos que este é un tema que hai que abordar e que nós, insisto, estamos en condicións de ser máis obxectivos que vostedes, porque estou seguro de que moitas das obxeccións que están poñendo son polos intereses creados que teñen os partidos políticos –sobre todo os maioritarios- de que se manteña este *status quo* da cuestión da planta municipal, polos motivos que todos sabemos e mentres tanto a poboación do rural despoboándose –en grande medida por esta causa- porque non teñen eses servizos e mentres tanto tendo os problemas que dicimos que estamos tendo. Nada máis de momento. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. A actual situación da Administración en Galiza, con tres chanzos e competencias e obrigas diluídas e mesturadas, e sen financiamento, está a provocar un problema de calidade nos servizos básicos que recibe a poboación. A pantalla da fusión dos concellos que está a utilizar, sobre todo, o Partido Popular en Galiza pretende agochar a incapacidade política de tomar decisións que modifiquen a arquitectura institucional do Estado, máis grave para Galiza nun momento no que o modelo territorial emanado do 78 está en debate. As forzas políticas de obediencia estatal, no caso de Galiza máis agudamente o Partido Popular, pretenden con este tipo de debate sobre a fusión dos concellos facer recaer sobre a única administración que non legisla nada, e non ten competencias no modelo económico, a responsabilidade do fracaso dun sistema que non responde ás necesidades da realidade socioeconómica galega: distribución territorial da poboación, gravísimo problema demográfico, situación dos sectores produtivos, etc... Galiza precisa, agora máis que nunca, un sistema de financiamento propio, responsabilizarse dos seus recursos, e , polo tanto, responsabilizarse dos servizos que recibe a poboación. O debate sobre o modelo de organización territorial e administrativa, necesario para adecuar á realidade galega o funcionamento da administración, non se pode separar do debate sobre o financiamento. Isto é o que estivo facendo Feijoo, esconder o modelo do Partido Popular nunha cortina de fusións, que non teñen soporte de ningún tipo, nin xeográfico, nin histórico, nin cultural, nin por suposto socioeconómico, como xa dixen na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

miña primeira intervención. Haberá, por suposto, competencias municipais, que teñan que desenvolverse de xeito compartido por varios concellos, coas distintas figuras que se poden explorar: convenios, mancomunidades, distintos chanzos nas competencias en función da poboación, comarcalización de determinados servizos (xa se puxo aquí o exemplo do lixo); mais isto non se vai resolver fusionando concellos que, nin xuntos, nin separados, son capaces de facer fronte ás obrigas que se lle impoñen. Por todo isto, nós imos a votar en contra da moción de Democracia Ourensana por considerar, á marxe de non estarmos de acordo, como quedou suficientemente argumentado e claro na miña intervención, co tema das fusionés, que este non é tampouco o lugar acaído para a súa presentación; toda vez que este debate hai que abordalo no marco legislativo da Lei da administración local de Galicia, que ten como obxectivo primordial regular as peculiaridades que no ámbito local se dan no noso país. Nada máis. Moitas grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista: si presidente, moitas grazas. En primeiro lugar tocáronse aquí varios temas e penso, pensamos, que a raíz de todo está no financiamento local e nos servizos que se deben prestar por parte dos concellos. Haberá que reformular iso. O PP de Santiago di o que lle din en Madrid, é dicir, fusionar concellos está moi ben pero resulta que ao chegar ao Padornelo a crúa realidade cambia; porque a nosa realidade non é a do resto do territorio de España, ou dunha parte do territorio de España. Polo tanto, o PP de Santiago tamén di que esta vai a ser a lexislatura do rural e sen embargo deixa aos alcaldes a súa sorte, e aos veciños, ante unha vaga como a que tivemos o mes pasado, este propio mes. Polo tanto, enchéselle a boca de falar do rural, enchéselle a boca a falar de fusionés, sen baixar á realidade do territorio. Os concellos, señores deputados e señoras deputadas, non son empresas, señor Armando, os servizos non teñen porque ser rendibles nos concellos. Non o son, xa o sabemos que non o son. Na maioría dos casos son deficitarios, pero deben de prestarse porque son dereitos dos veciños e porque están na Lei, na Lei de Bases de Réxime Local. Polo tanto, ¿soluciona algún problema local a fusión dos municipios? Falso. Non, posto que hai que ter en conta que a dispersión das entidades de poboación á hora de prestar eses servizos non é a mesma que noutras comunidades, acabo de dicilo. A nosa xeografía é distinta. ¿Van prestar máis servizos os concellos se se fusionan? Falso. A mera fusión para aumentar poboación o único que vai facer é agravar o problema xa existente. Por exemplo, nunha suposta fusión de catro municipios, por exemplo Manzaneda,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Viana do Bolo, O Bolo ou Vilariño de Conso, cunha poboación resultante de 5.500 habitantes, algunhas aldeas estarían a case unha hora en coche da súa capitalidade; co que isto implica para o acceso aos servizos. Habería aldeas que quedarían separadas da súa capitalidade pois corenta e cinco ou cincuenta quilómetros. É unha zona de montaña, é unha zona, na nosa Galicia, na que seis meses ao ano é inverno. Polo tanto o illamento agudizaríase e profundaríase máis nesa dispersión. A prestación de servizos vai ser máis cara que noutras comunidades onde a poboación está máis concentrada en moi poucos núcleos; xa que aínda con fusión vamos a seguir tendo que recollerlle o lixo, vamos a ter que seguir prestándolle moitísimos servizos; polo tanto pensamos que non se vai a solucionar, de momento, nada con esta fusión. Incidimos de que isto vai dunha poboación envellecida, vai dunha dispersión do noso rural, vai de máis financiamento para os concellos. ¿Como debe facerse a mellora dos servizos que supostamente persegue esa fusión? Volta ao mesmo, máis cartos para os concellos. Por último dicirlle ao señor Rosendo, e sobre todo ao señor presidente, unha cousa moi sinxela. Cando digo que os alcaldes veñen a aquí a buscar esmola, repito, veñen a buscar esmola porque presentan proxectos e vostede di que veñen aquí a buscar financiamento. Nós consideramos que a Deputación Provincial é unha institución de cooperación e asistencia aos concellos; non é ningún banco, nin ningunha institución de crédito onde os alcaldes veñan aquí a buscar cartos. Polo tanto, se vostedes foran intelixentes e fixeran un reparto de fondos equitativo, obxectivo e xusto nun Plan único, moitos alcaldes poderían facer unha planificación anual para proxectos de inversión ou simplemente para o pago de débeda porque os afoga o señor Montoro. Isto non vai doutra cousa. Baixen vostedes, visiten aos seus alcaldes, visiten a última parroquia, vexan como é a realidade e doten de máis cartos e máis financiamento dende esta Casa, pero nun Plan único e a principios de ano, sabendo cada alcalde o que ten para investir e o que ten para financiar os seus servizos. E nada máis, de momento nada máis. Nós por suposto votamos en contra desa moción.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo do Partido Popular: grazas presidente. Empezo por vostede, señora Elvira Lama, primeiro fago meu o 90% do seu discurso de réplica ao señor Ojea. Por suposto, dixo os concellos, o que significaría cinco concellos ou catro de 2.000 habitantes, e a dispersión que incrementaría a dispersión e agravaría o problema. Pero mire, acaba de dicir que a Deputación ten como finalidade cooperación e asistencia aos concellos, ¿verdade que acaba de dicilo? Pois por iso os alcaldes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

veñen á Deputación Provincial; porque veñen a buscar cooperación. Non veñen a buscar esmola, acaba de dicilo vostede. ¿Estamos de acordo? ¿ou non vén ninguén a iso, señor presidente, a buscar cooperación, financiamento? É ao que veñen, se vostede lles chama esmola nalgunhas ocasións interesadas é outro tema. Señor Ojea, quedou solo e quedou solo porque, mire, dende logo dunha proposta de estudo para posibles fusións de concellos fai vostede un *totum revolutum* que eu non sei se os medios de comunicación, que sei que son moi intelixentes e sabedores do tema, o comprenderían, porque mire que comparación máis desafortunada fixo vostede: compara unha compañía de seguros cun concello. ¡*Hombre!* Máis desafortunado non pode ser. A compañía de seguros ten ánimo de lucro, o concello está para prestar servizos de benestar aos seus veciños. Non estivo moi afortunado, compréndo. Mire, di vostede tamén que está sen solucionar o tema e que por iso o traen aquí. Quen o trae é vostede e non é que estea sen solucionar o tema, é que quer facer uns estudos previos, porque di que nin está a favor nin en contra. Pero, se non está a favor nin en contra ¿que vai votar agora? Creo que se contradí tamén. Di que o problema é o tempo, as isócronas; pois non sei, se hai unha dispersión maior, haberá un problema de tempo, de isócronas, claro que si. Eu cando tiven que planificar, cando tiven algún cargo no SERGAS, o que medía non eran quilómetros, era en isócronas. Iso sabémolo. Pero se a dispersión aumenta, señor Ojea, as isócronas empeoran. Non estivo moi fino esta mañá. Autonomía local, pero di vostede que nós tratamos, ou eu (non sei se dixo eu ou nós, é igual en todo caso) que tratamos aos concellos como se foran menores de idade. Pero se estamos respectando e avogando pola autonomía local, estamos respectando aos concellos e que os concellos son maiores de idade. Porque estamos certificando, demostrando e protexendo a súa autonomía local; polo tanto o que lle estamos dando é maioría de idade, non minoría de idade. Non é a mañá máis afortunada, señor Ojea, a verdade é que non. Que a moción se refire á Deputación de Ourense, ¡home! xa o sei que se refire a Deputación de Ourense. Por iso, se algunha crítica lle teño que facer a isto é que se refira a Ourense e a presenten en Santiago. Mire, vostedes poñen este estudo como algo interesante, a moción o di. Eu lina varias veces, incluso agora dixen que lin. Non, non, poñen: é de destacar este estudo. ¿pono o non o pon señor Ojea? Se é de destacar é de destacar. Mire, eu creo que non ten máis recorrido e, primeiro, dígolle este goberno provincial ten estudos dende hai anos (estounos recompilando) pero sobre todo o que ten este goberno provincial, co seu presidente ao fronte, son ferramentas de xestión xa postas a disposición dos concellos para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

facer máis eficiente a súa xestión, a xestión do día a día; con fusión de servizos, si, pero de territorios, non. Non por capricho, senón por auténtica convicción previamente estudada e aplicada. Repítolle, de feito na Deputación de Ourense non consta ningunha petición de fusión municipal e si hai peticións de cooperación e de fusión de servizos que se atenden permanentemente. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Di o señor Rosendo que non hai ningunha petición de fusión, loxicamente, quen estaría capacitados para pedir a fusión serían os alcaldes e as Corporacións; pero eses, como dicía antes, teñen intereses creados. Ao mellor os cidadáns están pedindo, non digo fusionés, que se solucione o tema doutra maneira implícita que é marchándose do sitio. Se se marchan do sitio, ao mellor habería que captar a mensaxe; ao mellor é unha petición *encriptada* de que hai que modificar a planta municipal. A min vostede non me di nada con que un alcalde non pida a fusión, ¡home claro, non lle convén! Claro, xa o dixen dende o principio. Non me estraña nada que o PSOE e o PP non apoien a nosa moción, que por certo, volvo repetir, a nosa moción non avoga pola fusión por defecto, avoga por un estudo, pero non pola fusión nin pola segregación. Vostedes están todo o tempo falando como se nós estivésemos a favor da fusión, ¡nós non sabemos tanto! Se vai ser mellor ou se vai ser peor. A señora Lama e o portavoz do Partido Popular falan como se tiveran unha bola de cristal, anticipando que sería unha *debacle* que se fusionaran concellos e, ademais, pon exemplos concretos. Non, vamos a ver, non me veña con exemplos concretos. Ao mellor neses exemplos concretos que pon vostede, efectivamente non convén facer a fusión; pero nós non nos referimos a exemplos concretos. Nalgúns sitios non convirá, noutros sitio convirá, noutros sitios ao mellor hai que alterar os límites, etc.. Pero nós, xa volvo a repetir que non nos estamos *posicionando* nin a favor nin en contra *a priori*. En cambio, vostedes, do Partido Popular, do Partido Socialista e do Bloque por axioma, como se fose un dogma de fe, están en contra; ou sexa, que se manteña a mesma planta municipal que se estableceu hai 200 anos, como se non pasara nada en 200 anos. Como se aínda andasen por aquí as tropas de Napoleón cos cabalos acampando ao lado da ponte de Vila Nova de Allariz. ¡Home! Volvo repetir, non me sorprende que nos quedemos solos porque, xa digo, os partido grandes teñen intereses creados no tema, convenlles que esta cousa siga así, ata que rebente por algún sitio. Chegará un momento no que a crúa realidade e a *tozudez* da realidade faga tomar cartas no asunto. Xa digo, os administrados empezarán a ser cada vez máis esixentes,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

algún haberá que empece a meter ao concello no xulgado, outro porque non lle satisfai certas necesidades, etc, etc.. entón ao final di: *oe, mira que ao final a xente rebótasen e agora a xente quere ter os servizos como é debido e agora ao mellor hai que tal..* Entón nós o que pretendiamos con esta moción era que a Deputación empezase a tomar en serio o asunto. Xa dicía ao principio de todo cando se falaba dos camiños que, ao mellor, a Deputación o que ten que facer é redefinir as súas competencias. Aquí fállase de cooperación cos concellos para recoller o lixo, ¡ao mellor o lixo teno que recoller a Deputación xa e non os concellos! A recollida do lixo é un problema estrutural común a todos. Non é un problema que teñan uns e outros non. Ese é un problema para todos. Pois ao mellor esa competencia ten que ser asumida directamente pola Deputación, recoller o lixo e redefinir as súas competencias e descargar aos Concellos dese problema do lixo e non andar con máis burocracia firmando este convenio, nin o outro. Ao mellor é a Deputación a que ten que recoller o lixo sen máis historias. Como digo o do lixo, xa dixen antes o da limpeza dos camiños ou outro. Ata podería ser que as Deputacións acabasen sendo útiles se se redefiniran as súas competencias e os concellos se descargaran de certas competencias que tiveran que ser da Deputación. E logo si, o que dicía a señora Lama, os concellos necesitan un financiamento totalmente distinto ao de hoxe. Non se pode estar sempre coa espada de Damocles, da subvención, encima e do favor que se lle vén pedir encima, e do convenio, e de burocracia e de gastos administrativos. Hai que asignar unha cantidade de diñeiro aos concellos, baleiralos de moitas competencias (porque ao final cargan coas deles e coas dos outros) e todo iso na medida en que estea relacionado coa planta municipal, sen quitarlle protagonismo aos outros problemas de financiamento e de competencias; na medida en que eses problemas estean relacionados coa planta municipal pois haberá tamén que abordalos. A nosa moción ía solo diso. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourenzana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

5º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR ANTE A VAGA DE LUMES NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoñan o contido da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados, estimado público que nos acompaña neste salón de Plenos ou ben a través de internet. Bo día a todos. Señor Presidente, señores deputados, eu considero de xustiza que antes de tratar este asunto e dada a vaga de lumes que nos afectou a moitos nesta provincia, os pasados 14 e 16 e 17, gardemos un minuto de silencio en sinal de dor pola morte dun veciño desta provincia e, como non, recordando tamén aos tres falecidos na provincia de Pontevedra. ¿Se lles parece ben?

Os membros do Pleno gardan un minuto de silencio polos falecidos durante a vaga de lumes.

D. Plácido Álvarez Dobaño portavoz do Grupo Popular: ben, dado que todos vostedes dispoñen do texto da moción que presentamos non darei lectura do mesmo. Dito isto, permítanme comezar recoñecendo que a miña intervención neste punto non é en absoluto doada porque, mentres estea a defender esta moción que vén de presentar o noso grupo, vou ter moi presente todo o que vivín nos días 14 e 16 do presente mes cando o lume arrasou boa parte do meu concello, Muíños, e do Parque do Xurés. Créanme, e non o dubido, que haberá moitos alcaldes que me comprendan (probablemente o señor Bautista Carballo parece que non) que non vou a esquecer a miña visión das lapas consumindo monte raso, arborado, pastos, zonas cultivadas, edificacións; pero sobre todo a mirada de medo, e digo a mirada de medo, e desolación dos meus veciños, e me consta que de moitos outros nesta provincia. Por iso non entendo e dóeme, dóeme, que mentres uns estabamos a loitar, ata a extenuación, contra as lapas con todos os medios ao noso alcance, poñendo a salvo aos veciños e tentando salvar as súas casas, outros, outros, estivesen a argallar, pretendidas manifestacións contra o lume que concluíron coa petición de dimisións políticas, para sorpresa –tamén é certo- e enfado de moitos asistentes. E non é unha invención, senón o sentir verdadeiro de moitas persoas que así nolo expresaron e espero

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

que, dunha vez por todas, todos estes carroñeiros da política se dean conta. Señorras e señores deputados, Ourense non arde, están a queimar a nosa provincia intencionadamente e mentres algúns queren sacar réditos partidista e políticos ante tan grande traxedia, o que só ten un cualificativo demasiado duro que non vou a expresar para deixalo en lamentable. Todos, absolutamente todos, temos unha parcela de responsabilidade na loita contra os incendios. Os propietarios de terreos e montes, os concellos, esta Deputación –por suposto- a Xunta de Galicia, o Estado e máis a sociedade en xeral. Todos, todos, debemos facer fronte a este problema porque, en definitiva, é un problema de todos. Dende o punto de vista institucional, como é un problema de todas e todos, e as Administracións teñen as súas obrigas, esta Deputación vaia a implicarse -e así o dixo o señor presidente en reiteradas ocasións- en colaborar na medida da súas posibilidades e así facer fronte aos danos provocados polos incendios na nosa provincia cooperando cos concellos e veciños afectados e digo concellos e veciños afectados porque algún concello a través do seu alcalde despreza, ou algo similar, a cooperación da Deputación; e nese sentido o que pretende a Deputación, co seu presidente ao fronte, é atender todos os casos de necesidade chámense: reconstrución de vivendas, mananciais, redes de abastecemento de auga ou comunicacións terrestres como as estradas, pistas e camiños. Unha colaboración que non vai mirar as competencias de cada quen, xa que este é o momento de botar unha man entre todos, de unir forzas e axudar a veciños, gandeiros, agricultores e empresas e tamén, non esquezamos, de reducir ao máximo as consecuencias máis inmediatas que sobre a nosa contorna poida ter o terreo queimado e reflírome por exemplo ao arrastre de cinsas e terras cara os nosos ríos, captacións de auga, etc.. Non obstante, esta non é unha colaboración illada e moito menos unha repentina preocupación do noso grupo polos lumes, nin oportuna nin oportunista como o deixou caer na Comisión de Cooperación o señor Rodríguez Suárez do BNG. Señor Rodríguez Suárez, non quero recordar o que pasou no ano 2006, non, non son carroñeiro da política, nin o serei nunca e menos neste tema; pero si quero lembrarlle que o goberno provincial xa vén dando sobradas mostras da súa implicación na loita contra os incendios con iniciativas de todo tipo. Nós e tamén o noso Grupo Popular no Senado, solicitando ao goberno central axudas no mesmo luns día 16 e a Xunta sacando, de maneira clara e determinante un Decreto de axudas que desenvolveu onte, aínda que o señor Bautista Carballo, que antes se sorprendeu polo que dixen, *palo si remas, palo si no remas*.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

É dicir, púxose louca a Xunta sacando moitos cartos, nótase que vostede non foi un dos concellos afectados por a vaga dos lumes, nótase ben. Iniciativas de todo tipo, señor Rodríguez Suárez, menos oportunistas, como podemos demostrar coa aprobación no Pleno do mes de xaneiro dunha moción na que propuxemos a elaboración dun mapa provincial de emerxencias para a provincia. Xa vimos de traballar nisto antes desta traxedia, aprobando no Pleno de xuño a elaboración urxente de estudos para a preparación de franxas de biomasa, etc, etc, etc.. Xa o fixemos apostando polo Consorcio de Incendios, agora xa a pleno funcionamento tras a posta en marcha do Parque do Carballiño - Ribeiro. Tamén asumindo o custo íntegro dos Grupos Supramunicipais de Emerxencias, os coñecidos como GES, que a partir deste ano e do que vén a Deputación, como ben saben, financiará a achega que lle corresponde aos concellos. Por suposto, tamén, durante a vaga de lumes colaborando nos operativos de extinción con medios materiais e recursos humanos, tanto propios da institución, como dependentes do Consorcio Provincial de Incendios. No futuro, entendo que isto é importante aínda que de entrada non soe ben, concienciando as novas xeracións sobre o profundo dano que os incendios orixinan na nosa terra polo que propoñemos que os escolares (eu no meu concello vouno a facer) teñan oportunidade de percorrer algunha das zonas queimadas para comprender o verdadeiro significado dos lumes, o bo e o rematadamente malo. Agora tamén o facemos impulsando unha reacción institucional mediante esta moción que pretende consolidar un novo modelo de participación, análise, avaliación, mellora e coordinación ante os incendios forestais e emerxencias, en xeral, que poidamos soportar no futuro. Un novo modelo que pasa pola constitución dunha Comisión Especial Informativa Permanente, como se di na nosa moción, de incendios forestais e emerxencias na que estarán presentes, en proporción á súa representatividade, todos os grupos políticos desta Corporación provincial. Unha Comisión que nos permite establecer protocolos de defensa do noso territorio e aberta a expertos e representantes do Goberno autonómico, do Goberno central ou calquera persoa ou entidade vinculada ao sector para coordinar información e plans de actuación. Non podemos esquecer tampouco que será a nosa obriga propoñer a modificación da lexislación en vigor, tema moi importante, en resposta a este novo tipo que moitos deron en chamar terrorismo e creo que, no fondo, acertadamente. Cómpre tamén involucrar á sociedade no que supón a loita contra os lumes, poñendo en marcha un sistema de información cidadán que en tempo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

real, e digo en tempo real, dea conta dos incendios activos, a súa localización, o seu nivel de perigo e os medios e persoal que está colaborando na súa extinción, para que logo non haxa *dimes e directes* duns e doutros. É a nosa pretensión seguir a potenciar aínda máis a colaboración cos concellos, polo que propoñemos un Plan de Cooperación para que dispoñan de plans municipais e de defensa contra incendios forestais e os integren nos Plans de Emerxencia Municipais naqueles supostos en que os teñan elaborados. Imos, ademais, trasladar ao Goberno de España a necesidade urxente dun programa de axudas, para paliar estes danos que recentemente se produciron. No tocante ás medidas de recuperación das zonas afectadas formulamos, e como tal así as trasladaremos, tres peticións:

1º) Que o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente inscriba as áreas queimadas de Ourense nos proxectos de compensación de CO₂ a través dos cales están a compensar emisións nos ámbitos dos Proxectos Clima.

2º) Que tanto a Xunta de Galicia como o Estado adopten medidas urxentes para evitar a chega de cinsas aos cursos fluviais mediante o chamado bombardeo de sementes, a Xunta de Galicia acaba de concretar medidas durante o día de onte, e dende aquí quero felicitar ao presidente da Xunta e por extensión ao seu Goberno, especialmente a algunhas Consellerías, tamén o teño que dicir, a unhas máis que a outras; pero especialmente ao señor presidente da Xunta que, tanto no meu caso particular como no caso doutros compañeiros que así mo dixeron, estivo persoalmente dente o primeiro momento ao noso lado e ofrecendo a colaboración precisa, a que se podía neses momentos, e que se concretou no día de onte, e espero que sexa a suficiente dentro do posible para atender aos nosos conveciños, moitos deles moi damnificados.

3º) A iniciar a recollida da quinta fracción na recollida de lixo en grandes produtores e áreas urbanas para transformalas en compost específico para a rexeneración da vexetación en áreas especialmente degradadas polos incendios.

Dito isto, dado que no día de hoxe creo, polo que me dixeron, o Grupo Socialista presentou unha emenda con referencia á nosa moción, no que no primeiro apartado nos piden suprimir o número 3 da nosa moción, que se refíre á creación dunha aplicación á que me acabo de referir, ao considerar que a medida debería ser obxecto de estudo, valoración e tratamento da propia Comisión Informativa, pois ben, diríalle que para nós isto sería

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

retrasar unha iniciativa que nos parece debemos pór en marcha de inmediato e todo isto sería retrasala. Nos puntos 2 e 3 falan de substituír o punto 5 e de limitar o punto 7, señor Fraga Civeira entenda que a moción que presentamos é a nosa moción, con todos os respectos para a boa fe....

Dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, protesta dende o seu escano contra esta afirmación do Sr. Álvarez Dobaño, pedíndolle que aplique o mesmo criterio coas mocións da oposición.

Don Plácido Álvarez Dobaño: Señora Lama estou falando da nosa moción, vostede cando teña que debater a súa argueunte o que entenda. Eu estou argumentando o que entendo. Sexa respectuosa, é a nosa moción. ¿Enténdeo ou lle parece que estou dicindo unha *tontería*?. É a nosa moción, se aceptamos as súas emendas convertémola na súa moción que...

Dona Elvira Lama Fernández reitera as súa protestas.

Don Plácido Álvarez Dobaño: ¡Volta! Estamos falando desta, señora Lama. Cando sexa das súas, debata vostede que ao mellor dámoslle a razón, ou non. Non compare que as comparacións como vostedes sabe son todas odiosas, ata na nosa terra da Limia ¿verdade que si? Seguramente me entende. Polo tanto, resumindo, non podemos aceptar a emenda porque sería desvirtuar a nosa moción e a moción presentámola nós, o Grupo Popular. En todo caso, tamén lle teño que dicir a vostede e a señora Lama, que tanto se altera, que segundo presentamos nós a moción, tamén a puideron presentar vostedes; aínda están a tempo de presentala. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: Moitas grazas señor presidente. Non podo evitar ter que contestarlle xa ao señor Álvarez Dobaño portavoz e defensor desta moción do Partido Popular porque como xa fixo referencia explícita á miña persoa. A verdade é que un, xa o teño dito algunha vez máis, ten moitas capacidades para sorprenderse pero é que vostedes lévanas cada vez a un límite máis adiante e máis elevado porque é absolutamente abraiante. Eu pensaba, ou entendía, que hai certo tipo de debates que sería mellor pasar un pouquiño en puntas de pé sobre eles e un deles é, precisamente, cando falamos do tema do aproveitamento político dun problema tan grande como é o dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

incendios forestais. Que vostedes volvan remontarse ao ano 2006 e recordar aquelas datas, cando implicitamente nolas está recordando; vou ter que volver recordarlles o que nos dixeron daquela que non eran goberno, solicitando a dimisión do señor Suárez Canal cando non levaba nin 15 días de conselleiro de Medio Rural. A famoso foto de Feijóo, que o persegue dende entón polas redes sociais e por todos os medios, da mangueira apagando un lume nun incendio; ou as famosas declaracións que tamén volvíamos a lembrar estes días do señor Feijóo dicindo e pondo enriba da mesa que con nós, ou con aquel Goberno, había mortos e cos seus non os había. Parece mentira, parece mentira, e como lle digo a capacidade de sorprenderse non deixa de tocar límite. En canto ao tema, porque eu xa lle digo que traía preparada unha intervención dende o punto de vista construtivo, porque vostede tamén di que eu na Comisión Informativa poñía sobre a mesa ou deixaba caer si a moción era oportuna ou oportunista pois mire, voullo a dicir claro, é absolutamente oportunista. É absolutamente oportunista porque parece mentira que nun tema ten grave que leva afectando dende sempre ao noso país e a nosa provincia, parece que vostedes déronse de conta a raíz disto que pasou fai uns días, por desgraza. ¿Agora é cando nos veñen con este tipo de moción e con este tipo de medidas? ¿Non puideron vir antes?, ¿non tiveron tempo cando levan anos e anos gobernando esta Deputación para formular o que nos formulan agora aquí? De todas as maneiras, indo ao tema, a traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasar, como xa lle digo, o noso país, provocou catro mortes e puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas en perigo; deixou vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 este ano, tanto como nos tres anos pasados). O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas, que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda a semana e que os *coletazos* do furacán Ofelia traerían fortes rachas de vento. A pesar diso, a política do Partido Popular foi no sentido inverso: redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores de SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención. Para o PP, unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abranxa a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais, non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

existe. En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio, o impulso ao asociacionismo na explotación forestal, a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural, deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume. Esta Lei foi derogada polo PP, sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría, sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo, acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza. O goberno do Partido Popular, desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias, permitindo as repoboacións forestais en terras dedicadas ao labradío, prados ou pasteiros. Deste xeito aumentou a desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do mundo rural e aumentou o perigo dos incendios forestais. O goberno do Partido Popular, ademais, reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo ou actividade situada a menos de 400 metros do monte. E reduciu de 50 a 25, a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume (eucalipto, acacia, piñeiro, etc...). Estas reformas só poden ser entendidas, ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto. O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño, a portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, despois dos incendios do Pedrógão en Portugal, fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta, para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin se dignou en contestar. Os aspectos a abordar, como a desertización, o abandono de explotacións agrarias, monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE, a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

único, etc., aínda seguen pendentes. Diante disto o goberno do Partido Popular, aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal, etc... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pretende atribuír aos concellos funcións propias da administración forestal, como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público e son, se nos atemos aos criterios da pretendida racionalización da administración local que impuxo o Partido Popular, competencias impropias dos entes locais. Desde o BNG dicímoslle algunhas das cuestións que cremos que se deberían abordar si ou si se queremos que o que pasou este ano non se produza nos sucesivos:

- Cómpre executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

- Cómpre realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións lexislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regular adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.

- Cómpre acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.

- Cómpre establecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.

- Cómpre asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante unha maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia. O establecemento e mantemento de faixas de protección. Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.

- Cómpre reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único eliminando as brigadas municipais, de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

Estas son as medidas que o BNG pon enriba da mesa, porque son as medidas que van ás causas estruturais dos lumes. De momento, nada máis. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

D. Gonzalo Pérez Jácome, do Grupo de Democracia Ourensana: buenos días a todos. Como han pasado bastantes cosas en este mes, simplemente decir antes de empezar con la moción, rápidamente, que fue noticia mundial estas semanas el tema éste del Harvey Weinstein en Estados Unidos, el productor de Estados Unidos que se descubrió que era un acosador sexual, que utilizaba su cargo para tener relaciones sexuales con varias actrices de Hollywood. Automáticamente fue defenestrado de Hollywood, fue tratado como un auténtico infestado, perdió su trabajo y es una persona que quedó totalmente, como se suele decir, social y profesionalmente defenestrada. Comparen lo que ha hecho Harvey Weinstein en Estados Unidos, lo que se le ha hecho a Harvey Weinstein, con lo que se le ha hecho a José Manuel Baltar por el mismo caso de acoso sexual, de aprovecharse de su cargo para acostarse con una mujer. La diferencia de tratamiento en Estados Unidos a Harvey Weinstein, de su adorado Estados Unidos que siempre pone de ejemplo, (pues, ¡toma ejemplo ahora!), lo que le ha pasado a Harvey Weinstein con este señor. Ahí lo tienen, sigue en su puesto, sigue riéndose de todos, haciendo caso omiso a tal.. Ahí tienen la diferencia entre Estados Unidos, Hollywood, y lo que pasa en Orense; sigue en su cargo, eso es lo que pasa. Decir también que Democracia Orensana esta semana, perdón, este mes desde el último Pleno de la Diputación, reveló lo que ocurrió aquí con la estafa de *La Región*; que se le compró unos archivos históricos por 2.7000.000€, que es la mayor estafa de Orense, decir que también hemos destapado que también sucedió algo parecido en Salamanca. Se compró un archivo histórico del periódico *El Adelantado* (que es más importante que *La Región* y tiene más antigüedad), se compró por 90.000€ y ¡ya es caro! Porque nosotros siempre decimos que el valor es 0. 90.000€, mira la diferencia entre 90.000€ y 2.7000.000. Plácido, fai contas porque esos cartos para prevención de incendios, ¡mira o que se podía facer con esos cuartos! Dábache para ter a cento e pico persoas facendo prevención. Falaremos despois diso. Esta semana también se reveló que Orense perdía definitivamente (la auténtica ineptia de ese señor que está ahí que es el señor Pumar, el encargado de los fondos EDUSI) 15.000.000 €, ya no hay tercera convocatoria; es decir, la ciudad de Orense que en este caso lideró la Diputación lo que es esta gestión, pierde 15.000.000 € mientras los consiguen Vigo, Coruña y Santiago con 10, Pontevedra 10. Todos lo consiguieron en Galicia, prácticamente todos, menos Orense. 15 millones de euros. Plácido, 15 millóns de euros para os incendios ¿canto daría? ¿canto daría? Iso é xa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

para non ter máis incendios ata o 2079. Pues esa es la gestión que hacéis vosotros. Después sale presumiendo, un tío que pierde 15 millones de euros por la Diputación, que es José Manuel Baltar, sale presumiendo que es el líder de España en Twitter. ¡cómo está este hombre! Esta semana, también decir, que salió el tema del paro y Orense es la tercera provincia por el norte español, con más paro. Esos son los datos realmente tal, ¡ojo! Es la tercera con más paro porque emigraron cantidad de jóvenes; sino sería la primera, claro. Cantos máis se marchen, menos paro vai haber aquí. Porque podríamos llegar al paro cero, cando non quede ningún joven llegamos al paro cero. Eso es lo que ocurrió esta semana. Y vamos ya con el tema. Primero, vaya nivel de hipocresía se tienen ustedes aquí marcado en este Pleno, para empezar el Bloque. En la anterior moción de los ayuntamientos de Orense, el Bloque dice que éste no el foro, a lo mejor ya la institución, para hablar del tema de la fusión de los ayuntamientos ¡Hostia! (perdón por decir eso) vaino dicir o partido que trae aquí máis mocións estatais que non teñen nada que ver coa provincia de Ourense; o partido que trae máis mocións estatais para falar da paz mundial, para arreglar o mundo e o Bloque vén dicir que o tema de reducir os concellos que non é un tema de aquí. Non xa o Bloque, senón o bagazo do Bloque que é Ourense en Común, os de Podemos alí no Concello, ata trouxeron unha do cambio climático. Claro, aprenderon ben dos seus pais que son os do Bloque que traían mocións para arreglar o mundo, chegaron estes e fixeron unha do cambio climático. Bueno, vaya hipocresía digo porque, Plácido, bueno neste caso xa o tiñades falado vós, pero facer un minuto de silencio...levantámonos aquí porque, evidentemente, claro que temos que facer un minuto de silencio; iso está ben que o fagamos nós, pero vós que non fostes ao entierro da persoa que morreu. Haille que botar jeta para logo facer aquí un minuto de silencio. Non fostes ao entierro, nadie da Deputación. Onte seica foi Pablo, uns días despois e nin se dignou a falar co máximo representante do Concello que é o alcalde. ¡Como tes cara de ir alí e non falar co alcalde! Hai que ter pouca vergonza para despois levantarte aquí e facer un minuto de silencio. ¿Fuches galar onte co alcalde? Non. ¿Fuches falar co alcalde? Di a verdade ¿fuches? Non, sabereino eu, non, saberao o alcalde. O alcalde sabe perfectamente se fuches falar con el ou non e o alcalde di que non fuches a falar con el. ¿Fuches? Porque o alcalde di que non fuches. Dis que saberei eu, ¡home! eu claro que non sei, sábeo o alcalde de Carballeda de Avia. Fuches alí e non fuches falar con el. E aínda te levantas aquí para facer un minuto de silencio, ¡hipócritas! Que sodes uns

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

hipócritas. Claro, o que ocorreu con Feijóo, coa manguera, a Baltar nunca en la vida le pillarían una foto como le pillaron a Feijóo con la manguera, ¿saben por qué? Porque no fue al día siguiente, como tendría que ir cualquier responsable político. Feijóo estaba allí al día siguiente, ¿hizo mal lo de la manguera? Sí, pero por lo menos estaba al día siguiente. Éste fue tres días después, había venido dos días antes Rajoy, dous días antes chegou Rajoy y el foi o miércoles. Os incendios forestais foron o domingo e el apareceu o mércores. Me recordo la gestión de Bush con la zona cero. Aí o tes tan tranquilo, falando co Pumar e que chova. Mentres que o de Estados Unidos acusado de acoso sexual tívose que marchar para a casa, aí po tes, presumindo, presumindo do mundo. Un psicópata nos tocó tener al frente de la Diputación. Esperemos que en las próximas elecciones, o los jueces antes, nos libren de este psicópata. Bueno, pues nunca le va a ocurrir lo de ser pillado con la manguera porque fue tres días después que ¡manda carallo! Decir que, efectivamente, esta moción es una hipocresía que la traigáis vosotros, Plácido, ¿por qué? Porque ¡coño!, que tenga que hacer unas propuestas el Grupo que gobierna, hombre, es una tomadura de pelo. Normalmente, una moción de estas la tiene que hacer la oposición. Democracia Ourensana si haría una proposición de estas pero teniendo en cuenta cómo nos las jugáis, que ya íbamos tarde de tiempo, nos íbais a decir que estamos fuera de plazo; entonces dijimos ¡ostra, la tenemos que dejar para el siguiente mes, entoces la presentasteis vosotros. No procede que digáis vosotros que vais hacer esas seis medidas, cuando estáis gobernando porque da a sensación que a culpa non é vosa. A culpa de todo o que ocorreu é vosa. Vamos ya con el tema en cuestión, aquí, una de las medidas que nosotros habíamos propuesto para paliar este tema, vamos a ver, los incendios obviamente tienen dos problemas principales que hay que separar. Uno es la mecha, la mecha, vale y otro, la propagación. Son temas distintos. Porque en cuanto ocurrió esta inmensa tragedia, que por cierto, la gente se tuvo que enterar por las redes sociales y por la Sexta porque la TV gaita intento manipularlo hasta el último momento que ya no pudo, entonces lo sacó a las 20:30; es decir, estaba ardiendo Galicia y en vez de dar información no medio público que é a TVG do que estaba pasando, ata as noticias non se decatou nadie. Tívose que decatar a xente polas redes sociais e por unha televisión nacional, ¡qué manda caray!. Bueno, pues existen dos graves problemas, Feijóo lo primero que hizo fue; claro, la culpa es de que es un atentado. Perdona, los incendios son dos problemas. Uno, el que prende la mecha y por qué lo hace que pueden ser o pirómanos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

o intereses, mafias o intereses o pirómanos o descuidos; ¿por qué se prende la mecha? Y otro muy distinto: la propagación. La propagación es como, si por ejemplo, tú mañana tienes goteras y dices: oye macho que tienes goteras porque tienes el tejado mal. No, pero a culpa é de que chove, a culpa das goteras é de que chove. Pues esto, igual. Obviamente hay una mecha, pero luego está la propagación. Entonces en la propagación sois un auténtico desastre y es la culpa vuestra. Nosotros aquí trajimos una moción una vez y estaba, precisamente, aquí Pablo y nosotros dijimos que había que recuperar, la Diputación, los antiguos caminos de carros, ¿por qué? Porque, entre otras funciones, en caso de incendios harían de cortafuegos y llegar con las motobombas tendría más accesibilidad. Bueno, pues ese señor, Pablo, se echó a reír, dijo: *camiños de carros ¿que é iso? ¿que explique Democracia Orensana qué é iso?* E votastes en contra. Entón, agora que vides aquí con estas historias, se sodes uns hipócritas. Fai un ano fixemos esa moción, dos camiños de carros, e ristes e votastes en contra, entón agora que vides con medidas. Las medidas que vosotros presentáis a los incendios yo hago esta analogía (y no es falacia de falsa analogía, es analogía correcta) vosotros imagináis que la gente tenga muchos accidentes de tráfico, la plaga de los accidentes de tráfico y que una de las medidas (se lle preguntamos a Plácido ou a Baltar seguro dirían iso) mira qué medidas vamos a tener contra la lacra de los accidentes de tráfico; pues estos dos dirían: *mejorar los hospitales, para que cuando vengan los accidentados tratarlos mejor*. É o que vós estivestes facendo todo este tempo. Lo que hay que hacer es evitar que lleguen a los hospitales. En ese sentido, nosotros hemos visto como las campañas para reducir los accidentes de tráfico han funcionado en las últimas décadas, porque los datos están ahí, han funcionado, entre el carnet por puntos, entre que se mejoraron las carreteras y entre mayores multas y mayor vigilancia, se mitigó bastante lo que era esa lacra. En los incendios, oye, llevamos hablando décadas, décadas y esto sigue igual. Una diferencia enorme con el problema de los accidentes de tráfico, ahí sí se atajó bastante el problema; aquí nada, lo único que hacéis es propaganda. Voy a dar un dato fascinante, conozco a una persona de los que trabajan en los incendios. Por cierto, a lo mejor defiendes tú esta moción para tocar la fibra sensible de que che tocou a ti en Muíños; oye, tamén afectou tanto en Parada do Sil de onde son eu e incluso tamén na zona de Gondomar e Vincios que estaba alí a miña irmá o domingo e tamén tocoulle a ela e chegoulle hasta o muro. Hai moita xente á que lle tocou, non solo tú. Vouche dar un dato,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

no Xurés ¿ti sabes cantas hectáreas hai, no Gerês galego? Non o sabes exactamente; pois alí hai traballando no inverno 10 persoas. Diez personas, eso no es nada. Diez personas trabajando todo tal, bien, de repente ardió todo y me dicen esas personas: joder, el único sitio en el que no ardió es donde nosotros teníamos desbrozado, que hizo casi poco más que de cortafuegos. Dije yo: pero vamos a ver, si estáis trabajando diez personas ¿por qué ardió? Me dice: hombre, ardió donde no habíamos trabajado. Me dicen que harían falta, por lo menos, ciento y pico personas. A mí lo que me parece impresionante es que si vosotros gastáis 3.000 € al día en el Centro Cultural Marcos Valcárcel, otros 3.000 en el Teatro Principal, otros 3.000 en el Paco Paz de déficit al día (eso es un millón de euros al año); solo con eso tendríamos incendios cero porque parecería césped americano, o monte, no se trata tampoco de eso porque a natureza ten que ser enxebre, como ten que ser. Lo que quiero decir es que con todo lo que despilfarra la Diputación, con los 70 millones que tiene de presupuesto (non fan falta para iso 70), pero con la cantidad de cosas que se están despilfarrando cada día, pongo esos ejemplos gráficos ya no digo los 2.700.000 de *La Región* o lo que se gasta en los medios de comunicación. Este señor, para tener presencia en Santiago de Compostela, tira del dinero de los orensanos 200 y pico mil euros cada año; para tener presencia en Compostela, para impresionar a los del PP. Con ese dinero imagínate la cantidad de prevención que se podría hacer. Es una auténtica tomadura de pelo lo que hacéis y básicamente nosotros pedimos votar esto por puntos porque lo que vosotros proponéis aquí es una sarta de mentiras, es instar sobre todo en temas que muchos de ellos no estáis pidiendo para Orense, estáis pidiendo que se cambien leyes estatales, con lo cual nosotros estamos en contra de este tipo de instancias. Nosotros estamos a favor de instar cuando sea algo a favor de algo particular de Orense, pero aquí no estáis nombrando a Orense en concreto, aunque Orense sea una de las provincias que, obviamente, sufren esto. Queremos votar por puntos. Me llama poderosamente la atención la paranoia de ese hombre de ahí, de José Manuel Baltar, que quiere como solución para los incendios la brillante idea de un loco, de un psicópata, lo primero que se le ocurrió es: vamos a hacer una aplicación para el móvil para que la gente indique en tiempo real dónde están los focos, como si fuera un vídeo juego. Es la idea que tiene este loco, que si hay incendios la gente como un vídeo juego suba el incendio.. tú imagínate, tes alí o incendio, estás buscando unha manguera, no, un momento, un momento, que voy al móvil a subir esto a ver si tengo cobertura para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

sacar una foto de este foco y subirlo a la aplicación que hizo Baltar. Hay que estar mal de la cabeza. Pues es la brillante idea de este loco y nos la mete en el paquete de medidas, un paquete de medidas con una medida que es una locura no podemos votar a favor porque nos estás cercenando lo que es la democracia, si votamos en bloque obviamente ahí no podemos elegir, entonces queremos que se vote por puntos, si lo aceptáis. Simplemente decir que me respondas a esta incongruencia, Plácido, Feijóo dijo que ayudaría a todas las personas que habían sufrido el incendio, pero resulta que dice que tienen que demostrar que el incendio ha sido provocado (una de las normas es poner eso) pero luego en unas declaraciones en Madrid dice: a culpa non é nosa porque el noventa y pico por ciento de los incendios... Plácido, dijo Feijóo: *el noventa y pico por ciento de los incendios son provocados*. Oye, si dice que el noventa y pico por ciento de los incendios son provocados, como quien a culpa non é del, por qué después le pide a la gente demuéstrame que fue provocado. Si ya casi es la mayoría, ponlo por norma. Explicame por favor esa incongruencia de Feijóo. Luego decir que yo no entiendo, dime Plácido, porque de las siete propuestas que ponéis aquí no concretáis en lo que hay que concretar que es de lo que casi todo el mundo habla que yo voy a resumir, lo que hay que hacer para atajar los incendios, primero obviamente evitar lo de la mecha, que no se prenda, ese es un tema ya estatal de las leyes y de vigilancia; pero una vez que se prende la mecha todo el mundo dice lo mismo. Uno, que hay que desbrozar, bien sea de forma natural con animales (hay gente que tiene la teoría de que hay que meter a 20.000, 30.000, 40.000 cabras o caballos que comen toxos; porque a las cabras a los toxos non lles entran pero a los caballos si), bueno pues hay gente que dice que hay que meter animales que es natural, otros dicen que hay que desbrozar de forma mecánica; aumentar los cortafuegos, aumentar drásticamente los cortafuegos; obviamente la vigilancia y fundamental reforestar sobre todo con árboles autóctonos, sobre todo el castaño o el carballo (ben é certo que non brotan en todas as terras como fai por exemplo o pino o eucalipto). Obviamente haciendo eso se mitigarían mucho los incendios. Mi pregunta es, todo el mundo y los expertos hablan de estas cuatro medidas, aparte de la vigilancia; desbrozar, cortafuegos y reforestar. Oye, yo no entiendo por qué no se hacen. Son las medidas de los expertos y no se hacen. Yo recuerdo esto, cuando era pequeño el cruce que había donde está ahora el puente del milenio, ahí veíamos lo que era el punto de la muerte (¿non lle chamaban así?), o cruce da morte chamábanlle; oye duró unos 10 años y la gente moría

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

todos los fines de semana y no se hacía nada, ¡era increíble!, ¡no se hacía nada! yo alucinaba. Bueno, pues esto es igual. Si todo el mundo dice que las medidas son estas y oye, son asumibles económicamente, porque son caras, más caro é agora o Festival de Cine, máis caro non, quero dicir que se despilfarra en cantidade de cousas que non valen para nada como o festival de cine que agora están dicindo e xa o dicíamos nós fai vinte e pico anos, dicindo: claro non vén xente aos cines, habrá que reenfocar el festival. É dicir, que non hai forma de meterlle man. Pues esto igual, es un coste asumible y por qué no se hace eso explícame: desbrozar, más cortafuegos y reforestar. Después, estas siete medidas de aquí, estas tres medidas están casi difuminadas que case un non se entera. Explícame un pouco como vai isto. Explícame las incongruencias de Feijóo y si se puede votar por puntos.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Bo día a todo o mundo. Señor Álvarez Dobaño, don Plácido, mire que lemos con atención a súa moción e nos pareceu construtiva e mire que empezou ben co minuto de silencio; pero o que veu despois nin estivo á altura, nin ao ton esperado de vostede. É dicir, ¿que palabras son esas de carroñeiros, de utilización política? ¿pero que concepto ten vostede de política? ¿non estamos aquí para o debate político? ¿os incendios son unha cousa allea á política? ¿pensa vostede que vamos a algún lado se pretende acadar consensos e acordos para un problema estrutural que vai necesitar medidas a longo prazo acordadas por todas as forzas políticas? Acaba de dicilo o fiscal de Galicia encargado destes asuntos hai ben pouco. Esa postura e a súa intervención dende logo non é a esperada e dende logo non é o mellor camiño para acadar algo construtivo. Así llo digo. Tamén lle digo que imos votar a favor da súa proposta, xa llo anticipo, explicareille o porqué. Pero tamén lle digo que se, sobre esta cuestión dos incendios forestais, botásemos a vista atrás e nos fixásemos no comportamento do seu Partido ata agora e mesmo de hoxe, teríamos que votarlle en contra. Porque afanouse o seu partido político, sobre todo a nivel galego, en tentar ocultar as dramáticas consecuencias do problema, en buscar tramas incendiarias que son negadas unha e outra vez pola evidencia e mesmo polo fiscal ao que aludín antes, estes días mesmo; incluso non hai máis que ler o informe do 2006, pola vaga de lumes do 2006: *el Código Penal no soluciona el problema de los incendios forestales* (24 de outubro) *la Fiscalía descarta por ahora una trama incendiaria gallega*. ¿Terrorismo incendiario?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

¿buscamos excusas? Ese terrorismo incendiario igual hai que buscalo en montañas lonxanas, porque nas cercanas o que hai é cinsa e desolación. Tamén se afanaron vostedes en gastar diñeiro a mans cheas en servizos de extinción externalizados que, a vista está, que non son quen de impedir que ardan miles e miles de hectáreas ano tras ano. Por non falar doutra cousa que xa se aludiu aquí, da falta de respecto institucional por parte desta casa en días pasados. Señor presidente, en Carballeda de Avia houbo un incendio que afectou a casas e no que incluso temos que lamentar unha vítima mortal. A día de hoxe, o alcalde dixo, e aínda o dixo hoxe, que está agardando pola súa chamada; tivo moitas, pero falta a súa. Señor presidente, trátase dunha cuestión de humanidade, con esa chamada non lle vai volver vostede a vida a ninguén, nin repoñer da desfeita que sucedeu; pero trátase de empatizar coa desgraza allea en momentos en que todos os apoios e verbas de acompañamento son poucas. Señor Pérez, don Pablo, finalmente foi vostede a Carballeda de Avia, como xa se dixo aquí, supoño que en representación desta casa; pero esqueceu algo que é esencial nesa visita, que Carballeda de Avia ten un alcalde escollido polos veciños, un representante ao que vostede (segundo verbas do alcalde e segundo nos mandou nun correo que lle remitiu a vostede) esqueceu, obviouno vostede, esquecendo o mínimo respecto institucional que se lle debe a un cargo electo. Fora mellor que non fose porque nin ese alcalde, nin ningún outro da provincia, nin alcaldesa, é merecente deste trato por parte dunha institución, como esta, que ten como cometido esencial axudar aos concellos desta provincia. Non se trata de repartir dádivas, non estamos para iso, nin moito menos para saltar por encima do lexítimo e legal representante dos veciños. Pero igual que lle dixen o anterior que é algo que deberíamos de utilizar, señor Álvarez Dobaño, porque eu tamén teño aquí recortes de periódico de manifestacións no 2006, por non falar da famosa fotografía da mangueira bífida. Temos todas imaxes da praza do Obradoiro, de manifestacións pedindo dimisións con titulares como: *Galicia está chorando, Touriño veraneando*. ¿E fáleme vostede de utilización política? ¿fálanos a nós de utilización política? ¿fálanos de oportunismo? Pero igual que lle digo todo iso, que é o que deberíamos evitar se queremos mira cara adiante, o pasado está precisamente aí para aprender del e para evitar os mesmos erros e nós queremos neste caso mira cara adiante e por iso imos apoiar a súa proposta. Facémolo por coherencia co que temos manifestado aquí en anos pasados. Esqueceu vostede, señor Álvarez Dobaño, que xa temos traído aquí varias mocións: 2015

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

aprobada por vostedes, o que pasa é que as propostas están sen cumprir, e 2016, rexeitada, no que aquí neste Plenario se propuxo unha Comisión de traballo similar ao que agora se crea. Non queremos que co noso vota en contra, por iso non o imos facer, nos poña vostede como escusa de que non queremos aportar, ou de que non queremos traballar neste sector e que queremos facer unha utilización política do mesmo; pero tamén lle aviso que, tan pronto se cree esta Comisión, imos participar nela e imos estar encima para que sexa operativa e non un *paripé* para saír nos medios de comunicación facendo que se fai algo. Facémolo tamén, o noso voto a favor, tamén por outra razón sobre todo por responsabilidade con este país, con esta terra e coas súas xentes. Porque levamos moito tempo, demasiado, coa mesma letanía con respecto aos incendios forestais, como se nos contentásemos con iso, con pronunciar ano tras ano as mesmas verbas, os mesmos reproches, as mesmas queixas, os mesmos *hai que*. Estamos de *hai que* fartos. Como se con iso cumpríramos coa papeleta que se nos esixe como representantes da cidadanía. E así, ano tras ano, repetimos o mesmo; cunha diferenza este ano que non é menor porque é o mesmo pero agravado con respecto aos anos anteriores. O cambio climático, por moito que haxa quen o queira negar, está encima, cada vez é máis evidente, hai que lembrar que seguimos en alerta pola seca e estamos a finais do mes de outubro e cada vez os incendios se aproximan máis aos pobos; neste caso, ata a cidade máis poboada de Galicia. Iso fixo que se sensibilizase e se concienciase moita xente, aproveitemos esa circunstancia tamén. Estamos diante dun problema, este, que é complexo e que vai requirir de solucións complexas e duradeiras no tempo e, polo tanto, estas medidas como dixen antes van requirir de acordos e consensos das forzas políticas. Precisamente o que temos que facer é iso: iniciativa e decisión política. Nese ánimo de participar e aportar nesa Comisión, que se vai votar e que imos votar a favor, ía o sentido da nosa emenda. ¿Por que propuñamos suprimir ese punto 3? Porque cremos que é unha das posibles medidas que se poden acordar e abordar dentro desa Comisión e porque cremos que, neste preciso momento, ¡home! permítame que o lea: *impulsar un sistema de información cidadá que permita coa posta a disposición por parte das Administracións Públicas con competencias dos datos que poidan facilitarse en dispositivos móbiles, coñecer en tempo real a existencia de lumes activos, a súa localización, o nivel destes e os medios de persoal que están colaborando na súa extinción*. Pero, ¿para que? Si agora o problema é outro. ¿Para que? ¿Que nos vai dicir,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

cantas brigadas e cantos medios ten cada brigada? Porque eu tamén tiven incendios no meu concello nestes días, brigada había, unha persoa coa brigada. ¿Operatividade? Cero. Díciolle iso, pero apróbennos ou non a emenda ímoslle votar a favor, xa llo digo. Home, no punto cinco engadiámoslle iso porque é o que se falou nunha reunión que houbo o martes pasado na Delegación do Goberno, creo que acordaron pedir ou solicitar do goberno central a declaración como zona gravemente afectada por unha emerxencia civil e a FEGAMP mesmo lle mandou unha carta aos concellos pedíndolle unha achega de datos que entendemos que esta Deputación, co persoal que ten, llo podería axudar a facer. No número 7 pedimos parar aí, porque incluso entendemos que as medidas que se adopten dependerán dunha decisión técnica posterior sen determinala nós na moción. E non, evidentemente a moción é súa, as emendas son nosas; pero como ve vostede non vai a reprobación de ninguén na moción, entendemos que se apartaría, que se afastaría do que ten que ser unha emenda neste caso. Mire, remato, como xa dixen antes, atopámonos diante dun problema complexo no que non hai unha solución única, no que cómpre aportar coñecementos por parte de quen os ten; ter claros os obxectivos e a estratexia porque os factores que inflúen nos lumes, son moitos e variados e xunto con solucións inmediatas, como poden ser as faixas de protección dos núcleos. ¿Onde está ese estudo que vostedes anunciaron que ían facer das faixas? ¿u-lo mapa de emerxencias?. Cómpren outras, xunto con esas, a curto prazo e inmediatas; cómpren outras a medio o longo prazo. ¿Que pasa cos servizos no rural? o despoboamento ¿A política ambiental é a máis axeitada? ¿a ordenación do territorio? Son todas medidas a longo prazo pero que hai que ir sen demora, ir poñendo en riba da mesa e ir estudando e ir implementando o que desa Comisión saia. Remato dicindo, como estamos nunha Deputación, que é imprescindible axudarlle aos concellos a cumprir coa normativa sobre prevención de incendios. Existe unha norma, pero non se dota de medios, e non son útiles nin eficaces as normas imposibles de cumprir. Deixamos aos alcaldes, díxoo vostede, sos (non dixo iso pero dixo que vira o medo na xente); pero non me negará que o que se viu foi a impotencia e a soidade e angustia por non dar respondido ás necesidades que un ve por diante. Sobre todo, remato dicindo, que o que cómpre é cambiar a ollada cara o rural desta provincia. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, Portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez, menos mal que vostede traía un discurso suave porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

ler, leuno completo, iso de suave non sei. Ao mellor temos unha apreciación distinta da palabra. Pero está vostede no seu dereito e para iso está aí. En todo caso non me escoitou, oportunismo ningún, se acaso oportunos porque dinlle medidas que vén adoptando esta Deputación dende hai tempo; non dende fai dez días nin sete. Non lle oín falar nada das persoas e moito menos dos 21 millóns de euros, esa loucura que parece que adoptou a Xunta no día de onte segundo di o señor Bautista, para precisamente as persoas. Vostede o seu discurso limitouno todo a falar do PP, que está ben, está na súa lexitimidade para iso. En todo caso, e sen ánimo de revolver no pasado, pero dicíanme hai pouco unhas declaracións que fixo aquel insigne director –dígoo con todo o respecto- don Alberte Blanco (director xeral creo que de montes e algo máis no ano 2006) el e incluso o señor Suárez Canal cando culpaban aos concellos de non ter colaborado nas labores de extinción; incluso algúns dos que co-gobernaban con vostedes ou vostedes con eles; é dicir, da bancada do lado. Xa digo, non lle escoitei falar nada das persoas, pero tampouco me sorprende. Vostede falou do que lle interesa que é culpar ao PP de todos os males do mundo, habidos e por haber; logo os cidadáns, unha e outra vez, parece que non o entenden así. Señor Pérez Jácome, vostede vai pouco polo rural, ten sangue urbanita, xa se lle nota. Non sei quen lle deu eses datos do Xurés pero, ou vostede non o entendeu ben, ou o que lle deu eses datos non se entera. Así de rotundo. Así de rotundo. Eu sabe que lle teño certo aprecio persoal, eu ofrézome a que veña un día por alí facer unha *tourneé* e vouno levar para que vexa a cinsa que nos quedou alí, no parque do Xurés, e verá vostede como, ao mellor, esas cousas que lle dixeron non son as que realmente fan falta; ao mellor son outras. Eu sempre valoro cando é xente positiva e supoño que á xente se se lle explicou ben ou mal tamén o faría con ánimo positivo. En canto á aplicación que a vostede lle causa tanta risa, a min non me causa ningunha; incluso aos alcaldes Medio Rural, en tempo real, mándanos un *mensajito* cada vez que hai un incendio que nos ubica, máis o menos, máis ou menos, e nós pretendemos mellorar iso. Creo que está ben, polo menos nós entendémolo así e creo que estamos lexitimados para isto e vostede para discrepar de nós. Non sei cal é a risa do asunto, pero seguramente o ten. As ordes que van a saír no desenvolvemento do Decreto, que a Xunta anticipou e que onte aprobaron, espero que os nosos concidadáns, que son os afectados, bromiñas a parte, son os que se terán acoller a elas e nós estaremos aí e supoño que todos os alcaldes para axudarlle a tramitalas. Con respecto ao que dixo o señor Fraga

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Civeira, sorpréndeme señor Fraga Civeira, que vostede é un home moderado, que se altere así. Manteño total e absolutamente a palabra e, se vostede se dá por aludido, e o seu problema, non é o meu. Entón, *o que se pica, allos come* din ma miña terra. Manteño que hai *carroñeiros* da política no tema dos incendios, *siempre*, e non poño nomes porque non me dá a gana; pero os podía pór. Entón, quede claro, manteño absolutamene e, xa digo, se vostede e o seu grupo de dan por aludidos non é o meu problema; será o de vostedes. Os incendios non son exclusivos de Galicia, señor Fraga Civeira, non son exclusivos de Galicia, ou é que en Galicia é o PP, en Asturias é o vento e en Portugal con ese goberno de esquerdas *y de no sé que más*, tamén é o PP que lle sopramos dende aquí. Non digo nada máis. Ao que nos ocupa, a nosa Comunidade, digo Galicia, sufriu, e Ourense moi en particular, nos días que antes citei, un ataque incendiario sen precedentes. Iso é un feito e está aí. Trátase dun verdadeiro desafío que se fixo partindo de tres condicionantes excepcionais, tampouco convén esquecelos: unhas condicións meteorolóxicas extremas con fortes ventos, altas temperaturas e baixa humidade; unha actividade incendiaria desaforada (non creo que haxa que negalo) e lumes que entraron desde Portugal con moita forza (eu dou fe disto, sábado e domingo). Estes elementos conformaron unha auténtica tormenta perfecta que forzou ata o límite o dispositivo despregado e non vou a entrar en dar cifras de medios. A prioridade, iso si, foi en todo caso protexer os núcleos de poboación, por este motivo chegaron a decretarse ata dezasete situacións de alerta 2 que, como vostedes saben, supón a mobilización de medios por proximidade das lapas ás vivendas e incluso ter que evacuar a veciños como pasou no meu caso concreto e en outros que me consta. Durante a vaga de lumes producíronse un total, e digo un total, de 264 incendios, 264. Nun só día declaráronse tres veces máis lumes que o día de maior intensidade en lumes do mes de agosto (dato a ter en conta). Sirvan como exemplos os seguintes datos, poucos para non cansalos, o domingo dende as seis da tarde ata ás doce da noite houbo 68 novos lumes. Se nun verán complicado o número de incendios que se produce está entre 40 e 50 por día, nestes días producíronse ao redor de 125-135; teñan en conta este dato. A situación no ano 2017 en Galicia, ata o 30 de setembro, foi moi distinta, ardeu (estes son datos que me pasa a Consellería) un 44% menos de superficie que nos nove primeiros meses do ano 2016: 9.000 hectáreas ardidias menos. Este era o escenario ata fai ben pouco, pero só fixo falta que todos os factores negativos aos que me referín confluíran nesta fin de semana e que a falta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

de auga e unhas temperaturas sen precedentes nestes datas sumaran ao efecto do furacán Ofelia con tachas entre 70 e 90 km/h como remuíños de lume e fume (que non sei se vostedes tiveron a oportunidade de velos pero eu si). Polo tanto, e non sei quen se ri por aí, pero debe de ser un chiste o que acabo de dicir. Polo tanto, sexamos serios nun asunto de máxima prioridade para a nosa terra, traballando xuntos, e aquí se apuntou algo señor Fraga Civeira, e de xeito coordinado poderanse reducir os danos que producen os incendios forestais a nivel ecolóxico, a nivel económico e, como non, a nivel social. O monte non arde só e as previsións meteorolóxicas a longo prazo non teñen validez, e vostede sábeno ben; polo que hai que realizar un chamamento á cidadanía. Primeiro, para que colabore e denuncie ao incendiario; tolerancia cero con eles xa que o 75% dos incendios (tres de cada catro) está demostrado que son provocados. Segundo, e non o esquezamos, para que os titulares das fincas abandonas que entendan dunha vez por todas, ou entendamos, que a súa obrigaición, a nosa obrigaición é mantelas limpas. A propiedade privada dá dereitos, pero tamén xera obrigaicións, convén que non o esquezamos. Aí temos todos responsabilidades, e digo todos, como xa avancei antes, o que me temo é que, como case sempre, e agora o lamento como alcalde, as medidas impopulares nos toquen sempre aos alcaldes. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Na miña primeira intervención, señor Álvarez Dobaño, xa lle adiantei media ducia de liñas ou cuestións que nós pensamos que se deberían de abordar se queremos ir realmente á resolución deste problema; co cal eu creo que máis construtivo case imposible. En todo caso, *alegráme* iso que di dos 21 millóns de euros, o que me gustaría tamén é que me aclarara se estes 77.000€ que a Xunta pagou a xornais impresos para publicar as declaracións de Feijóo sobre os incendios é a primeira partida que se vai a gastar dentro deses 21 millóns euros ou ben dalgún outro lado. Pon aquí tamén, un pouco máis abaixo: *o goberno galego fixo unha ducia de contratos de ata 17.000 € para culpar dos incendios a un suposto terrorismo incendiario do que a Fiscalía salienta que non hai probas*. Tenme que volver a perdoar, pero é que parece o señor Feijóo, e por extensión vostedes, máis preocupados por apagar o lume que provocan na sociedade e nos medios de comunicación e nos veciños e veciñas as consecuencias dos lumes forestais que os propios lumes forestais. Señor Presidente, a realidade é teimuda e acaba retratando a cada quen. Acabamos de ter

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

unha vaga de lumes que puxo contra as cordas ao país e vostedes, parece que non queren sacar ningunha lectura do que aconteceu. Xa non so, porque ninguén asuma responsabilidades políticas, que sería o lóxico, como aconteceu no país irmán Portugal, máxime cando o propio Feijóo admitiuno, estivo doce horas fóra de control, senón porque na súa proposta de Orzamentos para 2018 non haxa un can para as partidas en prevención e valorización do rural. A Xunta non só ignora a vaga de lumes nos orzamentos, senón que mesmo prevé recortes en prevención de incendios, conxela os recursos de colaboración cos concellos e entidades privadas, recorta en 2,8 millóns de euros a partida de posta en valor do medio rural e caen en 1,47 millóns de euros os recursos para emerxencias e protección civil. E claro que ten que haber dimisións. Ten que dimitir a prepotencia, a mentira e ten que dimitir unha política fracasada e pirómana ao servizo de ENCE Non é normal que mentres o país arde polos catro costados e a xente está a xogarse as súas vidas (coa desgraza da perda de catro delas) e a posibilidade de perder as súas propiedades, aquilo polo que estiveron loitando toda unha vida, os medios públicos galegos non estean informando puntualmente do que acontecía. Unha auténtica vergoña, señor Presidente. Non se pode saír, por parte do Presidente da Xunta, como acabo de dicir, e da Conselleira falando de tramas delictivas organizadas, cando a fiscalía de Medio Ambiente di que non hai argumentos para soste esa tese. Non se pode pedir aos demais mesura cando o actual goberno actuou de xeito absolutamente *carroñeiro* (fago meu o seu adxectivo) cando se produciu a vaga de lumes no 2006, xa o recordei, na que ao Conselleiro que apenas levaba 15 días no cargo, estaban a pedirlle a dimisión ou que o cesara o entón presidente da Xunta, por non falar da indecencia, tamén me referín na miña primeira intervención, de poñer os mortos por enriba da mesa. Isto, señor presidente, non se arranxa con ocorrencias para salvar a cara diante da cidadanía: a aposta que vostedes fan pola extinción, dedicando máis de 174 millóns de euros este ano, non da resultado máis que para as contas das empresas privadas. De aí que se faga absolutamente necesaria cambiar de paradigma, insistimos, mediante un gran pacto nacional galego. Esa é a prioridade se queremos poñerlle freo a esta sangría que ano tras ano devasta os nosos montes e que ten unhas repercusións inmediatas e a longo prazo de enorme envergadura. En función de todo isto, nós vamos a votar en contra da súa moción e tamén votaremos en contra da emenda que presenta o Partido Socialista

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

porque matiza un punto en concreto, pero non aporta nada ao que é o *meollo* da cuestión entendemos nós. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: Hola. Plácido no respondiste practicamente a ninguna de mis preguntas. Resumiste mi intervención de 16 minutos con una crítica y un juicio de valor. É como cando dixo o outro: non te enteras de nada, non te enteras de nada; home, eu non, pero o alcalde de Carballada de Avia sabe perfectamente con quen falou e contigo non falou. Contigo non estivo que non o visitaches, tamén no so cho dixen eu, díxocho tamén despois o do PSOE. Pregunteiche o de Feijóo, Plácido, de por qué entonces dice que hay que demostrar que los incendios son provocados, pero logo cando bota a boca a pacer en Madrid di que practicamente son todos provocados; entón para que lle pides á xente iso porque é un problema para que a xente reciba axudas. Iso é moi importante. O tema dos enterros que dixen antes, a este fastídialle que lle diga que non lle chega á altura dos pés ao pai (mira que o pai era un cacique), pero realmente o pai ía aos enterros. Este é tan psicópata que a dor das persoas dálle igual. Mira, mira, rise, fala co outro, dálle igual, dálle totalmente igual. Yo fui el primero que lo dije cuando entramos aquí y escuchamos su discurso: estamos ante un psicópata y el tiempo lo demostrará. Estamos ante un psicópata, psicópata de corbata es la gente que no tiene sentimiento ninguno, que no tiene emociones, en eso estoy totalmente convencido. ¡Home! fai pouco xulgaronlle á muller por falsificación e estaba tan tranquilo, polo menos poñerte nervioso se che xulgan á muller por ese tema. Plácido, explícame una cosa, por favor, hola, sí, hola Plácido, ¡ah!, mira, Plácido, explícame una cosa, si resulta que vais a hacer una aplicación para, en tiempo real y al segundo, decir dónde están ardiendo cada tal.; una auténtica idea de loco de este señor; si resulta que la Xunta de Galicia tarda cuatro días en emitir informes, considera además que zona ardida es donde empieza a arder, cuando arde la superficie, y tarda cuatro días en realmente emitir los puntos donde están los focos, ¿cómo puede una aplicación por gente amateur que lo haga en tiempo real? ¿me lo puedes explicar? Non prestas atención porque como non vas a contestar, dáche igual. Pero explícame eso, si la Xunta tarda cuatro días en dictaminar realmente los focos, ¿cómo puedes hacer una aplicación para que en tiempo real se haga de forma eficaz? Parece una broma. O en la Xunta son parvos o vosotros vais a poner al mando de los móviles a genios. Lo que me llama la atención, a parte de eso, es por qué motivo le estáis haciendo llegar a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

los ayuntamientos, o sea, cancelasteis lo de las brigadas antes de tiempo y luego le decís a los ayuntamientos que contraten a gente. Pero claro, a los ayuntamientos les llevaría un plazo contratar a esas personas; con lo cual esa burocracia daría tiempo ahora mismo a que hubiera más incendios y no podría haber brigadistas porque a los concellos no les daría tiempo. Igual que metéis aquí en el punto este de la moción, ponéis que lo que hay que hacer es *elaborar un Plan de Recuperación para que os concellos da provincia dispoñan de plans municipais de prevención*. É dicir, cando se trata de contratar obras, que é onde está aí meter a man, a Deputación centraliza todo; pero cando é a merda, é dicir, a prevención de incendios, iso que o fagan os concellos. Oye, ¿por qué delegas los marrones en los concellos y lo bueno lo guardas para la Diputación? ¿cómo tienes esa jeta? Tú quieres que los concellos hagan prevención de incendios, ¡claro, eres muy cuco! Si después fallan, é culpa dos concellos. E logo, as cousas boas que as faga a Deputación. Tienes un morro que te lo pisas. ¿Qué más? Ah, un tema impotrante. Es la segunda vez aquí que pasa, la tercera o la cuarta, non sei, vamos a ver, aquela señora que creo que é de Oímbra (¿é alcaldesa de Oímbra ou non?, perdona, es que como no eres famosa...) resulta que a alcaldesa de Oímbra un día botoulle en cara a Armando Ojea que *vostedes non coñecen o rural* e vaillo dicir á persoa que máis coñece o rural de Ourense porque traballou nos 92 concellos; vaillo dicir precisamente a el. Eu non coñezo o rural como Armando Ojea, pero ao mellor aquí o señor Plácido non sabe que nós (antes había moitas máis orquestras que agora, creo que solo quedan cinco, pero daquela había moitas orquestras) una de las fuentes nuestras de vida fue el vender equipos de sonido para las orquestas que estaban tocando en los pueblos; entonces, también que me digas mí que no conozco el rural, cuando realmente vendí equipos en cantidad de pueblos... Por eso me gusta la música hortera, porque desde pequeñito ya me dedicaba a eso, ¿entiendes por qué me gusta más la música hortera y la pachanga? Dice: *usted señor Jácome é un urbanita pero do rural vexo que pouco sabe e do Gerês menos*. Vamos a ver, me dice: non sei quen lle deu eses datos. ¡Coño! Me los dio gente que está más enterada que tú, una de las personas que trabajan allí. ¡hombre! Me está diciendo que son diez personas, va todos los días a trabajar allí, al Gerês, todos los días, desde Orense, le paga obviamente la administración el viaje, le pone la furgoneta y todo. Sabe perfectamente como se cuida aquel monte. Me dices: *usted sabe poco*, el que sabe poco eres tú. Te decía antes lo de las orquestas porque precisamente allí en la zona de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Lobios, está allí Paco da orquesta Terra Nosa, que está jubilado. Resulta que me hace gracia porque me dices: *é que vostede coñece pouco o tema do rural*. Entonces te voy a dar un dato importante Plácido para que veas como metes la pata. O sea, tu forma de defenderte es haciendo juicios de valor. *Usted señor Jácome creo que coñece pouco o rural e ademais coñece pouco a zona do Gerês*. Pues resulta que los incendios fueron el día 15 de octubre, ¿sí o no?, non sabes nin a data, ¡bueno! Pues una semana antes, una semana antes, estuve yo en el Gerês. Mira, una semana antes, en el Gerês, con Paco de Terra Nosa. Dime non coñeces cando fun unha semana antes. Bien, te voy a dar un dato espectacular, una semana antes estaba ardiendo la zona de río Caldo (no la española, la portuguesa). Río Caldo, donde compró Ronaldo la casa, ¿no sabes dónde es? Río Caldo xa estaba ardiendo, aquí teño a foto, o 8 de outubro; ¿quérela ver?. O 8 de outubro ¿por que? Porque Portugal sabes que ardeu antes, sabes que en Portugal houbo mortos. Pois o normal da Xunta é se se dan as condicións en Portugal é moi posible que tamén se deran en España; e efectivamente, sete días despois apareceu en España. Pero vouche dar outro dato, resulta que los incendios normalmente obedecen a ciclos ¿por qué? Porque es cuando, realmente, las zonas quemadas non van a arder o ano que vén. Esos ciclos sulen ser cada 5 o 6 años. Oye, si ardió en el 2006, si ardió en el 2011; oye, le tocaba el 2017. ¿Qué prevención hicisteis vosotros del 2017 sabiendo que es un año tremendamente de riesgo? ¿Qué prevención hicisteis en la Xunta y en la Diputación? ¡Cero! Sois unos inútiles, coño, si una semana ardió el Gerês antes, estaba yo allí (aquí están las fotos) y me dices: no te enteras de nada. Oye, súbeno antes ca ti. Vamos a ver, ¿me estás diciendo que las fotos son falsificadas? Dime, ¿son falsificadas? Se queres tráioche o ticket do restaurante onde comemos porque teño varias probas. Precisamente en una de las zonas donde eres tú. Recordo eu unha orquesta, una anécdota da zona túa, que fomos vender un equipo de son e houbo unha avaría, tardou media hora. Estaba a xente allí no público toda mosqueada porque a orquesta tivo unha avaría de media hora. ¿Sabes en qué año fue? Creo que fue en el año 97 y recuerdo que cogí yo y le dije a la gente allí de tu pueblo, le dije: *tardaremos unos minutos en reanudar tal* (porque había un problema de micrófonos, pero todavía funcionaba la megafonia) y dije: *mientras tanto pueden deleitarse, si observan a la izquierda, el cometa Halley Boop* (que estaba pasando por aquí esos días). Fue mi salvación. Lo que te quería decir con todo esto es que solo haces juicios de valor: *usted no tiene idea*, precisamente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

cuando estuve una semana antes, xa estaba ardendo. O que quero me me digas é iso as incongruencias que che preguntei. Luego, no me resolviste la pregunta que te hago, ¿Por qué le metéis a los concellos toda esa broza, cando vós despois o bo querédelo gardar para vós? ¿Por qué Feijóo dixo esa incongruencia? Que tampouco me contestaches. E sobre todo dime, dime, se ides votar por puntos e dime os tres puntos que todo cidadán está demandando: desbrozar, cortafuegos y reforestar; nese tema non te queres meter pero é a clave para atallar os incendios. Todo o demais é merda, todo o que falas aquí: *instar ao goberno de España para a posta en marcha dun programa de axudas...* ¡Deixáme de rollos! A clave sabes moi ben cal é: cortafuegos, desbrozar e reforestar. ¿Cando o ides facer?. Punto.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, sen acritude algunha, evidentemente o que vostede manifesta é seu e faise responsable diso, ¡solo faltaría! Cualifícanos a vostede, non aos demais. De todas maneiras, *carroñeiros*, ¿para ver si entrabamos nós nese pique e non falabamos doutras cousas? ¿para se lle votabamos en contra? Mire, hai que ter coidado con determinadas palabras porque se volven en contra como un *boomerang* para quen as pronuncia. Neste caso a vostede vólvenlle pero pasando polo ano 2006. Entón, ¿si nos damos por aludidos? Non home non, solo faltaría en todo caso si nos damos por aludidos si vostede con iso pretendía tomarnos por tontos e que nós piquemos niso, élle tarefa inútil. Non comulgamos con iso e non lle vamos tragar esa hostia, xa llo digo. Alude vostede, evidentemente, a que os incendios non só afectan a Galicia, tamén a Portugal, tamén a Asturias, tamén a California, a Grecia, a Australia; pero entenderá vostede que primeiro *arreglemos* o noso e unha vez que teñamos *arreglado* o noso, si tal, xa imos a Portugal ou Asturias, ou mesmo a California. Iso dígollo a modo de chanza porque o tema é o suficientemente serio, o que estamos abordando e eu creo que hai que tomalo con esa seriedade. Eu non coñezo o rural de ir de paseo a el, eu coñezo o rural porque vivo nel. Eu son Francisco, un rapaz de aldea, coma quen di un ninguén (parafraseando a famosa obra de Neira Vilas) e eu o que vou facer é botar unha ollada atrás, trinta anos atrás cando eu era máis novo do que son agora e daquela iamos, os veciños da miña aldea e máis eu, a apagar os incendios que practicamente eran no mes de setembro todos. Certo que daquela eramos máis xente e máis novos, hoxe non chegamos nin a terceira parte dos que eramos daquela e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

estou falando hai 30 anos; un tempo relativo se queremos. Daquela non había medio de extinción ningún, en todo caso aparecía algún avión destes amarelos e vermellos cando o lume xa chegaba á forestal, o ICONA que lle chamabamos daquela; pero o resto dos incendios apagabámoslos os veciños, sen batelumes, daquela os batelumes eran as xestas, se había. O certo é que tiñamos os camiños e as presas de auga limpos, os propios veciños, e coñeciamos o terreo. Os montes tamén estaban máis limpos, rozábanse porque se aproveitaban e obtíñase un rendemento económico do monte que hoxe non hai. Probablemente se imos a moitas casas do rural, aínda as persoas maiores lle dirán daquela trabe ou aquel castiñeiro que estaba en tal sitio ou cando necesitaban unha achega extra de diñeiro ían e cortaban uns árbores e tiñan aí digamos a conta corrente, en lugar do banco, tiñana na finca. Nin había pistas forestais, nin medios de extinción como xa dixen antes, e si faciamos contra lumes para evitar que o lume chegara ao arborado, á superficie arborada e ardía si, pero non como agora. Evidentemente tamén se traballaban os perímetros ao redor dos pobos e non como pasa hoxe en día, que moita xente plantou e planta piñeiros, eucaliptos incluso en superficies que antes eran agros e protexían os pobos. A realidade é esa e eu enténdoo a vostede no último que dixen, ao respecto dos alcaldes, é certo os alcaldes teñen un marrón por encima que moitas veces non teñen medios para enfrontarse e aínda por encima a presión dos veciños. Esa é a realidade que está aí e temos que solventala. ¿Que pasou? Funme 35 anos atrás, pero é que despois todo foi mudando. Chegaron as subvencións e cambiárono todo, as infraestruturas, melloraron as comunicacións; pero en vez de traer xente, no meu pobo e imaxino que en moitos máis, levárona e sobre todo a xente máis nova. Aquelo que tiña valor, o monte, deixou de telo e tamén mudou a extinción. Empezaron a aparecer as brigadas de extinción e a xente, maior moita dela, empezou a dicir que apaguen eles que son os que cobran e deixouse de vivir o monte como algo seu, como algo dun. Iso está aí e iso vainos ser moi difícil de mudar e para iso necesítase un pacto de país. E por encima da súa intervención e por encima de botarnos á cara uns aos outros o que dixemos ou o que non dixemos, está esta realidade que nos vai ser moi difícil de mudar, moi difícil de mudar e de cambiar. Porque como dixen antes a situación climática cambiou. Mire hai uns días, Miguel Bautista e máis eu estivemos alá por Viana do Bolo vendo unha explotación gandeira. Un *chaval* novo que se incorporou e que optou e recibiu unha axuda (aínda non viu os cartos dous anos despois) unha axuda da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Xunta de Galicia para incorporarse ao medio rural. 300 ovellas tiñan nun monte que practicamente, salvo xestas que non comen as ovellas, o resto non tiña que lle dar de comer. ¿De que se queixaba a rapaz ese? Dos poucos que se incorporan; que apenas tiña axuda; que dos rulos que contaba coller para este ano, collera a quinta parte e que llos estaba dando agora. Ou apoiamos a esa xente con esas 300 ovellas, que é a mellor maneira de previr incendios neses sitios, ou apoiamos a esa xente ou tomamos medidas así ou o resto, mire, o resto será, entenderanme, será non so seguir queimando o monte; senón que con elo queimaremos millóns e millóns de euros cada ano (este ano creo que 170 millóns, así estaba nos orzamentos da Xunta) con políticas erradas de extinción e creo que tamén con políticas erradas de xestión forestal. Isto é o reto que temos por diante, se o queremos coller e se o queremos asumir. Para isto entenderá, e aí foi a miña intervención, máis vehemente ou non señor Álvarez Dobaño, que para isto sobra o resto. Se queremos traballar, despois de min, despois de vostede, despois de máis xente, virán outros; pero se queremos ter unha política de país neste tema e se queremos atallar esta cuestión de raíz, temos que empezar a traballalo xa, con vontade e con decisión política. Si, política, a política é algo bo. Política. Remato, moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez, simplemente unha matización, acábanme de dicir agora, a min algo soábame, pero o señor Suárez Canal non tomou posesión 15 días antes, foi no 15 de agosto do 2015 e isto foi en setembro do 16. Simplemente un dato para non manipular á xente. Perdón 2005 -2006, a ver se eu vou a colaborar a manipular sen me dar conta. Señor Pérez Jácome, mire, xa llo dixen nalgunha outra ocasión e tamén llo vou dicir agora outra vez, mire, eu teño o mesmo tempo para defender a moción do meu Grupo e contestarlle a vostedes, aos tres Grupos. En todo caso, vostede actúa para o que actúa, para a tele. Eu interveño para os veciños e veciñas desta provincia; polo tanto intentarei, vai a ser complicado porque vostede é hábil, intentarei que non me leve de actor gratuíto á súa tele. Dito isto, matizareille algunha cousa das que dixo vostede que me pide que conteste. Mire, eu non son portavoz do señor Feijóo. Vostede como non ten representación no Parlamento de Galicia, ou que dixo que a ía ter, pero logo non a tivo, pois que lle vamos a facer, ten que esperar. Ao señor presidente da Xunta de Galicia hai que controlalo ¿onde? No Parlamento, non aquí. Aquí controlamos ao señor presidente e ao Grupo de Goberno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

que o apoia. Entón quede claro ese tema. Con respecto á aplicación que vostede se mofa dela. ¡*Hombre!* Nós o que pretendemos é mellorar o que hai, señor Pérez Jácome, senón carecería de sentido que lla presentáramos. Espere vostede a ver o que facemos e logo critíquenos; pero espere vostede, non se impaciente. Vostede impaciéntase moito e logo as cousas non lle saen como quere, non lle saen nunca, fai as contas dunha maneira e non lle saen. ¿Que a Deputación non colabora cos concellos e que lle da os marróns? Home, mire, esta Deputación, e eu son alcalde dende fai moitos anos, colabora con maquinaria, *desbrozadoras*, máquinas de todo tipo, motoniveladoras, bulldozer, retroescavadoras, incluso brigadas, brigadas que tamén fan algún tipo de *desbroce* en espazos públicos máis ou menos próximos aos pobos. Entón, estamos aí. ¿Cal é o compromiso do presidente e deste grupo de Goberno? Estar máis aínda, máis aínda porque hai que aprender das desgrazas tamén. Iso non é oportunismo, iso é aprender Señor Pérez Jácome. Sorpréndeme que coñeza tanto o Xurés, pero polo que vexo coñece moito vostedes as prazas dos pobos que é onde se fan as festas e, polo que vexo, algún restaurante, supoño que bo, espero que faga publicidade; pero o rural élle moito máis e o Xurés moitísimo máis. ¿Que eu non me *entero*? Probablemente, xa sabe que a miña linguaxe é sempre respectuosa, incluso, incluso, con vostede. Entón non lle vou dicir eu iso, que eu non dixen que vostede non se *enteraba*. Revise o que dixen. Dito isto, se me permite o presidente, porque, claro, fálase aquí de moitas cousas e un dispón do tempo que dispón. Tema Carballeda que parece que todo o mundo está empeñado en defender *no se qué de Carballeda*, pois eu no que estou empeñado é en evitar que volva a haber unha desgraza como a que houbo alí, ou en calquera outro sitio como houbo en Pontevedra. Entón, dareille catro datos rapidísimos para que quede claro. O deputado de cooperación, don Pablo Pérez que teño á miña dereita, visitou o mércores pasado o concello de Carballeda de Avia a petición, repito, a petición (non foi porque quixo) dos veciños das localidades de Muimenta e da Abelenda para coñecer as necesidades máis urxentes que tiñan os habitantes en ambas as dúas poboacións. Entre as principais demandas, entregadas por escrito ese mesmo día, figuraban a substitución de redes de abastecemento de auga, acondicionamento de pistas, limpeza de cunetas, etc, etc...Os escritos están aquí por si alguén os quere ver. Pablo Pérez comprometeuse cos veciños, como non podería ser doutro xeito, a facer fronte a esas primeiras necesidades básicas con todos os medios posibles por parte da Deputación de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Ourense, facilitando materias e maquinaria como acabo de citar. escoitados os veciños, tamén se formulou a posibilidade de ofrecer a colaboración dos arquitectos desta Deputación para redactar proxectos ou memorias en aras de restaurar, recuperar as casas ou simplemente os inmobles que arderon. Polo tanto teñan en conta o seguinte, tamén, tamén (digo porque hai que coñecer as dúas versións e logo cada un que se quede coa que queira ou que valore como queira) o día 18 de outubro o deputado Pablo Pérez en persoa na reunión executiva da FEGAMP, a que pertence o señor alcalde de Carballeda e máis don Pablo Pérez, ofreceulle os medios da Deputación persoalmente, en vivo e en directo, ao señor alcalde de Carballeda de Avia (membro tamén desa executiva como digo); recibindo por resposta críticas e reproches que nada tiñan que ver coas solucións que como servidores públicos (isto engádoos eu) debemos estar todos aí. Polo tanto, e remato con este asunto, somos alcaldes e eu que o son así o fixen, eu chamei ao señor presidente da Deputación en máis dunha ocasión, dúas ou tres, chamei ao presidente da Xunta de Galicia, chamei a conselleira de Medio Rural, a conselleira de Medio Ambiente e, como din no meu pobo, non me caeron os *anillos*. Pois ben, son os alcaldes os que chaman á Deputación para formular cuestións, así o fixeron moitos alcaldes e alcaldesas (eu incluído) e no caso de Carballeda nin rastro do alcalde. O que si, foron catro asociacións –tres de veciños e unha de montes- as que se dirixiron a esta Deputación pedindo axuda. Para rematar, quero significar brevemente que esta foi a primeira Deputación en presentar iniciativas apenas 24 horas despois do peor momento desta vaga de lumes e cos montes aínda fumegando; recórdeno. Tamén a primeira Deputación en amosar a súa colaboración á Xunta de Galicia antes de que o goberno galego fixera unha chamada á cooperación doutras administracións. Nós xa nos adiantamos e o señor presidente ofreceu esa colaboración antes de que nola pediran. A primeira Deputación en pedir a adopción de medidas de choque para axudar aos damnificados, antes de que a Xunta anunciara esas axudas ás que me referín antes. Polo tanto, o noso compromiso é agora atender ás necesidades máis inmediatas, pero teñan por seguro que este goberno provincial seguirá a traballar para evitar na medida do posible que volva a suceder o acontecido a mediados deste mes. Aínda que quixera dicirlles que eu que vivín o incendio de cerca, como outros moitos por desgraza, o capitán da Garda Civil da zona de onde son e máis eu case quedamos atrapados no medio porque nos pasou o lume como cen metros por encima nosa e acendeu un pouco máis adiante. Dígoos para que logo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

diga o señor Pérez Jácome que isto se *arregla* cunha brigada de non sei cantas persoas e facer un cortalumes non sei por onde. Eu o que lle digo con todos os respectos, señor Pérez Jácome, veña un día por aquela zona da terra que eu o vou a levar para que vexa que isto non lle é así de fácil. O drama que vivimos os días 14, 15 e 16 deste mes non chegou a máis, e quero dicilo aquí alto e claro, polo titánico esforzo de todos os profesionais e civís que participaron nas tarefas de extinción dos lumes. Eles arriscaron as súas vidas, mentres outros, e vólvo a repetir señor Fragas Civeira, non lles chegaba o tempo para facer política desta situación preparando manifestacións e/ou *pancartiñas*. Vólvolle a dicir, non se dea vostede por aludido se non ten que darse. ¡E volta! É que é imposible, eu hoxe exprésome mal, debe ser que ando moi *griposo* e cun accidente. Dese por aludido se lle parece, *o que se pica allos come*. Se vostede se quere dar por aludido, déase, é o seu problema e o da señora de atrás tamén. Pois se me contestou, eu vólvolle a responder outra vez, se se da por aludido é o seu problema. Pois entón escoite e sexa respectuoso, que eu funo con vostede e á señora tamén. A súa dedicación non vou a esquecerla, e refírome aos civís; a actitude de outros, tampouco e refírome aos que acabo de dicir. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (11), o voto en contra do Grupo Popular (14) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación o texto da moción do Grupo Popular, e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º- Constitución dunha nova comisión informativa especial e permanente denominada de “Incendios Forestais e Emerxencias”, con representación de todos os grupos políticos en proporción idéntica ás xa existentes.

2º- Que a dita comisión de incendios forestais e emerxencias conte, entre as súas atribucións, coas seguintes:

- A exposición e debate de protocolos para a defensa do noso territorio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

- A participación, se así se require, en calidade de expertos, de representantes do goberno autonómico, do goberno central ou calquera persoa ou entidade vinculada ao sector, para coordinar información e plans de actuación.
- Proponer a modificación das normativas que actualicen a lexislación en vigor e que respondan ás necesidades da nosa provincia.
- Calquera outras cuestións que merezan o pronunciamento da comisión, ben directamente ou para a súa proposta en pleno, no ámbito dos incendios forestais e das emerxencias.

3º- Impulsar un sistema de información cidadá que permita, coa posta a disposición por parte das administracións públicas con competencias dos datos que poidan facilitarse, en dispositivos móbiles, coñecer en tempo real a existencia de lumes activos, a súa localización, o nivel destes e os medios e persoal que está colaborando na súa extinción.

4º- Elaborar un plan de cooperación para que os concellos da provincia dispoñan de plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais e os integren nos plans de emerxencia municipais, tendo en conta as normas aplicables, sinaladamente a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais e a Lei 7/2012, de montes de Galicia.

5º- Instarlle ao Goberno de España a posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos que a vaga de lumes provocou na provincia de Ourense, tras a valoración previa polos servizos técnicos que correspondan, ofrecendo para iso a colaboración do persoal desta Deputación de Ourense.

6º- Instarlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a impulsar a inscrición de áreas queimadas de Ourense nos proxectos de compensación de CO₂, a través dos cales se están a compensar emisións nos ámbitos dos proxectos Clima.

7º- Instarles ás administracións autonómica e estatal á adopción de medidas urxentes e a posta en marcha de actuacións inmediatas de recuperación da nosa paisaxe e da nosa natureza para evitar a chegada de cinzas aos cursos fluviais mediante o chamado “bombardeo de sementes”, e iniciar a recollida da 5ª fracción na recollida do lixo en grandes produtores e áreas urbanas, para transformala en compost específico para a rexeneración de vexetación en áreas especialmente degradadas polos incendios.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

A continuación o Sr. presidente cédelle a palabra a don **Miguel Bautista Carballo do Grupo Socialista** (que a pediu por alusións), e este realiza a seguinte intervención: en primeiro lugar, de lumes non sei máis que vostede, sei igual, igual exactamente, exactamente igual. Son voluntario de Protección Civil, entón vou aos do meu concello, e aos dos concello do lado e aos doutros concellos. O día ese dos lumes, este que está aquí voulle dar a chamada ao 112 e a miña conversación co 112, porque vostede non sei cantas veces me nomeou e quedou así no aire como si eu era un *carroñero*, a min nomeoume non sei cantas veces. Mire, eu estoulle dicindo o seguinte, porque como dixer o que dixer, e se teño que quitalo, quítoo, se lle pareceu mal, o dos vinte e un millóns de euros, *sencillamente* digo na provincia do Bierzo, na antiga provincia do Bierzo, no ano 2000 ardeu, por todos os lados, sendo conselleiro Del Álamo e o delegado Prado Verdeal cando Medio Ambiente levaba os lumes, ¿sabe unha das primeiras medidas? Bombardeo de sementes, ¿sabe onde terminaron os bombardeos de sementes? No río Sil. Grazas

6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE MELLORA DO PLAN PROVINCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS BENOURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: moi bos días a todos e todas. Vou a dar lectura da exposición de motivos que nos leva a presentar esta moción. Falar da nosa provincia en termos reais implica falar dun panorama certamente desolador en termos demográficos. Ourense perde uns 4.000 habitantes cada ano, mentres lidera unha das taxas de natalidade máis baixas de toda España ao tempo que somos a primeira no que a taxa de avellentamento se refire, cun saldo negativo de preto de 3.000 habitantes. A nosa provincia, de feito, é a terceira de Europa no tocante a índices de avellentamento. Máis do 30% dos habitantes de Ourense teñen máis de 65 anos. Este panorama complétase coa configuración territorial dunha provincia na que a dispersión poboacional é a norma e os concellos de menos de 5.000 habitantes representan máis do 85% do total. Falamos, entón, dun gran número de persoas que viven nos concellos rurais, en núcleos espallados e que ou ben son potenciais demandantes ou ben xa usuarios de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

servizos sociais da área de dependencia. Mentres nos enfrontamos a esta crúa realidade, o contexto dos servizos sociais non é moito máis prometedor. Ante o abandono, por parte da Xunta de Galicia, das súas obrigas competenciais no eido da dependencia, dende o ano 2012, as Deputacións teñen que asumir o financiamento do SAD básico nos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento de contratación de persoal técnico dos equipos municipais dos servizos sociais comunitarios. Isto outorga á Deputación de Ourense unha gran responsabilidade a cal non está plenamente asumindo posto que o actual programa provincial resulta insuficiente e discriminatorio. Insuficiente no que a dotación se refire e discriminatorio con concellos de menos de 5.000 habitantes non mancomunados que teñen que prescindir dos servizos de persoal técnico como educadores sociais ou psicólogos. Os datos son esclarecedores e falan de inmensas listas de agarda no que a recoñecemento da dependencia se refire. Mentres as valoracións, por parte da Xunta, se eternizan, os concellos temos que asumir déficits de horas de atención anuais que leva a que, por exemplo, Viana se denuncie unha lista de agarda de 10.000 horas ao ano. Os concellos teñen que asumir estas esperas e atender á xente cun financiamento insuficiente e atendéndose ás horas concedidas pese a seren coñecedores das moitas que precisan e que, en moitos casos, asumen e financian de xeito autónomo. O Decreto 99/2012 establece que os concellos teñen a obriga de desenvolver e xestionar, por si mesmos ou asociados, centros ou programas de servizos sociais comunitarios específicos. Máis aló desta obriga normativa, está a obriga moral dos alcaldes e alcaldesas da nosa provincia que non queren deixar na estacada aos veciños e veciñas que aínda non teñen concedida axuda algunha por dependencia. Ao anterior, un financiamento claramente insuficiente, hai que sumar o feito que os concellos de menos de 5.000 habitantes, non mancomunados, non teñen dereito ao financiamento para contratar a outro profesional a maiores do traballador ou traballadora social. Isto complica a intervención en numerosos casos nos que se requiren outro tipo de profesionais tales como psicólogos ou educadores sociais. Así mesmo xa se ten dado o caso de concellos que manifestan o seu desexo de unirse co concello limítrofe e acadar así máis de 5.000 habitantes que lles daría dereito a conformar UTES, que son as Unidades de Traballo e Educación Social, e recibir financiamento para contratar a un destes técnicos. A realidade dos servizos sociais de dependencia, na nosa provincia, complétase con traballadores sociais e traballadoras que se lles require unha carga burocrática que impide

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

que dediquen as horas necesarias a facer intervencións cos usuarios e usuarias, o mesmo acontece coa educación social. Os requirimentos de *papeleo* supoñen unha carga de traballo excesiva que resta horas de atención reais aos veciños e veciñas dependentes .

É polo que traemos estas seguintes propostas a Pleno:

1. *Incrementar a dotación económica destinada aos concellos dentro do programa BenOurense, co obxectivo de que desde os concellos se poida ampliar o número de persoas atendidas así como traballar o eido preventivo da dependencia.*
2. *Ampliar e corrixir o actual programa da Deputación no tocante ao destinado aos outros técnicos de servizos sociais, co obxecto de que se poidan acoller ao mesmo, os concellos de menos de 5.000 habitantes que non estean mancomunados.*

Por agora nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. A nosa posición ao respecto deste tema é coñecida. Xa nos temos manifestado en anteriores ocasións tamén ao respecto de que estamos diante dunha competencia impropia desta Deputación e que este tipo de achegas deberían prestarse pola Xunta de Galiza. Aínda así, poderíamos compartir o feito de que a deixadez do Goberno Galego, nesta e noutras materias, fora paliada desde a Deputación colaborando no mantemento destes dispositivos, co que si estamos en absoluto desacordo, e rexeitamos de plano, é o feito de que con diñeiro público se financien servizos que poidan ser privatizados, independentemente de cal sexa o seu modelo de xestión. Esta moción, que mellora substancialmente e corrixe algunhas das cuestións contidas nas bases ao tempo que reclama máis financiamento, dende o noso punto de vista non vai ao cerne do asunto e non entra a valorar un feito para nós é innegociable, e que ten a ver como xa explicamos anteriormente a respecto do modelo de xestión, que entendemos que debe ser público. Polo tanto, en función disto, a nosa postura ao respecto desta moción do Grupo Socialista vai a da abstención. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Isto garda relación coa moción que presentamos case ao principio do Pleno relacionada coas dificultades prácticas que ten que os concellos non acaden un número mínimo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

habitantes para que se podan facer unha serie de cousas. O señor Rosendo creo que non entendeu ben cando eu fixen as comparacións coas axencias de seguros; iso era unha comparación ilustrativa de que se necesitan ás veces para que funcionen os números grandes, as estatísticas, para que funcionen os números grandes, para que se poidan facer orzamentos, para que poida haber planificación necesítase un mínimo de casos. No caso concreto do número mínimo de persoas que se necesitan por concello para ter garantidos os servizos sociais, segundo o Consello de Europa (que non o digo eu, que non sei nada disto), pero segundo o Consello de Europa a partir de 8.200 residentes poden estar garantidos os servizos sociais. Ese é o número mínimo para ter garantías, para que sexan sostibles os servizos sociais. Non entendo entón moi ben, sabendo iso, como o Partido Socialista votou en contra da nosa moción primeira na que *sencillamente* se pedía que se estudase a posibilidade de que certos concellos se puidesen facer máis grandes de distintos xeitos e agora, claro, veñen aquí co problema que teñen os concellos de menos de 5.000 habitantes para non ter acceso a este servizo básico. Esta é unha cousa, que volvo a repetir, que xa o dixen na miña primeira intervención, que me parece realmente asombrosa; que os dereitos básicos dunha persoa dependan dun factor tan externo a ela como que viva nun sitio no que hai máis xente ou menos xente. Como se os dereitos non fosen algo consubstancial á propia persoa, senón dependente dunhas conxunturas tales como: teño un número x de veciños ao meu arredor ou non. *O sea*, se eu teño hoxe un dereito porque vivo nun concello de 5.001 habitantes e se me *fallecen* no seguinte ano tres ou catro ou se marchan, xa non teño ese dereito. ¡Os dereitos dependendo de conxunturas así! Iso é o que xa dicía eu na miña primeira intervención. Entón, se se necesita ese número mínimo de habitantes, que se necesitan sempre; unha empresa necesita un número mínimo de clientes para funcionar (e que non me diga agora o señor Rosendo que fago comparacións, non, son ilustracións, non son comparacións), se necesita este mínimo número que di o Consello de Europa (que son 8.200, di o Consello de Europa) non entendo por que non se apoiou polo menos un estudo para facer os concellos máis grandes. A Lei de hoxe é esa, con menos de 5.000 habitantes esas persoas non teñen ese dereito, entón teñen que recorrer a *triquiñuelas* como, ao final, asociarse co concello do lado, recibir axuda da Deputación que é o que se está proponendo nesta moción, na que vamos a votar a favor, dende logo, porque unha das cousas que ten que facer a Deputación é axudar aos concellos nestas deficiencias, pero non de xeito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

paternalista como dicía eu ao principio. Estas axudas parecen como un paternalismo: *bueno, xa que estes pobriños concellos, pobriños, non teñen axudas solo son 1.000 veciños...*que hai un montón, xa sei que hai un montón de concellos que non pasan dos 1.000 veciños, incluso en toda España, e incluso nunha grande proporción non pasan de 500. Xa digo, o problema do resto de España non é o desta Deputación, esta Deputación ten o problema que ten que é a provincia de Ourense. Agora vémonos na obriga de que a Deputación teña que tutelar, axudar de *bueno voluntad, si tienen a bien...*Un concello pequeno, *si tiene a bien que la Diputación apruebe esta moción para que se suban esas partidas...*¡home! Aquí é onde se ve que a visión de futuro que temos nós é totalmente distinta. *Sencillamente* dicir que imos a apoiar a moción, parécenos normal que os dereitos desas persoas sexan consubstanciais á propia persoa e non ao tamaño do concello no que vive, os habitantes que teña... Por certo, unha reflexión que tamén a puiden facer eu antes, moitos estudos din que ao mellor os *presupuestos*, o diñeiro co que se tiña que financiar aos concellos, ao mellor non gardan tanta relación co número de habitantes como co número de recibos do IBI que se cobran porque os servizos máis caros que prestan aos concellos non están relacionados directamente coas persoas, coas vivendas, asfaltados etc... Efectivamente hai moitas vivendas incluso que son, segundas residencia ou que son vivendas de verán, etc.. Entón, hai mellor hai que cambiar tamén o criterio do reparto dos cartos porque ao mellor un *pueblo* con menos veciños, o Concello vese obrigado a gastar máis *cuartos* porque ten máis casas, porque ten máis quilómetros de *carretera*, ou o que sexa. Non estamos tamén moi seguros de que o criterio dos habitantes teña que ser o criterio último para repartir os cartos; pero estámonos marchando un pouco do tema. *Sencillamente* aproveito esta moción para recuperar as reflexións que fixemos na nosa moción primeira que falaba da reestruturación da planta municipal. Por outra parte, apoiaremos esta moción. Grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Permítame un extra que non acostumo a apartarme da orde do día, pero para que o señor Bautista Carballo, co que me prezo de ter unha relación elegante, non marche de aquí cunha mala interpretación do que digo; aínda que hoxe débome expresar mal porque parece que me interpretan todos bastante mal. Eu referínme a vostedes, única e exclusivamente, dado que fixo unha manifestación de que os da Xunta no día de onte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

parece que se puxeron tolos aprobando tantos *cartos*. Creo que, máis ou menos, dixo iso; non me referín a nada máis. O resto, parece que lle gustou a palabra que citei, vólvolle dicir o mesmo que ao señor portavoz do seu Grupo, si se dan por aludidos non é o meu problema, que se dea quen se ten que dar. Dito isto e brevemente porque este asunto xa foi debatido en numerosas ocasións e recordo as dúas últimas, por exemplo o debate dos orzamentos do exercicio 2018 que aprobamos fai pouco e, como non, o Pleno do 30 de decembro de 2016. ¿A nosa postura cal é? Pois é clara e determinante. Polo que se refire ao apartado un da súa moción, anúnciolles, señora Rodríguez Rodríguez, que é compromiso do señor presidente e así se aprobou, así llo recordo, (seguro que mo vai recordar vostede, pero tamén xa llo recordo eu que nós temos algo de memoria, a histórica e a máis *reciente*) que no pasado Pleno do Estado da Provincia se aprobou unha resolución, proposta por vostedes, de intentar, na medida do posible, incrementar a dotación orzamentaria para axuda no fogar, a prestación básica. Niso estamos, o compromiso do presidente adiántolle que é ese e unha vez liquidado o orzamento do ano 2017 e visto o remanente de Tesouraría co que contemos, digo, é compromiso do presidente que estudemos de novo este asunto. Polo tanto, adiántolles xa que si entenden que podemos votar separadamente os dous puntos da moción, a este votariamos a favor. De non ser así, votariamos en contra e supoño que o entenden. Sen *olvidar* que, nos orzamentos do ano 18, esta Deputación conta con 2,7 millóns de euros para as políticas de acción social. Recordémolo, é un esforzo importante. En canto ao apartado dous da súa moción, permítame que lea brevemente un informe da Área de Benestar desta casa que facemos noso é que di o seguinte:

A Deputación subvenciona, actualmente, a contratación de técnicos medios e superiores que, en atención ao Anexo 2 no Decreto 99/2012 (que tanto citamos neste tema) teñan a clasificación de Unidades de Traballo de Educación Social (as UTES) para aqueles concellos ou mancomunidades que teñan entre 5.000 e 12.000 habitantes; ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (as chamadas UNIS) para aqueles concellos ou mancomunidades que teñan máis de 12.000 habitantes cos seguintes módulos económicos (dígoo a efectos informativos): un técnico medio nas UTES a subvención é de 16.815€ (que se incrementou recentemente) e as UNIS, un técnico medio e un técnico superior que serían os 16.815 máis 20.229 que fan un total de 37.044 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Ao que vostedes nos propoñen. Si se posibilitara conceder subvención para agrupacións ou asociacións de concellos que non estiveran constituídas como mancomunidades, e sen ningún tipo de mecanismo, as posibilidades para formar agrupacións para chagar á poboación mínima que se require -5.000 habitantes para técnico medio e máis de 12.000 para técnico superior- e con elo obter subvención para técnico medio e superior, serían (como supoño que vostedes teñen claro) innumerables. Ademais, debe terse en conta que tamén se abre a posibilidade de que si as entidades que por poboación xa lles corresponde unha subvención para un técnico medio, se agrupen (por necesidade ou por picaresca) con outros concellos limítrofes e poidan ter tamén subvención para técnico superior do que tamén resultarían (tamén é obvio) numerosas posibilidades. No que atinxe á contía resultante da subvencións de técnicos medios e superiores a conceder, habería dúas posibilidades, non hai máis. Unha, aumentar a contía global asignada para técnicos ou outra, non queda máis, reducir a asignación para o servizo de axuda no fogar prestación básica que supoño que ningún de nós, sobre todo os alcaldes dos pobos máis rurais, o queremos. Polo tanto, o programa provincial BenOurense non impide, de ningunha maneira, a formación de UTES dos distintos concellos se estes son menores de 5.000 habitantes, xa que non é función de dito programa nin prohibir, nin permitir dita cuestión. O programa límitase, e xa se dixo unha e outra vez en debates varios, a financiar os servizos comunitarios das entidades locais para que poidan dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 35 do Decreto, xa citado, 99/2012. Repito, este programa nin autoriza nin prohibe a creación de UTES, limitándose unicamente a financiar as UTES e as UNIS xa existentes e digo, e digo, xa existentes. No ámbito de clarificar este asunto, xa o dixen no Pleno de decembro do ano 16, pero volverei a repetir, unha pequena simulación que se fixera para ese Pleno das múltiples, e digo múltiples, posibilidades que se poden dar en base ás propostas que vostedes nos fan. Simple *ejemplo*: resultaría que pasaríamos de 13 a 23 técnicos medios e de catro técnicos superiores a oito. E lémbrolles que o orzamento que temos previsto é en torno aos 300.000 para técnicos medios e superiores, e 732.000 para SAF básico (falo de datos do ano 17) e con isto teríamos que duplicar aproximadamente o orzamento para técnicos medios e superiores e iso implicaría minorar o SAF básico ou buscar recursos noutras partidas que serían minoradas tamén. En conclusión, se vostedes están de acordo, señor Fraga Civeira como dixen anteriormente, en votar separadamente os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

dous apartados; nós votariamos a favor do primeiro e do segundo non polas razóns que xa expuxen. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: Empezamos polo final, señor Álvarez Dobaño, moitas grazas pola súa disposición pero vamos a votar a moción conxunta. Logo dicirlle unha cousa, señor Armando, eu persoalmente estou en contra das fusións de concellos. Esas fusións de concellos que vostedes din crean dispersión. Logo outra cousa, non estou en contra de que algúns concellos nos agrupemos para a prestación de servizos. No terceiro tamén que dixo, traemos esta moción aquí porque dende o ano 2012 as Deputacións son as que teñen que asumir o financiamento do servizo básico; polo cal é polo que traemos esta moción aquí. Logo, xa entrar no que tiña que dicir, teñen que recoñecer todos que as cantidades que se achegan actualmente a este servizo son insuficientes, ata nalgúns casos irrisorias, hai concellos que nin chegan aos 3.000€. Na provincia de Ourense nos atopamos que temos un avellentamento demográfico instalado no noso ADN. Temos unha poboación envellecida e dependente, moitos deles non entran no sistema de dependencia e cando entran, xa morreron. Os concellos temos que asumir esta asistencia a través da prestación básica. Todos e todas que temos esta responsabilidade municipal, saben do que estamos a falar. Temos que asumir, vostedes sábeno, por prestación básica a dependencia. En moitos casos esta xente non entra en dependencia, xa que tardan moitos anos ata ser recoñecida esta situación. Os concellos temos que facer un esforzo económico, un esforzo económico duns niveis que non son competencias nosas; polo cal é polo que traemos esta moción, porque temos que garantir o financiamento para os servizos sociais dos concellos. En relación ao que pedimos no punto segundo desta moción, o que dixo o señor Plácido, o señor Álvarez Dobaño foi o mesmo, si que é verdade que este tema é o que repiten sempre e polo cal foron desestimadas as alegacións porque reclamamos que se introduza unha modificación en virtude do establecido no artigo do Decreto que dicía 1999/2012 no que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento. Sabemos que o programa provincial non impide a formación de UTES destes concellos, sabemos que este programa se limita a financiar os servizos comunitarios existentes; pero o que pedimos é moi conciso: que se podan acoller concellos de menos de 5.000 habitantes que non estean agrupados en mancomunidades. Porque xa, como saben, non se poden crear novas mancomunidades. Porque xa tamén sabe que hai unha Lei, a famosa Lei Montoro do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

2013, que aínda que non esteamos endebedados, aínda que teñamos superávit, non podemos ter autonomía para xestionar os nosos recursos; é dicir, non podemos contratar. Vostede sabeo. O que pedimos é moi claro, que as bases permitan a creación de UTES en distintos concellos se estes son de menos de 5.000 habitantes e, polo tanto, non poden acceder de forma individualizada á contratación de persoal. Mire, se queremos que esta lexislatura sexa a do rural, invistamos no rural para vivir nel. Está moi ben ser a provincia intelixente, pero como lle vamos explicar aos nosos veciños e veciñas que non se poden quedar na súa casa nos seus últimos días e cunha atención adecuada a cal, esta atención, está recoñecida por Lei. Se queremos cambiar o abismo ao cal nos encamiñamos é necesaria unha oposta polos servizos sociais; se queremos ter pobos en lugar de ruínas; se queremos crear novos postos no rural é necesario investir neste tema. moitas Grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Respondéndolle á portavoz do PSOE, vostede fala de dispersión como se fora o demo. ¿Que ten de malo a dispersión a *priori*? O concello da Estrada é máis grande que a inmensa maioría dos concellos de Galicia e o concello de Lalín tamén e teño entendido por aí tamén que hai varios concellos de tamaño enorme que non presentan maior problema. O da Estrada, non me faga moito caso, ata non sei si é o máis grande de España, ou un dos máis grandes de España concretamente; pero non me fagan caso porque agora falo de memoria. Pero que é grande e enorme, si, e que ten 400 núcleos ou máis de poboación, e o de Lalín tamén. Entón, o da dispersión *per se* non é problema. Hoxe en día o problema non é o espazo físico, o problema hoxe pode ser o tempo e ademais se se levan a cabo as melloras de administración electrónica tamén. Xa dicía tamén na miña primeira intervención, a determinados efectos xa hai unha dispersión enorme, aos efectos dos *colegios*, aos efectos dos PAC e non son sitios aos que se vai unha vez cada ano como se vai aos concellos. Dicía que a Deputación é a que ten competencias, ¡claro que si, efectivamente! Pero nós tamén falabamos de que habería que pensar que se no futuro, non deberían ser os concellos os que deberían ter estas competencias con máis financiamento. Eu creo que estabamos todos de acordo en que o financiamento dos concellos hai que melloralo, de que hai que lle dar máis cartos aos concellos para que asuman estas competencias e para que non dependan da Deputación, neste caso da boa vontade para darllas ou non. Vostede di que cre na cooperación. Nós tamén dixemos que críamos na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

cooperación, pero que críamos na cooperación como solución provisional; loxicamente non podemos saltar bruscamente da planta que hai hoxe a unha planta ideal, así, cuánticamente, sen pasar por uns estados intermedios que permitan estudar a viabilidade ou non viabilidade de certas fusionés ou de certas segregacións. A nós tamén nos parece moi ben esa clase de cooperación, pero aproveitando esta clase de cooperación para tomar información de se non se poderían entón fusionar eses concellos; porque se estas colaboracións se manifestan repetitivamente ano tras ano positivas, ao mellor hai que convertelas en estruturais. En vez de ser asociacións conxunturais, convertelas en estruturais e redimensionar a planta, iso é o que quería dicir. Volvo dicir, vamos apoiar a moción porque ao marxe da provisionalidade que nós lle atribuímos a estas asociacións, porque estamos seguros que dentro de 30 anos ou 40 anos a planta municipal, a narices, ten que ser cambiada, ao marxe da provisionalidade hoxe por hoxe é o que hai e a fusión de concellos, ou cambio de límites municipais, ten unhas consecuencias xurídicas e unhas consecuencias de normas enormes dende a propia normativa electoral ata moitísimas máis que non se pode facer máis que cos pasiños pequenos; pero a referencia, o faro que está alí *alumbrando* no futuro para nós debería ser ese e mentres tanto imos arando cos bois que temos, neste caso, recorrendo a colaboracións, a mocións coma esta para ir aprobando, para garantir o que xa dicía eu que deben ser dereitos básicos consubstanciais á persoa e que non poden depender de factores *exógenos* como son a pertenza ou non a un concello máis grande ou máis pequeno, ou dun número de habitantes máis grande ou máis pequeno. Nada máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Un dato (agora que nos puxemos algo máis tranquilos) un dato para o señor Ojea, que me están pasando por aquí, o concello máis grande en superficie de Ourense é aquí onde vota o señor Anta (sobre 300km²) e o máis grande de Galicia me di aquí, o amigo Pablo, que é A Fonsagrada con 400 e pico km²; pero o de España, creo que é por alá por Estremadura, 1.700 e pico. Se nos asustamos diso, mellor non falar. Señora Rodríguez Rodríguez, nós o do SAF básico entendemos que se debe mellorar, pero se debe mellorar na medida do posible. Permítame, non un consello, si unha suxestión, *averigüe* vostede por que algúns concellos desta provincia reciben tan pouca cantidade de axuda para o SAF básico, *averigüe* vostede e ao mellor leva algunha sorpresa. Igual non é cuestión do que lle dan, é cuestión de como se organizan. Dito iso, recórdolles que os concellos que non dispoñen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

destes técnicos medios (referíndome xa ao punto dous no que non estamos de acordo), digo técnicos medios ou superiores en ningún caso quedan desamparados, e quede claro, en ningún caso quedan desamparados e díxose aquí en múltiples ocasións. Vostedes sábeno ben, dado que en calquera momento, calquera concello dos de menos de 5.000 habitantes (e eu dou fe diso porque son alcalde dun deles) podemos solicitar á presidencia desta Deputación o asesoramento preciso e os técnicos da área de benestar nos atenden practicamente de inmediato, quede claro, (e que non se me enfade ninguén, porque igual se me enfadan outra vez); outra cousa é, señora Rodríguez Rodríguez, é que unha vez máis, esta proposta esconda, máis ou menos habilmente, non tanto a necesidade de prestar un servizo aos cidadáns, senón a de buscar un posto de traballo para alguén en concreto. Polo tanto, ¿proposta lexítima a que nos presentan?, pois claro que si, pero inasumible nestes momentos. Esa é a razón do noso voto en contra. Volvo a dicir, pero que manía por darse por aludidos, un *ejemplo burdo*, se a todos os políticos lle chaman ladróns, eu non me dou por aludido. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: eu tampouco me vou a dar por aludida, por suposto, para a contratación de ninguén e non creo que ningún dos concellos que pediran o ano pasado, que presentaron para poder acollerse a este tipo de medidas, tamén o fixeran xa pensando nunha persoa para poder contratar. Eu de verdade que non creo que fose iso. Cada un que pense o que queira. Cada un somos libres de pensar o que fan e o que pensan. Logo, dicirlle ao señor Armando que o meu grupo sempre defendeu que os servizos sociais básicos comunitarios deben estar nas maos dos concellos, pero contando cun financiamento axeitado sen que teñamos que estar pendentes do que nos dan outras administracións. Pendentes, tamén, de cantas horas nos van a dar por dependencia. Pendentes de que mes nos van a dar esas horas (e vostedes que son, algúns, grupo de goberno saben ao que me refiro), porque, para moitos de nós, esa cartiña que firma o conselleiro que nos chega, así, un par de veces ao ano, na cal nos di de cantas horas vamos a dispor de máis; para nós non son horas, son persoas. O Decreto 10/2015 da Xunta de Galicia establece como prazo para resolver o grao de dependencia dunha persoa, dende que se presenta a solicitude, un máximo de tres meses e outros tres para determinar o PIA que é o Programa Individual de Atención; é dicir o servizo concreto que mellor se adapta a cada usuario e usuaria. Estes, como dixen, son seis meses de espera mínimos porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

despois nos atopamos que non hai horas para dar de alta a estes usuarios no servizo. Mire a dependencia é un longo camiño que os concellos temos que asumir por prestación básica de usuarios, moitos dos cales porque se atopan nunha situación vulnerable, ben eles ou ben o seu entorno familiar. Ademais, a día de hoxe, os concellos atopámonos cun labirinto de galimatías á hora de tramitar e xustificar este servizo con financiamento a través de dúas vías, Xunta e Deputación, con requisitos e tramitacións diferentes; con diferentes aplicacións (tamén o saben vostedes) o que lles ocupa moito tempo aos traballadores e traballadoras sociais que lles impide dedicar este tempo ao seu labor de intervención, converténdose en meros introdutores de datos. Eu creo que todos vostedes saben do que estou a falar. Traballadores e traballadoras sociais que teñen duplicada a súa carga de traballo. Vou rematar xa referíndome ás cantidades destinadas nas bases, son claramente insuficientes. Somos unha provincia con gran cantidade de pensionistas e dependentes e polo cal esta casa ten que facer un esforzo que nestes intres estamos a facer moitos concellos, por riba das nosas posibilidades. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

7º.- MOCIÓN CONXUNTA GRUPO SOCIALISTA, DEMOCRACIA OURENSANA E BNG PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS IRREGULARIDADES DETECTADAS NO SISTEMA DE BOMBEO DE AUGA ENTRE O RÍO MIÑO E OS CONCELLOS DE PUNXÍN, CENLLE E SAN AMARO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra aos grupos autores da moción para que expoñan o seu contido.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. A verdade é que parecía que ía ser un Pleno breve, a tenor da orde do día, pero foise estendendo; entón neste asunto vamos a ir con certa rapidez. Traemos aquí esta moción conxunta porque, despois de falar coa Comisión Intermunicipal da Auga destes tres

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

concellos, nós temos dúbidas fundadas acerca dos datos recollidos nos estudos que se manexan para a xestión deste servizo nos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro, xa digo estes servizos que presta a Deputación por delegación destes tres concellos. Quede constancia, xa o levamos dito varias veces, que nada temos en contra da delegación que fan os concellos nesta casa, é unha facultade súa, no que non estamos nós xa tan de acordo é cos custos do servizo. Para nós, existen sobrecustes que deberían de ser aclarados. Sobrecustes cos que, supoñemos, que se pretende agochar ou compensar unha fuga enorme, monstruosa de 100.000 m³ de media nos últimos seis anos, de media anual nos últimos seis anos, na primeira fase do bombeo. Existen tamén sospeitas fundadas de que esa fuga, *entrecomillada*, encubra un consumo industrial no concello de Cenlle. Fuga que, por tan avultada, debería de estar á vista de todos; é dicir, debería de aparecer nalgún sitio esa auga, algunha *carretera*, algún camiño, algún lugar por onde pase a canalización; pero non é así. Fuga que tamén, cos medios dos que dispón esta casa, pois debería ter detectado ou terse detectado con facilidade. Esta fuga non é un tema menor porque inflúe, e moito, nos custos que dende a Deputación se lle liquidan aos concellos por este servizo e, en definitiva, aos veciños que son finalmente quen o pagan de xeito directo ou indirecto. O que se pretende con esta moción, coa creación desta Comisión, é eliminar precisamente esas dúbidas das que eu falaba; cómpre botar luz sobre esas sombras e cómpre, sobre todo, cumprir cos requisitos da transparencia. Porque non esquezamos que transparencia non é so o que nos queren ensinar é sobre todo que poidamos ver o que queremos ver. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: nós acollémonos esencialmente ao que di o portavoz do Partido Socialista Obrero Español, son así as siglas ¿non?. Como saben nós non temos representación neses concellos, eles si. Digamos, como resultado das reunións que tivemos coa Comisión Intermunicipal da Auga chegamos ás mesmas conclusións que chega, neste caso, o portavoz do Partido Socialista. Eu *solamente* fago unha reflexión, porque os números ás veces son un pouco fríos pero o tamaño desa fuga de 100.000 m³, que son 100.000.000 de litros ao ano, está na orde de magnitude do que botan as Burgas de Ourense, ao redor de 200 litros por minuto, 300 litros, bueno, ao redor de 200 litros por minuto, as Burgas creo que botan un pouquiño máis, pero esa fuga estaría na orde de 200 litros por minuto. Iso, como dicía o portavoz do Partido Socialista, ten que saír por algún sitio; porque a auga, como dicían na aldea, a auga

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

busca. Entón, iso tiña que saír por algún sitio e, nese caso, coincidimos co señor Fraga en que tería que terse detectado. Nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi rápido. Compartimos os argumentos que xa se expuxeron por parte dos dous portavoces anteriormente. Este é un tema ao que lle vimos dando voltas dende fai tempo nesta casa. Entendemos, tamén, que chega o momento de darlle algún tipo de solución e de aclarar todas as dúbidas e todas as cuestións que hai ao redor deste bombeo e loxicamente pensamos que a mellor forma de facelo sería a través dunha Comisión deste estilo - da que se *plantea* na moción por parte dos tres grupos - porque aí poderíamos estar todos representados, vernos todos as caras, escoitar a todos os interesados, a todos os que teñen algo que aportar ao respecto deste tema. Sería a mellor forma de chegar a algún tipo de conclusión, ou de solución, ou de acordo ao respecto desta cuestión porque entendemos que os pasos que se teñen dado non son os máis acaídos para resolvela. O feito de comunicarse a través dos medios, a través de roldas de prensa, a través de escritos, etc... ao fin non aporta ningunha solución e a solución pasaría, como digo, por unha Comisión de investigación destas características onde estiveramos todos representados, onde se puidera escoitar aos veciños e veciñas o que tiveran que dicir e de aí quitar algún tipo de conclusión que puidera levar a solucionar definitivamente o problema. E tamén, como xa se dixo, outro dos argumentos que nos levan a solicitar esta Comisión en concreto é que a transparencia da que esta casa presume *siempre*, pois hai que demostrala con feitos prácticos. O mellor feito práctico é intentar unha Comisión, neste caso para abordar este tema, unha Comisión que busque unha solución e busque precisamente arroxar esa transparencia que agora mesmo non hai en función do que a nós se nos traslada dende os colectivos destes pobos. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Dicían vostedes na exposición de motivos da moción a afirmación: *dende fai anos unha comisión veciñal vén investigando e denunciando* (non sei onde serán esas denuncias, referiranse a todas as numerosas notas de prensa que sacan unha vez tras outra) *denunciando irregularidades na xestión do sistema de bombeo*. A instalación de abastecemento en alta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

de Razamonde - San Trocado que xestiona esta Deputación, por cooperación e petición cos concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro, foi entregada por Augas de Galicia o 27 de xullo de 2016, polo que o primeiro dos convenios de colaboración, aprobado en marzo de 2016, ten executividade dende o 1 de agosto de 2016 (isto tamén parece que lle custou a alguén entendelo); é dicir, que as responsabilidades desta institución provincial remóntanse a pouco máis dun ano, non a fai anos. Pido perdón porque isto vai a ser unha *chapa* tremenda, pero é necesaria. Moitas das presuntas irregularidades denunciadas, a moción concreta a existencia dunha suposta fuga, que alguén que fai números e cábalas sen firmar documentos, di que hai unha suposta fuga de 100.000 m³ de auga anuais, serían responsabilidade, en tal caso, de infraestruturas non xestionadas pola Deputación e, en consecuencia, dificilmente investigables aquí. Creo que non lles teño que explicar o que é o abastecemento en alta e o abastecemento en baixa; supoño que hasta aí chegamos todos. Pero falando de perdas de auga, Augas de Galicia, segundo o conselleiro de Medio Ambiente na época do bipartito Manuel Vázquez Fernández, non *Casalta*, senón *Pachi*, aclároo porque tamén hai un Manuel Vázquez Fernández aquí, o alcalde de Punxín, metido na Comisión de seguimento, pois repito que falando de perdas de auga, Augas de Galicia, segundo o conselleiro de Medio Ambiente, na época do bipartito, tiña cifradas as perdas dos sistemas municipais de abastecemento en Galicia, nunha media que roldaba o 50%. Hoxe en día esta porcentaxe acércase ao 30% e para calquera xestión de sistemas de abastecementos resulta un obxectivo razoable conseguir que as perdas non pasen do 20%. O sistema xestionado pola Deputación ten un rendemento do 95%, perdas do 5%, computando as perdas por probas, postas en marcha e rotura das instalacións en garantía que, por certo, foron debidamente comunicadas aos concellos, as cales llo trasladaron a Augas de Galicia quen ordenou ao contratista a súa reparación. Se excluímos as perdas por estas roturas, producidas entre outubro do dezaseis e xaneiro do dezasete, o rendemento sobe ao 98% de media; quere dicir un 2% de perdas. Porcentaxe explicable pola marxe de erro e subcontaxe de contadores de gran diámetro. Logo, esa fuga da que falan, que representaría o 33% de auga producida neste primeiro ano, ou non existe, ou de existir, non a busquen no sistema de abastecemento da Deputación; pero de existir estaría dentro duns canons razoables, tal e como lle indiquei antes, polo estudo feito polo bipartito. Sei que os estou a aburrir, pero aínda falta. Non nos cansaremos de explicar, podémolo dicir máis alto,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

pero non máis claro, que esta institución xestiona un sistema de abastecemento en alta e ten tres abonados: os concellos de Cenlle con dúas subministracións, Punxín e San Amaro. A única relación cos consumos finais dos abonados de cada concello é, nalgún caso, a xestión de cobro dos recibos emitidos por eses concellos. A outra denuncia da comisión veciñal que recolle a moción é a da existencia de sobrecustes de todo tipo que a Deputación repercute nas arcas municipais. É curioso como estes custes, recollidos nos convenios, lles parecen razoables a aqueles que tiveron responsabilidades de gobernar, ou que as teñen (como aquí ou como hai xente aí, e así se falou nunha Comisión na que xa saíu este tema) aqueles que tiveron responsabilidade de xestionar captacións e dacións da auga e por iso asinan o convenio e parécenlle excesivos a quen nunca xestionou unha instalación deste tipo. En calquera caso, a Deputación non fai máis que trasladar os custes que soporta, é dicir: a enerxía eléctrica, a operación e o mantemento da instalación. Quizais convén recordar aquí, a modo de exemplo ilustrativo da inexactitude de cantas sospeitas se verten sobre este convenio e a bondade do mesmo para o concello ao resultado de analizar o período do convenio xa liquidado no ano 2016. Nese período, o gasto soportado pola Deputación na xestión da infraestrutura da adución Razamonde - San Trocado pola asistencia técnica conveniada para o ano 2016, que abrangue dende agosto ata decembro ambos incluídos, foi de 38.144 € (non sei porque están tomando nota porque realmente isto xa o teñen todos en todos os *papeles*, ou están a debuxar ou non o entendo). Nese período o gasto soportado pola Deputación na xestión da infraestrutura da adución Razamonde - San Trocado pola asistencia técnica conveniada para o ano 2016, que abrangue dende agosto ata decembro, foi de 38.144 € e o facturado aos concellos foi de 37.307; é dicir, 836 € menos do realmente soportado (¡tanto non nos equivocamos!) e a este déficit en contra da Deputación hai que engadir o gasto soportado por esta fóra do Convenio, pero realizado, para garantir a subministración de 12.110 € en actuacións de primeiro establecemento, limpezas, análise de verificación inicial, etc.. Polo tanto, ¿onde están os sobrecustes e onde as perdas de auga nas responsabilidades desta institución provincial? Administración, esta, que non fai outra cousa que atender á solicitude de axuda dos convenios titulares de instalación e dos servizos municipais de abastecemento, e por certo repartimos eses custes segundo o acordo dos propios concellos. Vou a facer un inciso. Temos unha Comisión de seguimento na cal están representados, evidentemente, a Deputación cos técnicos, co secretario xeral da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Deputación aquí presente, co *jefe* da Área de Medio Ambiente, co deputado que lles fala e tamén cos alcaldes dos tres concellos implicados e incluso se pediu unha persoa máis de cada concello. Hai un membro da oposición do concello de Punxín que sei que vostedes, polo menos o señor Fraga Civeira, si ten falado con el e lle ten explicado bastante ben estes datos e coido que sabe mellor de todos estes números que calquera un de nós. Tamén sei que hai outros partidos que asinaron esta moción, que o señor Joaquín Moldes lle ten ofrecido inmensidade de veces información a vostedes, ao señor Rodríguez Suárez e ao señor Lois Seara, e en ningún momento lla pediron. Ese señor si que sabe porque ese señor si que é un señor que fundou a chamada comisión veciñal e é o señor que ao estar aquí nos da a nós a seguridade de que non se está a facer nada estraño. Continúa a exposición de motivos da moción dicindo: *entre outras presuntas irregularidades que a Deputación ata agora non quixo aclarar*. ¿Que outras? ¿Non saben concretalas ou non se atreven a asumir como propias as acusacións de terceiros? E sobre todo, ¿como que a Deputación non quixo aclarar? Que saibamos, vostedes, señor Fraga Civeira, preguntaron e solicitaron (pido perdón porque sei que isto é unha *chapa*, pero *bueno*, é o que hai), que saibamos vostedes, señor Fraga Civeira, preguntaron e solicitaron listaxes e copias de documentos directamente dende o Grupo Provincial Socialista, ou dende os grupos municipais socialistas de Punxín e de San Amaro, o 15 de febreiro do ano 2016, o 15 de abril do ano 2016, o 3 de abril do ano 2017, o 26 de abril do ano 2017, o 22 de maio de 2017, o 28 de xuño do ano 2017, o 28 de xullo do ano 2017 e o 30 de agosto do ano 2017. En todas as ocasións, e se poden confirmenmo, con maior ou menor dilixencia lles foi entregada toda a documentación, en ocasións con informes técnicos. Ademais vostede, señor Fraga Civeira, solicitou acceso a algúns dos expedientes (subministración de enerxía eléctrica e contratación do mantemento) o 8 de maio de 2017 e o 30 de agosto de 2017 e, en ambos casos, púxose a súa disposición e facilitóuselle copia da documentación solicitada, ¿é así? Creo que si. Perfecto. Quizais non se atreven a soster e a facer súas as acusacións que a Comisión intermunicipal veciñal vén facendo ante a prensa, en ocasións coa presenza e silencio de vostedes sostendo despois que cada un é responsable das súas palabras e alí vostedes non abren a boca; pero como din no meu *pueblo*: *quen cala, outorga*. Insistimos, ¿que outras presuntas irregularidades esta Deputación non quixo aclarar? Ata o de agora vostedes só preguntaron e quen acusa en determinados medios de comunicación é, ao parecer, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

Comisión veciñal. Non nos consta nin unha soa pregunta formulada por ela, nin unha sola petición de aclaración. O que si me consta é que este deputado que lles fala invitou á Comisión intermunicipal a unha reunión nesta Deputación, á que, ademais, asistiron responsables provinciais e municipais de dous dos Grupos asinantes da moción e que se celebrou na sala de xuntas desta casa o 2 de xuño do ano 2017, na que os técnicos da Deputación responderon durante máis de dúas horas de xeito detallado ás cuestións trasladadas pola Comisión Intermunicipal. Se algunha cuestión non se esclareceu, é porque non foi formulada pola Comisión. Os técnicos desta institución, que non son técnicos do Partido Popular (cómpre resaltalo), explicaron por que se erra ao tomar determinados valores estatísticos como datos reais; ao extrapolar valores tomados en determinados contextos a outros non equiparables, ao confundir o ámbito de aplicación de determinados *ratios* e, sobre todo, ao descoñecer obrigas e cuestións legais que foron minuciosamente expostas. Aquí vostede nomeoume os últimos seis anos. Os datos dos últimos seis anos non son datos reais. E os datos con que se fan os estudos non son datos reais, despois explicareillo, aínda que creo que xa llo explicaron aos que estaban alí presentes. De feito, causa vergoña ler declaracións dalgún membro da Comisión veciñal acusando aos servizos técnicos da Deputación de falta de rigor. Rematan vostedes a exposición de motivos solicitando a Comisión de investigación ante a falta de respostas detalladas. Que alguén non coñeza as minuciosas e motivadas respostas dadas polos técnicos, explicaría que lle queden sen aclarar supostas irregularidades; pero non significa que as respostas non se lle teñan dadas. Que o Consello de Contas de Galicia acordou fiscalizar os feitos, ¡formidable!, unha proba máis da transparencia que hai aquí. Xa o verán. Tamén estaremos á súa enteira disposición para facilitar toda a información dispoñible, como ata o de agora, ata quero entender que xa saíu para o Consello de Contas toda a información que se ten facilitado a vostedes, sen que estes mesmos a solicitaran. Porque, de feito, tamén sabemos que esa carta que lle enviou o Consello de Contas, a maior parte dela, di que non vai a estudar os temas dos que se lle pide porque non son competencia del e que si vai a estudar os temas –algúns dos que se lle piden- pero dentro da auditoría que lle fagan ás contas dos concellos, das auditorías normais. O Consello de Contas actúa no Concello de Quintela de Leirado tamén e non hai bombeo Razamonde - San Trocado; é dicir, iluminacións poucas. E por agora, nada máis. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente e moitas grazas señor Pérez pola súa ilustración e pola súa profusión de datos; pero a fuga segue existindo e non nos podemos escusar en que xestionamos a alta e que na rede de alta non se produce porque, claro, a Deputación –como ben dixo vostede– é coñecedora dos datos e da xestión da auga tanto do Concello do Punxín, que xa lle levou a xestión completa da auga en anos previos, así como da facturación previa dos concellos de San Amaro, coma de Cenlle. A información que a nós nos pasan e que nós temos, e que manexamos, evidentemente é de contrastar os datos que vostedes mesmos nos facilitan. Deses datos o que nos dan, evidentemente si do estudo do bombeo da auga que se bombea saen unhas cantidades de auga bombeada e da auga que se factura sae outra, aí hai unha diferenza moi grande que non se solventa con perdas do sistema porque con esas cantidades de auga, vamos, é que está a valadeira toda de Cenlle no río; iso é unha monstruosidade, que non son só perdas do sistema. Eu entendo que a Deputación, que vostedes o teñan fácil con dicir que só xestionan a auga en alta, moi ben, pero é que a Deputación, a parte de xestionar ese servizo por delegación dos concellos, ten outros servizos de cooperación cos concellos. ¿Por que non se busca esa fuga? Hai maneira de detectala, ¿si ou non? Evidentemente, claro que coñezo ao señor Joaquín Moldes, fíxese vostede que ata fai uns anos veu falar comigo para encabezar a lista do PSOE de Punxín. Fíxese se o coñezo ou non. Fíxese se o coñezo ou non. Por certo, fala vostede dunha Comisión, na que nós lle votamos en contra, na primeira vez, porque non estaban representados os grupos da oposición e na segunda, na que vostedes ampliaron por iniciativa propia, porque evidentemente (eu exprésolle o meu, despois vostede rebata o que queira) evidentemente ao non ter Punxín un goberno con maioría absoluta precisa dos votos doutra forza política. E ¡milagro! ¿quen entrou como representante, como segundo representante, do Concello de Punxín nesa Comisión? O señor do que vostede fala. Naquel momento, aquí neste Pleno e así está nas actas e na Comisión, nós esa reforma da Comisión, esa modificación da Comisión, lle puxemos un nome, o nome del, esta é a *reforma Joaquín Moldes* porque se sabía perfectamente e calquera persoa que coñeza a situación sabe que foi a condición que lle puxeron para aprobar a adhesión de Punxín a ese convenio, a esa delegación. Iso é así. ¿por que non se permitiu que entrasen outros membros da oposición en San Amaro ou en Cenlle? Autonomía municipal dirame vostede, moi ben; ¡home!, é que pretenden ¿que nos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

chupemos o dedo? Vai ser que non. Se todo é tan claro e se dos datos que temos nós e se desa reunión, que si efectivamente houbo, e da documentación que nos teñen facilitado vostedes estivese todo tan claro, nós non perderíamos o tempo con isto. ¿A nós que nos preocupa? Que os veciños paguen de máis por un servizo, cando igual non deberían de pagar iso. Si eses son verdadeiramente os custos e os veciños pagan iso, está moi ben. ¿Cal é a nosa preocupación? Que eses non sexan os custos reais e que esa fuga, que evidentemente é auga tratada e auga bombeada, inflúa no custo final. Eu evidentemente, nin os meus compañeiros, nós vamos a meter no reparto que se fai entre os concellos deses custos, ¡só faltaría! ¿quen somos nós para dicirle aos concellos como teñen que repartir os seus custos? Alá os veciños de Punxín e de San Amaro se están de acordo co que pagan por ese servizo ou por ese reparto de custos. Alá eles. E despois logo, cada un (dígollo a vostede que o dixó antes), cada un é dono do que di; nós non dicimos nin máis nin menos que isto, nin máis nin menos que isto. E se todo está tan claro, e se nada hai que ocultar ¿cal é o inconveniente para solventar estar dúbidas nunha Comisión de investigación? Na reunión que houbo, de dúas, tres horas, nós fumonos con máis dúbidas das que viñamos porque botóuselle á culpa a Augas de Galicia; falouse con Augas de Galicia: a obra está ben e así foi recepcionada. Nós, si. A obra está ben e así foi recepcionada. Se non estivese ben, Augas de Galicia non recepcionaba esa obra; e a fuga está, evidentemente, non en alta, si fose en alta xa lle estábamos dicindo a vostedes que era a súa responsabilidade. Pero nós cremos que a Deputación algo máis ten que facer, cando ten que ser coñecedora desa fuga porque entendemos que procurará prestarlle o mellor servizo aos concellos, dun xeito máis eficiente, é dicir, ao menor custo posible. Ese é o motivo que nos trae aquí. Non queremos dúbidas sobre isto e por iso propoñemos a Comisión de Investigación. ¿Que problema hai? Entendemos que non debería haber ningún, solventando esa dúbida. E xa lle digo, o que é medible e neste caso hai moitas cousas que son medibles, non é opinable. Nós non queremos estar vertendo opinións sobre algo que é perfectamente medible, midámolo e ¿onde? Nunha Comisión de Investigación, por iso a propoñemos. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi brevemente señor presidente. Simplemente para facer esa reflexión que deixaba no aire o portavoz do Partido Socialista que explicou, entendemos que perfectamente, a cuestión. A nosa pregunta é, o portavoz do Partido Popular neste asunto insistiu varias veces ao longo da súa intervención

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

de que era unha *chapa*, de que era un tema farragoso, pois entendemos que si, e que mellor sitio para dar esas explicacións que nos acaba de dar que nunha Comisión deste estilo. ¿Que problema hai para crear esta Comisión? É como dicía eu na miña primeira intervención, intentar, intentar, ao mellor non o conseguimos, pero intentar dunha vez poñerlle un peche definitivo a esta cuestión que vimos arrastrando dende fai tempo e polo que se ve vamos a seguir arrastrando e seguir falando dela. Nós entendíamos que a mellor forma de facelo era precisamente nunha comisión creada ao efecto, onde todas as partes que teñan algo que explicar, o expliquen, e que dende alí poidan saír unhas conclusións que pecharan o tema, non definitivamente, pero que pecharan o tema para un tempo razoable. Nada máis, moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. *Chapa*, referíame a miña intervención, non ao tema; o tema é moi interesante. Reitérolle que dende esta institución fomos transparentes sempre e en todo momento. Atendemos a todas e cada unha das súas peticións, a todas e cada unha das súas preguntas, a todas e cada unha das súas solicitudes de reunión, a todas e cada unha das solicitudes de explicación requiridas. Non lle relatarei as datas outra vez. ¿Comisión de Investigación para que? Si xa vostedes sacaron as súas conclusións. Voulle a dar aquí unhas declaracións do señor Armando Ojea aos medios cando fixeron a presentación, *bueno*, vou facer como fixo o señor Miguel Bautista, nada, non funciona, pero espere que o teño transcrito: *máis que fuga o que parece haber é un consumo industrial encuberto á altura do concello de Cenlle e hai indicios –non imos a dicir que iso sexa o que sucede- pero hai indicios e por iso precisamente presentamos a moción para facer a Comisión esta que arroxe luz, de que puidera ser un coñecido balneario, concretamente o Balneario de Laias, que puidera ser o que está facendo consumo industrial encuberto. Digo que son indicios e non é que esteamos dicindo que sexa así; precisamente para iso será a Comisión.* Eu doulle *martillazos* na cabeza pero non quero matar. ¿Cales son as dúbidas razoables? ¿Son dúbidas as súas? ¿Son dúbidas as súas? Porque dende logo para os técnicos desta casa non existen. O que pasa é que vostedes danlle credibilidade aos técnicos cando lle convén. Indicios, os números feitos por un señor que non foi capaz de rebater os argumentos feitos polos técnicos desta casa na reunión mantida e que vostedes mesmos quedaron algo sorprendidos porque lle cambiou a visión do problema. Vostede mesmo me acaba de recoñecer que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

saíron daquela reunión con máis dúbidas das que entraron, iso é bo porque vostedes xa viñan so cunha versión; quere dicir que ao escoitar a outra versión xa saíron con dúbidas. Voulle a explicar o que se falou alí. O cálculo que fixo o señor que nos presentou alí o estudo, baseábase en 90 litros por persoa e día. ¿De onde sacou esa cifra? Pois da ONU, iso falouse alí aquel día ¿acórdanse?. Pois eses cálculos sacounos dos estudos da ONU así o dixo na reunión que mantivemos; pero a ONU dá unhas cifras de necesidades vitais, de dereitos da xente, de dereitos, que eses 90 litros para consumo humano e hixiénico é de 60 litros para consumo humano, pero non está falando de realidades do mundo occidental, está falando de dereitos. Fíxese ben, a concesión da Confederación Hidrográfica para este bombeo, que está a nome da Deputación, é de 350 litros habitante/día para todos os usos. 350 litros, mire xa onde van os 90 litros/día dos que nos falaba. Voulle dar como exemplo o concello de Ourense, o consumo no concello de Ourense cidade está en 185 litros habitante/día; agora engádalle nun *pueblo*, e vostede dixo que vivía nun *pueblo*, hortas, piscinas, consumos municipais e algunha fuga. O cálculo inicial da Deputación foi de 180 litros hora/día con incrementos ata 220 litros hora/día en época estival. Este cálculo non se fai ao chou, nin seguindo normativas da ONU, faise seguindo as normas e leis que marca o Estado, que marcan as leis polas que se teñen que facer tanto o proxecto do bombeo de Razamonde - San Trocado, como so números nos que basean os estudos os nosos técnicos. Iso vostedes sábeno porque alí se lle aclarou e creo que lle deron á razón a quen así llo dixo. Coñecido Balneario. ¿A que lle chama vostede consumo industrial encuberto? ¿Roubar? Dígao claramente como así lle pedín eu aos membros da Comisión intermunicipal cando nos reunimos con eles, díxenlles alí que me gustaría que non se falase de tramas nin de cousas raras, senón que puxeran nomes encima da mesa; evidentemente *nadie* dixo nada, pero *bueno*... ¿Cantas reunións señor Ramiro? ¿Máis ca nós? ¿Por que non chamaron ao concelleiro de Cambio Intelixente de Punxín tal e como se lles ofreceu a vostede e ao señor Lois Seara? Miren, aquí temos un documento do secretario do Concello de Cenlle, a petición do señor alcalde, onde certifica que ese coñecido balneario consumiu uns 62.266 m³ dende o 1 de xaneiro do ano 12 ata o 20 de maio do ano 17 e pagou 57.831 € de recibo da auga. Débelle ao Concello 0 € esta entidade. As acometidas á rede de abastecemento que teñen auga municipal é unha e os contadores de auga para cubrir o consumo de auga de dita entidade é unha. Realmente cren que unha Comisión arroxaría

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

máis luz a isto. Miren, vostedes sacaron a súas propias conclusións, polo que lles pido que si realmente sospeitan vaian á xustiza; xa que a Deputación nisto o único que fai é traballar e cooperar e non tomar ningunha decisión sen o acordo unánime dos concellos integrantes. Aquí non hai trama algunha, aquí hai alguén que ten dúbidas sobre uns números e non hai maneira de facelo entrar en razón polo que lles pido que vaian á xustiza. Pero dende logo que saiban que a Deputación ten confianza plena nos seus técnicos e que nin se manipularon, manipulan, nin manipularán números. Repito que o Grupo Popular non vai apoiar esta petición, como xa dixen, porque sempre tiveron toda a información solicitada e, aínda máis, porque vai carecer de calquera sentido cando lles entreguemos de novo toda a documentación que veñen a pedir. Señor Ramiro, voulla dar a vostede porque vexo que non fixo as copias. Señor Rodríguez Suárez pídlle que lle faga fotocopias ao señor Armando porque o señor Fraga Civeira xa ten toda a documentación que aí vai, *bueno*, hai algunha que non, que son os padróns de consumo. Miren, tal e como pediu tamén o portavoz da oposición de Punxín –membro da Comisión de Seguimento do Convenio- que por certo, como lle dixen antes, ten máis e mellor información que todos nós sobre o tema, ofrézcolles formar parte da Comisión de Seguimento – con voz - a un deputado de cada grupo. Señor Fraga Civeira, ánimoo a que sexa vostede ou calquera deputado do seu grupo, señor Armando Ojea decida vostede quen pode ser do seu grupo, señor Rodríguez Suárez decida vostede quen pode ser un membro do seu grupo nesta Comisión, *bueno*, é vostede o único, vaia. Pois reitero o meu ofrecemento a que formen parte desta Comisión con voz e estou seguro que así van a empezar a entender moito máis o problema. Sen nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, señor presidente. Señor Pérez, teña constancia de que se tivésemos todo tan claro, as conclusións tan claras, non presentábase esta petición de comisión de investigación aquí. Precisamente non a temos e os datos que quitamos nós están obtidos precisamente dos que vostedes nos facilitan. É certo que non teñen a mesma dilixencia para facilitarnos datos da facturación da auga de San Amaro, que a temos que pedir, estar recordando continuamente; pero ese é un caso a parte, deixémolo aí. Pero mire, máis alá de todo isto (vostedes lévanlle a facturación de San Amaro, a auga, por iso a pedimos aquí, así o fixemos e está pendente de contestar dende hai meses, así llo digo), alén disto, mire nós o que si temos é unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

evidencia porque aí hai un bombeo e dos custos da facturación deste bombeo saen uns litros de auga que, cando saen dos depósitos para a rede, falta un promedio de 100.000 m³ ao ano nos últimos anos. Esa evidencia, por moito que vostede diga, sigue aí. Eu dígolle, que fun alcalde e xestionamos a auga directamente do meu concello, así llo digo, sei do que falo, eu se teño unha fuga desta cantidade no meu concello é que non durmo de noite. Primeiro, porque estou malgastando os recursos dos meus veciños, estou malgastando os recursos e segundo, porque esa cantidade de auga nalgún lugar por onde vaia a saír, fará dano. Esa evidencia é a que nos leva a nós a pedir esta Comisión. Lamento que non a acepten, seguirá persistindo a dúbida. E ¡home! anos despois de constituír esa Comisión na que vostede nos quere incorporar, anos despois, válenos perfectamente, de varias veces traídas aquí ao Pleno as modificacións na composición desa Comisión; dános vostede agora a entrada. ¿Que mudou? ¿Pretenden solventar isto con meternos na Comisión? Xa nos podían ter metido antes e máis mire tamén non lle custaba nada que o segundo membro que puxo cada concello nesa Comisión, fose un membro da oposición. Maior transparencia e maior control. Non foi así, solo foi no Concello de Punxín por razóns obvias que foron as que lle dixemos antes. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (13).

8º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que non consta a presentación de ningunha moción de urxencia. O portavoz do Grupo Socialista solicita o uso da palabra manifestando que desexa formular unha moción de urxencia. O Sr. presidente concédelle a palabra.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: grazas. Ao fío dun informe que se lle pedira ao secretario por mor do acontecido no Pleno extraordinario do mes de agosto, no que nunha moción se meteron puntos reprobando ao presidente da FEGAMP e, á vista dese informe, que recibimos con posterioridade a ser convocadas as Comisións, por iso non presentamos para as Comisións porque xa estaban convocadas; pois

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

á vista dese informe, entre as posibles medidas que se propoñen para que o acordo que se adoptou naquel momento sexa de acordo á legalidade vixente, pois nós pedimos que: *se revogue inmediatamente o apartado tres do acordo adoptado no punto único da orde do día do Pleno extraordinario celebrado o pasado 9 de agosto de 2017 por vulnerar as regras do funcionamento do Pleno extraordinario ao tratarse dun acto nulo de pleno dereito*. Formulámolo na xunta de voceiros e informóusenos de que o trouxeram por urxencia e este é o motivo polo que traemos a urxencia. A urxencia está en que é o primeiro Pleno que temos dende o coñecemento do informe de Secretaría.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións, en relación coa xustificación da urxencia da moción:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: si, simplemente dicir que nós, seguindo a liña que sempre defendemos de que todo tipo de cuestións se deben tratar neste Plenario, independentemente de que quen as formule, pois loxicamente vamos a votar a favor da urxencia.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: si, grazas presidente. A nosa opinión sobre estes temas formulados por urxencia é clara e de sobra coñecida. Entendemos que a urxencia non está por ningún lado. En todo caso ao marxe diso xa adianto que nós respectamos sempre –como non podería ser doutro xeito- os informes dos técnicos, pero neste caso discrepamos do señor secretario xeral e polo tanto, primeiro, non entendemos que este sexa un asunto urxente para tratalo agora, e adiántolle xa cal será a nosa posición. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a urxencia do asunto, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

- Presidencia: mes de setembro de 2017 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de setembro de 2017 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincia I: mes de setembro de 2017 e 1º adicional de agosto de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de setembro de 2017 e do 1º adicional de agosto de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Sr. presidente: non consta que se formulase ningunha pregunta por escrito. Ten a palabra o BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas Sr. presidente. Unha única cuestión que ten que ver coa prevista exposición dos suevos que coñecemos hai pouco. Parece ser que hai algún problema na licitación do traslado das pezas que veñen desde o resto da península, entón gustaríanos saber como vai afectar isto ao inicio e desenvolvemento da exposición e cal vai ser a fórmula que van aplicar para resolver esta cuestión. Moitas grazas.

Sr. presidente: moi ben. Contestareille por escrito. ¿Máis cuestións?. Si.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: Bo día a todos e a todas. Primeira pregunta que le quero facer Sr. presidente é con respecto a algo que xa teño reiterado en numerosas ocasións neste plenario, e que polo que se ve non se solventa. Poderá dicirme algún día cando pensan, ou como pensan, arranxar a estrada que vai desde Leiro a Berán. Non será que non se leva Isto xa é unha pregunta que, a maiores, non será que non se leva tan ben co alcalde de Leiro. Dígoo porque en numerosas ocasións como ten dito íase arranxar e está sen arranxar. Non se sei se o sabe. Esta é a primeira das preguntas que lle fago. Fágolle un rogo tamén, a colación de algo que saíu hoxe e que me parece, e non teño por que deixar de crer nas palabras do deputado do que dixó, do señor Pablo Pérez. Porque a min me consta, que o que se refire ao meu concello, porque si o facemos por escrito e si enviamos esas peticións por escrito, pero si que me gustaría, fágolle ese rogo, que me faga chegar o listado por esa rigorosa orde de entrada que teñen todos os concellos coas peticións da maquinaria pertinente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

a esta Deputación. Dígoo porque eu non dubido do que dixo o señor deputado, volvo dicilo, pero si dubido de que ao mellor a todos os que se lles enviaba a maquinaria teñan esas peticións feitas por escrito, cousa que, desde logo, non estaría ben. Despois, varias preguntas que lle vou facer sobre un mesmo tema e que acostumo, xa o dixen nas comisións, o repito aquí, e o dixen onte na sesión plenaria do concello que presido. Alí non son oposición, senón que son goberno, e aínda así manteño a mesma postura desde hai moito tempo. A realidade da política forestal é unha e é que é errónea e diso temos que darnos conta todos, todos, e polo tanto iso non é ningunha cuestión para botarse en cara uns aos outros, xa o teño dito moitas veces e en moitas ocasións. Paréceme tan lamentable dicir que a política forestal é válida como tamén despois botarlle en cara ao rival político que non fai as cousas. Pero iso desde logo quen o fixo, e quen primeiro deu na tecla de facer demagogia e de facer as cuestións que aquí se nomearon antes, desde logo é o presidente da Xunta, que hoxe o segue sendo, polo tanto non fagamos agora como quen que non sabemos quen o fixo. Naquel momento dixen que non se podía facer, porque xa estaba no concello, sígoo dicindo agora e o direi cando estea outro presidente. O que si hai que mudar é a política forestal, e niso, supoño, que estarán de acordo vostedes. Agora, o que eu escoitei aquí hoxe me parece lamentable, porque ademais de todo isto que estou a dicir, se criminaliza aos alcaldes, si, si, non lle dea á cabeza, e voulle explicar por que. Vostedes, o que fixeron hoxe aquí é incendiar inda encima un debate que se supoñía que ía ser un debate para presentar propostas, como dixen antes, que nada teñen que ver coa política que se debe facer neste eido. Agora ben, a min me van respostar algunhas preguntas que se fixeron aquí. Supoño que non, porque non o fan habitualmente, pero é que eu dende logo o que si vou defender é o honor dun alcalde que non está aquí para defenderse e do cal se dixeron cousas que non son certas. E non son certas por unha razón, porque eu si as podo corroborar porque eu estiven con ese alcalde toda esa noite, ata as oito da mañá, nunha situación lamentable. E non lles conto a vostedes o que é máis lamentable aínda, recibir aos veciños que non sabían por onde ían tirar nese momento. Iso non é demagogia, iso é unha realidade que eu vivín, e que foi o peor día, o dixen nas declaracións esa noite, botándolle a culpa a quen prendía os lumes. Hai declaracións miñas nunha radio a nivel nacional. Pero iso non significa que despois, os que teñen a capacidade de intentar arranxar isto boten as culpas, volvo dicir, aos alcaldes. E dito isto por unha razón, aquí se dixeron cousas moi graves, e o culpable non é quen as dixo ¡ollo! Porque o que as dixo non deixa de ser o *correvedile*, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

dígoos con todos os respectos, do señor que ten a responsabilidade desta institución, que é o señor presidente. Que é o que tiña que ter actuado nese concello e o que tiña que ter actuado cos veciños dese concello, e falo de Carballeda de Avia, por non dicir outros. Pero é que de Carballeda de Avia dende logo hai unha cuestión que é de traca. Primeiro, dise aquí, e o dixo o señor Pablo Pérez, que volvo dicir, non é o responsable último, porque o responsable é aquel señor, primeiro se di que se lle ofrece axuda ao alcalde nunha reunión da FEGAMP, que en todo caso a min o alcalde me traslada que non é verdade porque se *había ido* desa reunión xa, si, si, que se *había ido* desa reunión xa, eu dende logo como non estaba alí non o podo corroborar, pero si creo nas cousas que me di un compañeiro, dende logo, da miña comarca. Agora ben, aínda que fose así, dito isto, en cuestións prácticas, vostede di que lle prestaron axuda o día 18, que é cando tiveron esa reunión, claro, o día 16 xa choveu, por poñerlle un exemplo. O que había que prestar axuda é esa noite aquel señor, por medio desta Deputación, ou, se non se pode, Pablo, como lle dixen na comisión, que ninguén di que non e que non sexa así, coincidirá comigo que ao día seguinte, cando menos, teñen que poñerse a disposición dos veciños e veciñas, ao día seguinte, chamando ao alcalde, que non custa nada. E Plácido, autonomía municipal, non é cuestión de que só chame o alcalde de *turno*. Ese señor (sinalando ao presidente), para o que lle convén ven de seguido. Polo tanto non me vale esa desculpa tampouco, e chama aos que lle interesa e aos que non lle interesa non. Os veciños e os alcaldes nesta situación non teñen color, ou non deberían, como para min non tivo o alcalde de Melón, con todas as discrepancias que hai, que esa noite eu tamén estaba alí, antes de estar en Carballeda, cos medios dos que dispoñemos desde o Concello de Ribadavia, e eu tamén, por suposto. Pero dito isto, aí vai a pregunta, varias preguntas ¿é verdade que nesa reunión, despois esta casa ten un escrito da FEGAMP recriminando a actitude do presidente desta casa na vaga dos lumes? ¿é verdade que hai un escrito da FEGAMP? Pregunto, non o sei, pregunto. Si si, ao mellor vostede non o sabe, a min me transmiten que hai iso, que se acordou iso. Outra cousa que me preocupa e que se dixo aquí. Mire, vostede di que hai un escrito, por iso isto é un rogo non é unha pregunta, que hai escritos dos veciños de Carballeda, concretamente das parroquias, por certo onde algúns estivemos alí axudando a que non arderan as casas, que arderon finalmente, que hai escritos dos veciños, que me parece moi ben. Eu o rogo é que nos traslade, ou que me traslade, eses escritos, para saber quen son eses veciños e para saber cales son esas peticións. En todo caso, señor Pablo, vostede coincidirá comigo que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

independentemente de que o fixeran os veciños vostede a axuda lla terá que trasladar ao concellos antes que aos veciños. Porque supoño que o concello terá a ben que esas axudas vaian destinadas aos veciños, pero evidentemente vostede non pode obviar ao alcalde de Carballeda para trasladarlles unhas axudas a uns veciños, que lexitimamente as piden, pero que terán que ser coordinadas polo alcalde de cada municipio, e vostede, polo que vin, non o fixo así, polo que acaba de dicir anteriormente. Porque ¿esas axudas por escrito llas trasladou ao alcalde de Carballeda? Pregunto ¿fixérono? Non, polo tanto vostede non se escuse nos veciños. Esta é unha mala práctica.

Outra cuestión que é a seguinte: vostede acaba de dicir hai un rato (mire vostede como fan, cando lle convén din unha cousa e logo a seguinte) vostede acaba de dicir que no tema da auga (por exemplo do que se acaba de falar) falaron cos concellos e que os concellos son os encargados, digamos, de liderar en cada sitio esa cuestión. Por suposto que si, pero é que alí tamén hai unha comisión de veciños, no tema da auga de Punxín, San Amaro e demais, pero aí, como lles interesa, falan do concello, e en Carballeda, como non lles interesa, falan dos veciños e non falan co concello. Pois esa é unha contradición. Polo tanto a min, e volvo repetir o mesmo, me parece lamentable que se utilice esta cuestión para iso, e hoxe o fixeron vostedes aquí. E remato, estou eu errado, e tamén fago unha pregunta, ou realmente nesta casa houbo algún representante?. Porque a min me indigna e non vou ser eu quen diga que non a un minuto de silencio, pero me indigna que se utilicen esas cuestións nese sentido. E dito isto como rogo tamén, cando se produza un minuto de silencio, ou calquera outra cousa nesta casa, o mínimo decoro que hai que ter institucional, como facemos os demais, é que se fale cos grupos para ter ese minuto de silencio, se é mester telo, e non utilízalo por parte dun grupo que por certo, e díganme vostedes se me equivoco, non apareceron, como se dixo anteriormente, nese enterro, ningún representante institucional desta casa, cando todas as outras administracións (subdelegado do goberno, delegada do goberno na Xunta ..) si estaban alí porque eu os vin, non vin a ningún representante da Deputación, polo tanto o rogo segue sendo ese, que polo menos non utilicen ás persoas nese sentido. Moitas grazas.

Sr. presidente: ¿algunha cuestión máis? Entón levantamos a sesión. Moitísimas grazas e bos días.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de outubro de 2017

E, ás 14.20 horas do día vinte e sete de outubro do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,